¹⁵ Obsérvese o sutil emprego da *captatio benevolentiae* a través dun adxectivo. Aínda que non é este o único parágrafo gozziano que contén un eloxio do público, non sempre se mostra o conde tan amable cos espectadores, cuxas capacidades críticas discute en moitas ocasións. Vexamos un exemplo, entre os moitos posibles, do que se deduce que, en opinión de Gozzi, o público é incapaz de apreciar a calidade dunha obra teatral: «... converrà, Fegejo [= Goldoni], porre in sodo, che quanto più la commedia è cattiva più universalmente piace...» (Gozzi, Carlo, *Scrittura contestativa al taglio della Tartana*, in Bajini, Sandro (a cura di), *La guerra dei due Carli: con la «Scrittura contestativa al taglio della Tartana» e «Il teatro comico all'osteria del Pellegrino»*, Vicenza, Teatro Olimpico, 2000, pp. 63-144: 97).

argumento¹⁶. Aqueles que me desprezan, cos seus raros¹⁷ talentos, se tivesen entre as mans un tan bo argumento farían unha famosísima e exitosísima obra, e moito mellor que a miña¹⁸. Aceptémolo.

Coa sinxeleza deste ridículo conto, sen feitizos nin transformacións, tentei acabar cun razoamento sobre a importancia das transformacións que non me gustaba, aínda que vise que nada tiña que ver coa realidade.

As transformacións, en xeral aflitivas¹⁹, que incluíñ nos meus contos²⁰, non son máis que a materialización dunhas circunstancias —preparadas, elaboradas e deseñadas moito antes das transformacións²¹— que tiveron sempre a forza de manter os ánimos atrapados e atentos durante todo o tempo que quixen, e de telos nun engano ben debuxado ata o momento das mesmas transformacións.

Este obxectivo, perseguido con todo o esforzo do meu débil enxeño, foi comprendido optimamente polos máis perspicaces e, se os torpes aldraxadores observasen soamente a decadencia en que caeron, despois dos meus ineptos contos, todas as habituais bufonadas maravillosas das comedias da arte²², teríanse decatado desta realidade sen necesidade de utilizaren un talento que non teñen ou que usan só para as súas vulgares maldades²³.

¹⁶ Unha actitude sería parece ser contraditoria cun argumento inverosímil.

¹⁷ Raros porque infrecuentes: sería unha cualificación positiva, de non se tratar dunha ironía.

¹⁸ Continúa a ironía.

¹⁹ É dicir, que servían só para empeorar as circunstancias e non para resolver feliz e inverosimilmente a trama.

²⁰ Enténdase nos seus 'contos teatrais' (*fiabe* ou *fole teatrali*).

²¹ É dicir, a utilización de transformacións (recursos de carácter máxico e, xa que logo, inverosímiles) non foi nunca arbitraria, senón que era o resultado natural a que conducían as circunstancias en que se desenvolvían os 'contos teatrais'. Téñase en conta que Gozzi escribe este prefacio anos despois (moi probablemente en 1771 ou 1772) de ter escritas e ver representadas as súas devanditas dez *fiabe teatrali*.

²² *Commedie dell'arte*.

²³ O autor afirma que non introduce arbitrariamente os recursos da comedia da arte, que el utiliza nos seus 'contos teatrais', coma na tradicional forma dramática italiana (para buscar un humorismo fácil ou marabillar o público), senón no momento en que o require o desenvolvemento dos acontecementos. Por esta razón asevera que as súas creacións aceleraron a decadencia daquelas obras que utilizaban arbitrariamente estes recursos. «Per quanto ciò possa apparire contrario alle intenzioni programmatiche del Gozzi che dichiara di voler risollevere con le sue fiabe le sorti dello spettacolo all'improvviso, l'autore sostiene qui di avere provocato con il suo lavoro drammaturgico la decadenza delle "solite diavolerie mirabili delle commedie dell'arte". Ciò risponde a verità, almeno in quanto il Gozzi, a partire dal *Corvo*, scrive per esteso i suoi testi teatrali, lasciando in essi una parte assai ridotta per l'improvvisazione da parte delle maschere, e ottenendo in tal modo il duplice risultato di mantenere viva (sia pure artificialmente) la tradizione, eliminandone gli aspetti più banali e triviali.» (Bosisio, p. 306).

O conto de Turandot, princesa chinesa, montado en función daquelas situacións imposibles que se verán, que, con pouca presenza das estupendas máscaras e sen o máxico maravilloso de aparicións e transformacións, foi estreado en Venecia pola compañía Sacchi²⁴ en San Samuel²⁵ o día 22 de xaneiro de 1761²⁶, e que foi repetido durante sete noites consecutivas con cheo total de amabilísimo público e con aplauso, cortou significativamente os precedentes razoamentos²⁷.

Non morreu despois de nacer esta fantasiosa obra escénica. Representábase aínda hoxe²⁸ todos os anos co bo resultado que é a única razón da cólera dos seus contistas²⁹ inimigos.

²⁴ A compañía dirixida por Antonio Sacchi, ou Sacco, que tamén interpretaba o papel de Truffaldino (ao respecto véxase a sección *A estrea da Introducción*).

²⁵ É dicir, o teatro sito na parroquia de San Samuel.

²⁶ A data está indicada seguindo o calendario veneciano (*more veneto, m. v.*), segundo o cal o ano comezaba o 1 de marzo, polo que se produce un desfase respecto ao calendario gregoriano de un ano nos meses de xaneiro e febreiro. É dicir, as datas dende o 1 de marzo ao 31 de decembro coinciden en ambos os dous calendarios; para as datas dos meses de xaneiro e febreiro hai que sumar un ao número de ano *m. v.* para obter a correspondente no calendario gregoriano. A data que ofrece Gozzi, xa que logo, correspóndese co 22 de xaneiro de 1762 do calendario vixente en Occidente.

²⁷ A sintaxe de Gozzi en moitas ocasións é moi complexa, chegando en máis dun caso ao anacoluto (o que non facilita, obviamente, o labor de tradución).

²⁸ Este prefacio foi escrito para a *princeps* do texto, na edición Colombani (*Opere del Co: Carlo Gozzi*, Venecia, Paolo Colombani, 1772-1774, 8 vols., vol. I, pp. 213-321). *Turandot* foi publicado no primeiro volume en 1772, é dicir, aproximadamente dez anos despois da súa estrea. O parágrafo mantense no volume II (p. 7) da edición Zanardi (*Opere edite ed inedite del Co. Carlo Gozzi*, Venezia, Giacomo Zanardi, 1801-1803, 14 vols., vol. II, pp. 3-108) do ano 1801. Sobre as edicións das súas obras realizadas por Gozzi, particularmente sobre a Colombani, *vid.* Gutiérrez Carou, Javier, «L'edizione Colombani delle opere di Carlo Gozzi», *La Bibliofilia*, CVII/1, 2005, pp. 43-68; Id., «Ancora sull'edizione Colombani delle opere di Carlo Gozzi: alcune precisazioni», *La Bibliofilia*, CVII/2, 2005, pp. 171-173; e Scannapieco, Anna, *Carlo Gozzi: la scena del libro*, Venezia, Marsilio, 2006.

²⁹ Xogo de palabras co termo «conto teatral». Se *Turandot* é un conto teatral ridículo, como se di máis arriba, o feito de chamar contistas aos seus detractores é un xeito de dicir deles que tamén son ridículos.

PERSONAXES³⁰

Turandot³¹, princesa chinesa filla de
 Altoum, emperador de China
 Adelma, princesa tártara, escrava favorita de Turandot
 Zelima, outra escrava de Turandot
 Schirina³², nai de Zelima, dona de
 Barach, co nome de Assán³³, antes aio de
 Calaf, príncipe dos tártaros nogais³⁴, fillo de
 Timur, rei de Astracán³⁵
 Ismael, antes aio do príncipe de Samarcanda³⁶
 Pantalón, secretario de Altoum
 Tartaglia³⁷, gran chanceler
 Brighella, mestre dos paxes
 Truffaldino, xefe dos eunucos do serrallo³⁸ de Turandot
 Oito doutores chineses do Diván³⁹
 Moitas escravas ao servizo do harén
 Moitos eunucos
 Un verdugo
 Soldados

(A escena desenvólvese en Pekín e a súa bisbarra.)

(O vestiario de todos os personaxes é chinés, excepto o de Adelma, Calaf e Timur, que será tártaro.)

³⁰ Véxase a sección *A estrea* da *Introdución*.

³¹ Turandot, en persa *Túrân-Dokht*, significa 'a rapaza do Turán', nome da Rusia asiática e a China nese idioma (Perrone, p. 11; Bosisio 223).

³² Metricamente consideramos o nome trisílabo (coma en italiano: Schi-ri-na), posto que o *s*-impuro, carente de apoio vocálico, non pode formar unha sílaba por si mesmo. Lémbrese que, con grafía galega, o nome do personaxe lese 'Squirina'.

³³ Galeguizamos os nomes de *Ismaele* (Ismael) e *Pantalone* (Pantalón), e engadimos o til ao de *Assan* (Assán; mais non un delbeache inicial para evitar a ambigüidade dunha inexistente pronuncia aspirada). Mantemos as formas orixinais dos nomes dos outros personaxes (aqueles imaxinariamente asiáticos porque soan tan exóticos en italiano coma en galego). Dos nomes das 'máscaras' da comedia da arte presentes en *Turandot* só galeguizamos a máis coñecida na tradición galega e ibérica, Pantalón (que podería ser tamén Pantaleón, aínda que, dado que non está clara a etimoloxía do nome do personaxe veneciano, preferimos só unha adaptación fonética do nome),

respectando as formas italianas das restantes. Téñase en conta que Turandot, Altoum, Barach, Calaf e Timur son palabras oxítonas. Para aqueles lectores pouco familiarizados coa grafía e a fonética italianas, permitásenos indicar unha pronunciación aproximada dos nomes *Brighella* e *Tartaglia* utilizando o sistema gráfico galego: léanse, respectivamente, Briguela e Tartalla.

³⁴ Os nogais (cuxo nome deriva do de Nogai, fillo de Xenxis-Kan) eran un pobo de lingua turca, descendente de tribos mongolas e tártaras, que habitaba entre o Don e o Caspio.

³⁵ Cidade rusa situada nunha das illas do delta do Volga.

³⁶ Antiga capital do imperio mongol.

³⁷ Lémbrese que a característica esencial deste personaxe é tatexar.

³⁸ Serrallo, harén («Il "serraglio" è l'intero palazzo del sultano, non la parte riservata agli appartamenti delle donne, ma è una 'svista' comune all'epoca»; Giovannuzzi, p. 96).

³⁹ Consello de Estado do imperio turco e dalgúns países árabes. Gozzi utiliza o termo, por extensión, para indicar o máis alto consello do kan.

ACTO PRIMEIRO

(Vista dunha porta da cidade de Pekín sobre a que haberá chantadas moitas hastas de ferro e nelas cravados algúns cranios rapados cunha guedella ao xeito turco.)

ESCENA I⁴⁰

(Calaf, despois Barach.)

- 1 CALAF – *(Saíndo por un lado)* Unha ánima xentil aquí en Pekín tampouco me faltou.
- 2 BARACH – *(Saíndo por un lado)* Meu Deus, que vexo! O príncipe Calaf! E aínda vivo?
- 3 CALAF – *(Sorprendido)* Barach!
- 4 BARACH – Señor...
- 5 CALAF – Ti aquí!
- 6 BARACH – Vós aquí, vivo!
- 7 CALAF – Cala! Non me descubras, por piedade. Como é que estás aquí?
- 8 BARACH – Tras a derrota das vosas desafortunadas tropas onda Astracán, ao ver fuxir vencidos os nogais, e o bárbaro e cruel sultán

⁴⁰ Esta longuíssima escena presenta, a través dunha sucesión de monólogos (non se confundan con soliloquios) de Barach e Calaf, os feitos necesarios para poder comprender o desenvolvemento posterior da acción presentado ante o público. A súa duración e o carácter narrativo das intervencións fan da escena unha sección pesada, estática e fortemente antiteatral

de Carizmo⁴¹ feroz, usurpador
do voso reino, vitoriosamente
todo arrasando, en Astracán, ferido,
busquei refuxio. Alí puiden saber
que o rei Timur, o voso pai, e vós,
na loita morrerades, e chorei.
Corrín á corte por salvar a Elmaze,
a vosa infeliz nai, mais en van busco.
Xa o furibundo sultán de Carizmo
sen atopar oposición entraba
en Astracán cos seus. Desesperado
da cidade fuxín. Vagando andei
varios meses. Tras chegar a Pekín,
co falso nome de Assán, nado en Persia,
atopei unha viúva muller,
de opresión colma, desafortunada,
cuxa situación puiden mellorar
vendendo algunhas xemas que eu levaba
e con consellos. Pareceume digna,
ela mostrouse grata e miña dona
acceptou ser. A miña dona mesma
non me chama Barach, senón Assán
e creme persa. Aquí dos seus bens vivo,
pobre se miro atrás⁴², mais con fortuna
neste mesmo momento no que vexo
o príncipe Calaf vivo, meu fillo
case, por quen chorei dándoo por morto.
Mais, como vivo e como aquí en Pekín?

9 CALAF –

Non digas o meu nome. O infausto día,
tras a loita, en Astracán, con meu pai
corrín á corte, fixen un atado

⁴¹ Quizais Kokand, cidade de Uzbekistán.

⁴² Ao seu pasado como aio de Calaf na corte de Timur.

cunhas xemas e con Timur e Elmaze,
 os meus pais, moi vilmente disfrazados,
 sen perder un minuto deime á fuga.
 Por desertos e por agrestes montes
 agachados iamos. Ouh, Barach,
 cantas miserias e padecementos!
 Algúns crueis malfeitores onda o Cáucaso⁴³
 roubáronnolo todo e o noso pranto
 puido só conservarnos a existencia.
 Coa fame e a sede, todo sufrimento
 nos era compañeiro. O vello pai
 moitas veces carguei nos meus ombreiros⁴⁴,
 outras a miña doce nai; e así
 seguíamos a viaxe. Moitas⁴⁵ veces
 contiven o meu pai desesperado
 que darse morte desexaba, e outras
 loitei por darlle vida á miña nai,
 desmaiada pola dor e esgotada.
 A Iaich⁴⁶ chegamos finalmente un día.
 Alí, chorando, eu mesmo, das mesquitas
 ás portas, unha esmola suplicaba.
 Nas tendas e nas rúas eu buscaba
 pequenas moediñas e codelos
 con que manter os meus míseros pais.
 A miña desventura escoita. O bárbaro
 e cruel sultán de Carizmo, non pago
 das voces que por mortos xa nos daban,

⁴³ «monte Caucaseo» no orixinal. Gozzi interpreta que o nome da cordilleira indica en realidade unha soa montaña.

⁴⁴ Segundo Giovannuzzi (p. 98), a imaxe derivaría directamente da de Eneas fuxindo de Troia co pai ás costas (Virxilio, *Eneida*, II, vv. 699 e seguintes).

⁴⁵ En realidade, no orixinal lese «cen veces»: é unha cifra hiperbólico-simbólica para indicar 'en moitísimas ocasións'.

⁴⁶ Cidade ao suroeste dos Urais (Perrone, p. 166).

non atopando os nosos pobres corpos,
 recompensas ofrece polas nosas
 testas. Manda aos reis cartas con sinais
 e descrições nosas, pedindo en todas
 que se lle envíen as nosas cabezas.
 Ben sabes ti canto todos o temen;
 que un monarca en desgraza é infortunado
 máis ca un vilán, se cae na sospeita;
 e o moito que a razón de estado conta.
 Por unha circunstancia casual souben
 que o monarca de Iaich pola cidade,
 en gran segredo, mandara buscarnos.
 Veloz fun onda os meus proxenitores,
 animeinos á fuga. Chora o pai,
 chora a nai-ciña, nos brazos da morte
 caer desexan. Que ímproba fatiga
 é as almas acougar desesperadas,
 pregándolles, lembrándolles do ceo
 os secretos designios! Si, fuximos,
 e nova angustia e nova fame e nova
 dor sen pausa sufrindo...

10 BARACH –

Aí, meu señor,
 calade, que o meu corazón estoupa!
 En tal estado verse o meu monarca
 coa dona e co seu fillo! Unha familia
 real, clemente, valorosa, sabia,
 en tal necesidade! O meu rei vive⁴⁷?
 E a súa esposa?

⁴⁷ Segundo Giovannuzzi (p. 100), o paso sería cita directa das palabras de Cavalcante de' Cavalcanti cando pregunta polo seu fillo (Guido Cavalcanti): «non viv'elli ancora?» (Dante, *Divina Commedia: Inferno*, X, 68).

Si, meu fiel Barach,
os dous viven. Permite que che conte
a que tribulacións todos os homes
sometidos se ven. Unha alma forte
todo debe sufrir. Debe lembrar
sempre que un rei non é nada ante os deuses,
que só moita constancia e obediencia
ás leis dos ceos virtude demostran⁴⁸.
No pazo do monarca carazano⁴⁹
as máis baixas tarefas realicei
para manter os pais. Adelma, filla
de Queicobad, dos carazanos xefe,
tiña por min piedade, e poder creo
afirmar que sentía por min algo
máis ca piedade. Coas súas miradas
descubrir parecía que eu non era
quen semellaba ser. O seu pai guerra
declarou, mais non sei por cal motivo,
a Altoum, gran kan, monarca aquí en Pekín.
Os contos que corrían entre o vulgo
pola guerra eran necios⁵⁰ e só souben

⁴⁸ A través de Calaf, modelo de personaxe positivo, escóitase en moitas ocasións a ‘voz’ de Carlo Gozzi, quen nesta intervención defende a fe e a resignación ante os designios divinos (*vid.*, na conclusión da obra, V, II, 480).

⁴⁹ A denominación do pobo carazano substitúe a de «catalans» que aparece na fonte pérsico-francesa (*Histoire du prince Calaf et de la princesse de la Chine*) do texto gozziano. Era o pobo gobernado por Kaycobad, pai da princesa convertida en escrava Adelmulk: «Ah! princesse infortunée [Adelmulk] [...] vous auriez été plus heureuse si vous eussiez achevé votre destin le jour qui vit périr le malheureux Kaycobad, le kan des Catalans votre père, et toute votre famille.» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebag), *op. cit.*, p. 265). A pesar da homonimia, nada ten que ver este pobo co que habita a zona nororiental da Península Ibérica (non é de debotar que, precisamente para evitar unha confusión deste tipo e engadir exotismo ao texto, Gozzi modificase a denominación do pobo). O cambio de nome debeu producirse no proceso de revisión do texto, pois nunha das primeiras versións da obra conservada no manuscrito Fondo Gozzi 3.5/2 pódese ler varias veces «catalani». Así, por exemplo: «Adel. Grazie ti rendo. Di Cheicobad | De’ Catalani Rè, tra lacci indegni | Di schiaviti, miri la figlia Adelma» (F. G. 3.5/2, 34r).

⁵⁰ Máis adiante saberase que a causa da guerra fora a morte do príncipe, fillo de Queicobad e, xa que logo, irmán de Adelma, ao non ser quen de resolver os enigmas de Turandot. Calaf, inicialmente, non dará creto a estas explicacións (I, I, 21); posteriormente, cando a historia lle sexa narrada por Adelma, creraas (IV, IX, 396 e seguintes).

por certo que o monarca Queicobad
vencido foi, que toda a súa estirpe
faleceu e que a mesma filla, Adelma⁵¹,
nun río pereceu. Iso se dixo.
Fuximos tamén nós daquelas terras
por fuxir das matanzas e da guerra.
Con grandes sufrimentos alcanzamos
a cidade de Berlas⁵². Máis dicir debo?
Non te asombres. Durante varios anos
alimentei os meus proxenitores
ao prezo vil de cargar caixas, sacos
e grandes pesos sobre os meus ombreiros.

12 BARACH –

Basta, señor, non máis. Xa que vos vexo
con rexias vestiduras, as desgrazas
queiramos esquecer e, como a vosa
sorte cambiou, queirádesme dicir.

13 CALAF –

Cambiar? Escóitame. Un gabián perdeu
o emperador de Berlas, Alinguer,
que en moito valoraba. Captureino
e devolvínlllo. Preguntoume logo
por min, mais eu celei a identidade.
Dixen que era un pobriño que mantiña
os seus anciáns pais carrexando pesos.
O emperador mandou que os meus pais fosen
levados a un asilo, e mais deu orde
que fosen ben tratados e con vida
mantidos naquel lar de desgrazados.

⁵¹ Calaf cre morta a Adelma, quen, en realidade, foi feita prisioneira e agora é escrava do harén de Turandot, como se conta en IV, IX, 398.

⁵² En realidade, denominación dunha tribo que habitaba unha zona non afastada de Iaich (Giovannuzzi, p. 101).

(*Chorando*) Barach, alí... o teu rei, si... e a
raíña...

Os meus pais viven sempre alí co medo
de que os descubran e lles dean morte.

14 BARACH – (*Chorando*) Oh, deus! Que estou a oír?

15 CALAF – O emperador
entregoume esta bolsa, (*saca do peito unha
bolsa*) cun cabalo
e ricas vestimentas. Aflixido
abrazo os pais e dígolles: «eu marcho
buscar fortuna. Ou esta vida perdo,
ou de min esperade grandes cousas,
pois non soporto vervos neste estado.»
Reterme desexaban, ou seguirme,
e o ceo queira que de alí non marchen
na procura do fillo que tanto aman.
Lonxe daquel tirano de Carizmo
aquí a Pekín cheguei e do gran kan
quero ser soldado cun falso nome.
Se me van ben as cousas, se a fortuna
me axuda, aínda poderei vingarme.
Por non sei cal cerimonia, Pekín
de forasteiros chea está, e non puiden
dar cun aloxamento. Aquí unha muller
aceptou acollerme. O meu cabalo
tomou...

16 BARACH – É a miña dona, maxestade.

17 CALAF – A túa dona! Es moi afortunado
ao posuí⁵³ unha muller así.

⁵³ O verbo que utiliza Gozzi é exactamente «posuír» (*possedere*).

(*En actitude de marchar*) Barach, eu hei volver. Nesta cidade
ver desexo esta rara cerimonia
que tanta xente xunta. Ante o gran kan
preséntome despois para pedirlle
poder loitar no seu exército. (*Vai cara á porta
da cidade*)

18 BARACH –

Alto!

De contemplar un atroz espectáculo
o desexo freade, pois chegastes
a un horrendo teatro de crueldade
nunca antes vista.

19 CALAF –

Que? Cóntamo todo!

20 BARACH –

Ignorades entón que Turandot,
filla única de Altoum, o emperador,
tan bela coma cruel, aquí na China
é motivo de loitos e de choros?

21 CALAF –

Mentres estiven entre os carazanos
algo escoitei. Diciase que o fillo
do seu rei, Queicobad, aquí morrera
de estraño xeito, e que este era o motivo
polo que contra Altoum marchaba á guerra.
Mais o vulgo, querendo coñecer
os segredos de estado, inventa cousas
que provocan o riso dos sensatos⁵⁴.
Conta, Barach.

⁵⁴ A mensaxe subxacente nesta intervención é de gran importancia para a comprensión da ideoloxía sociopolítica de Gozzi: os súbditos deben someterse ás decisións dos seus soberanos sen cuestionalas, aínda que lles parezan inxustas, pois carecen de elementos de xuízo suficientes para comprendelas. Trátase dunha idea similar á que Gozzi ten sobre a relación entre o home e a divindade (V, II, 480).

22 BARACH –

Do kan Altoum, a filla
Turandot, de beleza inimitable
mesmo para o mellor pintor, de fonda
perspicacia mental, de quen retratos
moitos andan xirando polas cortes,
é de tan cruel carácter e contraria
tanto aos homes que moitos reis pediron
inutilmente a súa man.

23 CALAF –

O vello
conto que tanta risa me causou
este é⁵⁵. Sigue.

24 BARACH –

Andrómenas non son.
O pai quixo casala varias veces,
pois ela ha recibir o vasto imperio,
cun príncipe que saiba do goberno.
Rexeitouno ela sempre con soberbia,
e o pai, que a quere máis cá súa vida,
non foi quen de casala pola forza.
A miúdo houbo guerra por mor dela
e, aínda que venceu o gran kan sempre
os inimigos, el vai xa moi vello
e un día con palabras decididas
e reflexións á súa filla dixo:
«Pensa en casar ou dáme algunha idea
para acabar coas guerras contra o reino:
eu son vello e con moitos soberanos
loitei por prometerterte e faltar logo,
polo amor teu, á palabra empeñada.

⁵⁵ A misoxinia do autor aparece reflectida nesta intervención de Calaf: é impensable, innatural, que unha muller rexeite o matrimonio (é dicir, non estea suxeita á potestade dun home), motivo polo cal a historia lle parece un conto.

Xa ves que xusta é a petición miña,
pois non me falta amor por ti. Ou casa
ou busca un xeito de acabar coas guerras
e despois vive, e morre, como queiras.»
Revolveuse a soberbia, moitas veces
tentou librarse da decisión. Súplicas
moitas lle fixo ao pai, mais foi inútil.
Aquela víbora⁵⁶ enfermou de rabia,
case morreu. Ao pai, moi compunxido
mais firme, fíxolle esta petición.
Desta muller horrenda ben escoitade
a maligna resposta.

25 CALAF –

Escoito o conto
que xa antes me facía rir dabondo.
Oe a ver se o sei ben. Ela un edicto
ao seu pai reclamou. Calquera príncipe
pedila podería por consorte,
mais cunha condición: ante o Diván,
ela, solemnemente, entre os doutores,
preguntaríalle por tres enigmas.
Se o príncipe era quen de resolvelos,
a súa man gañaría, e o reino
en herdanza, mais se non era capaz,
Altoum Kan, por sagrado xuramento
aos deuses seus, decapitar faría
ao pobre incauto que non resolvera
os enigmas da súa filla. Dime,
non é esta a fábula? Conta ti o resto,
que a min abúrreme.

⁵⁶ Non será esta a única ocasión en que Turandot será insultada a través da identificación cun animal.

26 BARACH –

Fábula! Conto!

Os ceos o quixesen! Rexeitouno
 o emperador, mais ela, cruel tigresa,
 finchada, algunha vez con garatuxas,
 outras morrer finxindo, dubidar
 fixo ao bo vello e ao final obtivo,
 do demasiado tenro pai, o edicto.
 Aducía: «Ninguén terá coraxe
 de exporse ao gran perigo, terei paz.
 Se ousa alguén, meu pai non terá culpa
 se manda executar un seu edicto
 publicado e xurado.» Este decreto
 xurado e difundido foi, e a min
 quen me dera poder dicir que é conto,
 que soños son da lei as consecuencias.

27 CALAF –

Creo, pois dilo ti, no tal edicto,
 mais, con toda a certeza, ningún príncipe
 terá aceptada a proba.

28 BARACH –

Ai non! Mirade.

(Sinala os cranios espetados nas murallas)
 Estas cabezas todas son de príncipes
 novos que se enfrontaron aos escuros
 enigmas da cruel, mais enfrontáronse
 para nada e morreron.

29 CALAF –

(Sorprendido)

Oh! Atroz vista!

Como tan necio pode ser un home
 para expor a cabeza por casar
 con tan bárbara moza⁵⁷?

⁵⁷ Calaf peca neste paso de soberbia: o castigo do seu pecado, case coma nun tipo de *contrappasso* dantesco, será caer na mesma «necidade» de que acusa aos outros príncipes (*vid.* tamén I, III, 47).

30 BARACH –

Non digades
iso, Calaf. Aquel que o seu retrato,
que vai de man en man, ve, unha
forza sente no peito tal que corre
cego á morte por ela.

31 CALAF –

Boh, un tolo!

32 BARACH –

Non, non, tamén os sabios. A afluencia
de xente hoxe a Pekín é porque a testa
perderá o príncipe de Samarcanda,
o máis fermoso e sabio rapazolo
que chegou á cidade. Altoum chora
pola xurada lei, e a inhumana
presume e goza.

(Ponse en actitude de escoitar. Óese o son lúgubre dun tambor destemperado)

Escoitade! Escoitade!

Este lúgubre son é o sinal triste
que segue ao golpe. Eu saín da cidade
para non velo.

33 CALAF –

Contas cousas raras,
Barach. Como é posible que unha moza
así, coma a princesa, fose nada
da natureza de piedade espida
e incapaz de sentir amor ningún?

34 BARACH –

Ten unha filla a miña dona, escrava
da princesa no harén, e conta cousas
algunhas veces á miña consorte
que semellan mentiras. Turandot
é unha fera, señor, mais a soberbia
e a ambición son os seus vicios primeiros.

- 35 CALAF — Leve o demo estes monstros malditos,
abominables monstros de natura,
seres humanos non⁵⁸. Se eu pai lle fose
morrería entre lapas⁵⁹.
- 36 BARACH — (*Olla cara á cidade*) Ismael
chega, era o aio do príncipe morto,
e o meu amigo. Vén chorando.

ESCENA II

(*Ismael e devanditos.*)

- 37 ISMAEL — (*Sae chorando da cidade*) Amigo,
xa me morreu o príncipe. Ai, golpe
fatal, por que sobre min non caíches? (*Chora
desconsoladamente*)
- 38 BARACH — Por que o deixaches expoñerse, amigo,
á proba no Diván⁶⁰?

⁵⁸ O comentario, fortemente misóxino, é unha dura crítica á muller independente que non acepta a submisión ao home (pai, marido ou irmán) e ás súas decisións. Esta ideoloxía, compartida polo autor, preséntase enmascarada ao ser debuxada Turandot coma unha moza cruel e desapiadada e, xa que logo, en certo modo merecente de castigo. Aínda que esta é unha actitude frecuente no século XVIII, algúns estudosos teñen sinalado que xa naquela época se estaban producindo algúns cambios: «A dimostrare che il sistema dei matrimoni combinati era ormai superato furono gli stessi interessati — specialmente le donne — richiedendo sempre più spesso, dalla metà del Settecento in poi, l'annullamento del loro matrimonio o la separazione da un marito che non avevano sposato per libera scelta» (Hunecke, Volker, «Essere Nobildonna nella Venezia del Sei e del Settecento», in Winter, Susanne (a cura di), *Donne a Venezia*, Roma - Venezia, Edizioni di Storia e Letteratura - Centro Tedesco di Studi Veneziani, 2004, pp. 133-156: 150).

⁵⁹ Enténdase: se eu fose o seu pai, castigaríaa facéndoa morrer queimada.

⁶⁰ O público comprobará máis adiante a inxustiza do reproche de Barach cando tampouco este persónaxe poida impedir que Calaf, de quen foi aio, afronte as probas de Turandot.

39 ISMAEL –

E aínda engades
á miña dor reproches? Ouh, Barach,
non falei eu. Se máis tempo tivese,
chamaba o pai. De tempo non dispuxen,
a razón non valeu e o aio é servo,
nun príncipe non manda. (*Chora*)

40 BARACH –

Dáte paz.
Axúdete filosofía⁶¹.

41 ISMAEL –

Paz!
Tíñame lei, e ata a derradeira hora
quíxome ao seu carón. As súas frases
eu levarei cravadas coma espiñas
indelebles no peito para sempre.
Dicíame: «Non chores, voluntario
morro, pois non terei nunca a cruel.
Preséntalle a meu pai, o rei, desculpas
por min, pois sen adeus dicir marchei.
Dille que o medo á súa oposición
me fixo ser desobediente fillo.
Móstralle este retrato. (*Saca do peito un retra-*
to) Cando vexa
desta altiva muller tanta beleza,
perdoarame, chorará contigo
o meu sino cruel.» Despois cen bicos
a esta maldita efixie lle lanzou;
tras isto o colo denudou e vin
(visión horrenda que aínda me turba)
saltar sangue, caer o peito, en man
do verdugo cruel a amada testa

⁶¹ Co significado de resignación (Perrone, p. 167).

do meu señor. Fuxín de dor enchido,
 desolado, cegado. (*Tira o retrato ao chan e
 tripa nel*) Oh, malditísimo,
 diabólico retrato, aí te quedes
 mesturado coa lama. Quen puidese
 tripar tamén contigo a Turandot!
 Que onda o meu rei te leve? Samarcanda
 nunca máis me verá. Chorando sempre
 deixarei nun deserto a miña vida. (*Parte tolean-
 do*)

ESCENA III

(*Barach e Calaf.*)

- 42 BARACH – Señor, oístes?
- 43 CALAF – Estou conmovido
 por todo o que escoitei. Como é posible
 que tanto poder poida este retrato
 posuír? (*Vai recoller o retrato; Barach reteno*)
- 44 BARACH – Oh, señor! Que ides facer?
- 45 CALAF – (*Sorrindo*) Recollo ese retrato. Ver desexo
 unha beleza tan inusitada. (*Tenta recoller o
 retrato; Barach reteno á forza*)
- 46 BARACH – Seríavos mellor fixar os ollos
 na tremenda faciana de Medusa⁶²!
 Non o permitirei.

⁶² Ser mitolóxico que convertía en pedra a quen ollaba.

- 47 CALAF – Que fas ti? Fóra! (*Rexéitao e recolle o retrato*) Se ti estás tolo, eu non. A fermosura dunha muller xamais nin un momento detivo a miña ollada, e no meu peito nunca deu penetrado. Barach, falo de muller viva: imaxina se catro trazos dun pintor poden afectarme, e tanto coma ti dis, no meu peito⁶³. Parvadas son, Barach. (*Suspirando*) A miña vida para amoríos non está. (*Dispónse a ollar o retrato. Barach impetuosamente pon unha man por riba impedíndolle velo*)
- 48 BARACH – Prégovolo,
cerrade os ollos...
- 49 CALAF – (*Empurrándoo*) Oféndesme, basta! (*Olla o retrato, fica sorprendido, despois aos poucos, con xestualidade axeitada*⁶⁴, *quedará fascinado por el*)
- 50 BARACH – (*Mortificado*) Mísero de min! Que infortunio é este?
- 51 CALAF – (*Atónito*) Barach, que vexo! Nesta doce efixie, nestes benignos ollos, neste peito o corazón tirano de que falas vivir non pode.
- 52 BARACH – Desgrazado! Que oio?

⁶³ Enténdase: nunca me sentín atraído por unha muller real, imaxina logo se un simple retrato podería ter sobre min o terrible efecto que ti dis.

⁶⁴ A tradución que ofrecemos do orixinal «con lazzi sostenuti», ven suxerida pola óptima paráfrase de Petronio (p. 254): «con un'azione mimica ben condotta».

Señor, máis bela é Turandot aínda.
 Ningún pintor a súa fermosura
 conseguiu reflectir: non quería
 agachar a verdade; mais ninguén
 podería tampouco describivos
 a ambición, a fachenda, os sentimentos
 crueis e perversos do seu peito inícuo.
 Afastade, oh señor, de vós distante
 a velenosa efixie. A vosa ollada
 a mortífera peste máis non beba
 da súa cruel beleza, suplicovolo.

53 CALAF –

*(Que durante todo o tempo non deixou de
 mirar para o retrato)*

Inutilmente tentas asustarme.
 Xentís pupilas, rosadas fazulas,
 sorrintes beizos! Oh, que venturoso
 quen de tantas belezas a harmonía
 viva e falante posuír puidese! *(Moi pensativo,
 despois resolto)*

Barach, non me descubras. A fortuna
 debo tentar. Ou a muller máis bela,
 xunto cun poderoso imperio, obteño,
 se resolver consigo as adiviñas,
 ou esta miña vida miserable,
 que non soporto máis, deixo. *(Mira o retrato)*
 Disposto estou, doce esperanza miña,
 vítima nova, a resolver enigmas.
 Ten piedade de min. Dime, Barach:
 ante o Diván, antes de perecer,
 poderei contemplar a imaxe viva
 de tan rara beleza?

(*Escoitarase un son lúgubre de tambor destemperado no interior dos muros da cidade pero máis cerca que a primeira vez. Calaf prestaralle atención. Verase alzar pola parte de dentro⁶⁵ sobre as murallas un horrible verdugo chinés cos brazos espidos e cheos de sangue que espetará a cabeza do príncipe de Samarcanda, despois retirarse.*)

54 BARACH –

Señor, antes

mirade tanto horror. Esa é a testa do príncipe infeliz, aínda quente, ensanguentada, e quen alí a espetará será o voso verdugo. Morte certa vos disuada. Resolver imposible é os enigmas daquela cruel dona. Horrenda á vista, a vosa amada testa, exemplo a outros loucos destemidos, onda ela⁶⁶ mañá se verá espetada. (*Chora*) (Ao *cranio*⁶⁷) Pobre rapaz, que invencible forza a acompañarte empúrrame? Barach: se xa me deches por morto, máis pranto, para que serve⁶⁸? Escoita, non reveles

55 CALAF –

⁶⁵ Lémbrese que Calaf e Barach falan fóra da cidade, diante das súas murallas. O verdugo, pola contra, está tras os muros.

⁶⁶ A «testa» do outro príncipe espetada un instante antes na muralla.

⁶⁷ Segundo Giovannuzzi (p. 110), o feito de que Calaf se dirixa ao cranio lembra directamente a escena de Hamlet en que o príncipe monologa coa caveira de Yorick (Shakespeare, *Hamlet*, V, 1). Non é claro canto puidese coñecer Gozzi a obra do dramaturgo inglés. De todos os xeitos, o veneciano ofrece unha visión del moi positiva, por exemplo, nunha súa longuísimisiva a Giuseppe Baretta datada 15 de setembro de 1776 (Gozzi, Carlo, *Lettere* (a cura di Fabio Soldini), Venezia, Regione del Veneto – Marsilio, 2004, pp. 105-125, carta 21). Ademais, entre os papeis do Fondo Gozzi, acaba de se atopar a tradución dun breve fragmento de *Romeo e Xulieta* entre os materiais preparatorios do 'conto teatral' *L'augellino belverde*, segundo anunciou recentemente Piermario Vescovo (sobre o coñecemento que Gozzi podía ter das linguas e literaturas estranxeiras *vid.* Gutiérrez Carou, Javier, «Don Chisciotte o il Solitario: la Spagna di Carlo Gozzi», en Winter, Susanne (a cura di, con la collaborazione di Monica Bandella), *Teatro Testo Trasformazioni. I drammi spagnoleschi di Carlo Gozzi*, Heidelberg, Winter, 2007 [no prelo]).

⁶⁸ É dicir: se xa me consideraches morto unha vez, e choraches, para que seguir a chorar agora?

o meu nome a ninguén. Quizais o ceo
 esta vez favorable queira serme
 para que os meus pais eu axudar poida.
 Se resolvo os enigmas, mostrareiche
 a miña gratitude. Adeus. (*Quere marchar;
 Barach reteno*)

56 BARACH –

Non, non...

Piedade... fillo... oh, deus!... Esposa, esposa,
 axúdame... ven... este amado amigo
 desexa aventurarse cos enigmas
 da cruel Turandot.

ESCENA IV

(*Schirina e devanditos.*)

57 SCHIRINA –

Por deus! Que escoito!

Non sodes vós o meu hóspede? Aos brazos
 da morte quen guía este doce neno?

58 CALAF –

Oh, piadosa muller, ao meu destino
 me chama esta beleza. (*Amosa o retrato*)

59 SCHIRINA –

Quen lle deu
 esa imaxe infernal? (*Chora*)

60 BARACH –

(*Chorando*)

Casualidade.

- 61 CALAF – *(Liberándose⁶⁹)* Assán, xentil muller, o meu
cabalo
con esta bolsa tende por regalo.
(Saca unha bolsa do peito e dálla a Schirina)
Nesta miseria nada máis posúo
con que mostrarvos o meu corazón.
Na miña axuda parte utilizade
facendo ofrendas aos deuses do ceo
e dando esmola aos pobres⁷⁰. Queiran todos
pregar por este pobre desgrazado. *(Entra na
cidade)*
- 62 BARACH – Señor... señor...
- 63 SCHIRINA – Fillo... fillo... detente...
Vans son os nosos berros. Assán, dime,
quen é aquel infeliz desventurado
que corre cara á morte?
- 64 BARACH – Non desexes
investigalo. Enxeño tal posúe
que de todo non desespero. Vamos.
Aos sacerdotes e aos necesitados
todo o ouro se lles dea para pregaren
aos ceos... Morto habémolo chorar! *(Entra na
casa desesperado)*
- 65 SCHIRINA – Non só estes cartos, mais todos aqueles
de que prescindir poida sexan dados

⁶⁹ Lémbrese que antes se indicou que Barach intentaba retelo (*vid.* didascalia final de I, v, 55).

⁷⁰ Aínda que en lóxica adecuación ao contexto Calaf é pagán, Gozzi preséntao revestido das virtudes que acompañarían un príncipe cristián (neste caso piedade e caridade). Deste xeito, o autor leva adiante a difusión da súa ideoloxía relixiosa e política, que non admite que sexan cuestionados os gobernantes, por definición (salvo casos excepcionais que se opoñen á vontade divina) xustos e bondadosos, posto que exercen o poder pola graza de Deus.

por el a pías obras. Debe ser
 un gran home polas nobres maneiras
 e o aspecto sublime. O meu esposo
 quérelle ben? Por el fágase todo⁷¹.
 Trescentos polos e outros tantos peixes⁷²
 ofrendados ao gran Berxingucino⁷³
 serán, e aos xenios⁷⁴ sacrificio grande
 de abundantes legumes e de arroz
 feito será. Que o gran Confucio⁷⁵ queira
 condescender ás oracións dos bonzos⁷⁶.

⁷¹ Schirina preséntase como modelo de amor conxugal feminino segundo o ideario de Gozzi. De feito, trátase dunha dona sometida sempre ao seu esposo que acata, sen as cuestionar nunca, as súas decisións. Así, a pesar de ignorar quen é Calaf, secunda todos os desexos do seu marido polo simple feito de constituír a súa vontade. Máis adiante, de todos os xeitos, será presentada tamén baixo o tópico da muller lingoreteira incapaz de gardar un segredo (III, vi).

⁷² Estes sacrificios de animais adiantan (comicamente?) os que se farán por orde de Altoum no segundo acto.

⁷³ Un imaxinario deus chinés: Carlachiar Perrone (p. 167) subliña que na *Histoire du prince Calaf et de la princesse de la Chine* se indica que era un «legislateur».

⁷⁴ Divindades domésticas menores da antiga Roma (Giovannuzzi, p. 112). De todos os xeitos, estes personaxes máxicos aparecen moi a miúdo na tradición fabulística oriental.

⁷⁵ Filósofo chinés (c. 551-479 a. de C.) que Gozzi probablemente confunde cun deus.

⁷⁶ En realidade os bonzos son monxes budistas que nada teñen que ver cun inexistente culto a Confucio.

ACTO SEGUNDO

(*Gran sala do Diván con dous portóns un fronte ao outro. Un comunicará co serrallo da princesa Turandot e outro coas estancias do emperador, seu pai.*)

ESCENA I⁷⁷

(*Truffaldino, Brighella, eunucos, todos vestidos ao xeito chinés.*)

- 66 TRUFFALDINO – [*Manda aos seus eunucos que varran a sala. Manda levantar dous tronos ao xeito chinés, un nunha parte do escenario*⁷⁸ *e o outro na outra. Manda pór oito asentos para os oito doutores do Diván. Está contento e canta.*]
- 67 BRIGHELLA – [*Chega e pregunta o motivo dos preparativos.*]
- 68 TRUFFALDINO – [*Que se debe reunir ás presas o Diván cos doutores, o emperador e a súa querida princesa. Grazas ao ceo todo vai perfectamente. Acaba de aparecer outro príncipe a que lle corten a cabeza.*]
- 69 BRIGHELLA – [*Acaba de morrer un hai tres horas. Berra con Truffaldino porque está alegre diante dunha matanza tan bárbara.*]

⁷⁷ O acto segundo ábrese coa primeira intervención dalgunha das máscaras nunha escena *a soggetto*, é dicir, improvisada (sobre os personaxes prototípicos, ou 'máscaras', da *commedia dell'arte* presentes nas obras de Gozzi, *vid. Momo*, Arnaldo, *La carriera delle maschere nel teatro di Goldoni*, Chiari, Gozzi, Venezia, Marsilio, 1992; e Id., «Due maschere apolidi a Venezia», in Alberti, Carmelo (a cura di), *Carlo Gozzi scrittore di teatro*, Roma, Bulzoni, 1996, pp. 135-149). Esta escena, en realidade, carece de vínculos co desenvolvemento da trama da *fiaba*: incorpora o elemento cómico e marca, xa dende o principio, a precisa diferenza de tonalidade que se manterá ao longo de todo o texto entre os personaxes serios e as 'máscaras' da comedia da arte. De todos os xeitos, a escena presenta unha clara finalidade práctica: o cambio dos decorados (que se leva a cabo diante do público, o que non é frecuente na época; Bosisio, p. 309).

⁷⁸ En italiano o termo usado é *teatro*, mais o significado é claro.

- 70 TRUFFALDINO – [*Ninguén chama os príncipes a que veñan rabeñar a cabeza; se son tolos voluntarios, o mal será para eles etc. Que a súa adorable princesa, cada vez que confunde un príncipe cos seus enigmas e o envía a atoparse co seu destino, pola ledicia da vitoria faille⁷⁹ regalos etc.*]
- 71 BRIGHELLA – [*Aborrece tales sentimentos nun compatriota⁸⁰. Odia a crueldade da princesa. Debería casar e rematar tanta miseria etc.*]
- 72 TRUFFALDINO – [*Que ten razón non querendo casar etc. Non dá máis ca indiscretas molestias⁸¹ etc.*]
- 73 BRIGHELLA – [*Que fala coma un eunuco inútil⁸² etc. Todos os eunucos odian o matrimonio etc.*]
- 74 TRUFFALDINO – [*Colérico, que odia os matrimonios porque teme que xeren brighellas.*]
- 75 BRIGHELLA – [*Irritado, que el é un cabaleiro etc. Que as súas máximas⁸³ son perniciosas, que se súa nai non casase, non tería nacido.*]
- 76 TRUFFALDINO – [*Que mente máis que fala. Súa nai nunca casou⁸⁴ e el naceu sen problemas.*]

⁷⁹ A Truffaldino.

⁸⁰ Os personaxes da *commedia dell'arte* que interveñen en *Turandot*, a pesar da ambientación chinesa, non deixan de ser italianos.

⁸¹ O suxeito implícito é «o matrimonio».

⁸² Inútil para a procreación.

⁸³ As de Truffaldino.

⁸⁴ No intento de negar a afirmación de Brighella, Truffaldino non ten ningún problema en insultar gravemente, tendo en conta a mentalidade da época, á súa nai. Trátase doutra das moitas intervencións cómicas das 'máscaras' ao longo do drama.

77 BRIGHELLA – [Vese que o pariron á marxe dos vos costumes.]

78 TRUFFALDINO – [Que el é o xefe dos eunucos; que non veña a interrompelo nas súas tarefas e vaia, dado que é xefe dos paxes, a cumprir co seu deber; mais que el sabe que ensina bonitas cousas⁸⁵ aos paxes a propósito dos matrimonios etc.]

(Mentres ten lugar a discusión entre estes dous personaxes, os eunucos rematan de preparar a sala. Óese unha marcha de instrumentos. É o emperador que chega ao Diván coa corte e os doutores. Brighella marcha por respecto, Truffaldino cos seus eunucos para ir buscar a súa querida princesa.)

ESCENA II

(Ao son dunha marcha saen os gardas, ao xeito chinés, despois os oito doutores, tras eles Pantalón, Tartaglia e finalmente Altoum Kan. Todos están vestidos ao xeito chinés. Altoum é un ancián venerable, ricamente vestido, tamén ao xeito chinés. Cando aparece, bótanse todos coa fronte a terra. Altoum sobe e senta no trono que está situado na parte por onde saíu. Pantalón e Tartaglia pónense cada un a un lado do trono. Os doutores sentan nos seus asentos. Termina a marcha⁸⁶.)

79 ALTOUM – Ata cando, leais meus, deberei esta anguria sufrir? Non remataron

⁸⁵ É, obviamente, irónico. A afirmación podería agachar tamén unha alusión fortemente obscena. Os chistes e xestos de carácter sexual, manifestacións do humorismo máis popular, eran frecuentes nas comedias da arte.

⁸⁶ Como ben subliña Bosisio (p. 309), todos estes cerimoniais son unha concesión ao gusto da época polo exotismo. Ademais engaden un importante elemento coreográfico e espectacular á representación.

as exequias de obriga aos mortais restos
 dun desgrazado príncipe e aínda
 sigo a chorar por el, pobre, infeliz,
 cando xa chega outro e nova anguria
 esperta no meu peito. Cruel filla,
 nada só para o meu tormento! Serve
 acaso de algo maldicir o punto
 en que fixen terrible xuramento
 ante Confucio de cumprir o edicto?
 Non podo ser perxuro. Non se aparta
 da crueldade a miña filla. Nunca
 faltan necios amantes obstinados,
 mais eu non acho quen ben me aconselle.

80 PANTALÓN –

Amado soberano, non sabería que consello vos dar. Nos nosos países⁸⁷ non se presta xuramento a este tipo de leis⁸⁸. Non se fai este tipo de edictos. Non hai exemplos de príncipes que se namoren dun retratiño ata o punto de perder a cabeza⁸⁹ polo orixinal, e non nacen rapazas que odian os homes como a princesa Turandot, súa filla. Vaites! Na miña terra non sabemos nada deste tipo de criaturas, nin sequera en soños⁹⁰. Antes de que as miñas desgrazas me forzasen a

⁸⁷ Na República de Venecia (de onde procede Pantalón) ou, máis xenericamente, en Italia ou Europa. Non se esqueza que o personaxe, utilizando a prosa, fala en veneciano cunha tonalidade moito máis coloquial e sinxela do ton sublime adoptado polos personaxes máis elevados social e politicamente, que se expresan sempre en verso e en italiano.

⁸⁸ «[Pantalone] contrappone, al solito, il buon senso veneziano ai costumi e ai sentimenti di altri popoli.» (Petronio, p. 260).

⁸⁹ Enténdase a expresión tanto en senso metafórico (namorarse) como literal (ser decapitados). A frase posúe un evidente valor humorístico. Mesmo nos momentos máis terribles Gozzi non deixa de introducir algunha pinga festiva nos diálogos das personaxes da comedia da arte.

⁹⁰ Esta afirmación (e outras presentes ao longo da intervención do personaxe) nace dunha dobre intención do autor: por unha banda, tentar dotar de verosimilitude aos feitos presentados (a inmensa distancia cultural e xeográfica da China podería facer literariamente aceptable unha historia, como a de Turandot, impensable en Occidente); e, por outra, transmitir a ideoloxía conservadora de Gozzi, que nega ata a posibilidade de que en Venecia haxa mozas que se atreven a reclamar a liberdade de decisión e elección de marido e a oporse aos designios dos seus pais.

abandonar o meu país e que a miña sorte me elevase sen mérito ningún ao honor de ser secretario⁹¹ da vosa maxestade, non tiña máis coñecemento da China ou da quina, ou como se chame, senón que era un po boísimo para a febre terzá⁹², e aínda non deixa de me sorprenden atopar aquí este tipo de costumes, este tipo de xuramentos e este tipo de rapaces e rapazas. Se contase esta historia en Venecia, diríanme: «Veña xa, don⁹³ mentirán, don charlatán, don mentireiro, ide contar ese conto aos nenos⁹⁴»; riríanseme nas barbas e, virándose, amosaríanme o cu⁹⁵.

81 ALTOUM –

Tartaglia, fostes visitar o novo infeliz temerario⁹⁶?

82 TARTAGLIA –

Si, Maxestade. Está aquí nas estancias habituais do pazo que se asignan aos príncipes forasteiros. Quedei estupefacto pola súa bela presenza, pola súa doce fisionomía, polo seu nobre xeito de falar. Na miña vida vin persoa con máis dignidade ca el. Cativoume e sinto

⁹¹ Intento de xustificar verosimilmente a presenza e o rango de Pantalón na corte chinesa.

⁹² O parágrafo «*non tiña máis coñecemento da China ou da quina, ou como se chame, senón que era un po boísimo para a febre terzá*» é unha versión libre para tentar presentar un xogo de palabras intraducible, xa que no italiano de Gozzi o nome do país 'China' o a da mención 'quina' escribíase (salvo pola maiúscula inicial) e pronúnciase igual (it. *China / china* —léase 'kina', con oclusiva velar xorda inicial—). Bosisio (p. 306), nunha observación ambigua, indica que a grafía antiga do nome do país *China* (no italiano actual é *Cina*, con africada palatal xorda inicial) deriva do portugués, lingua en que se le con fricativa palatal xorda inicial, mais non aclara cal sería a pronuncia na época, independentemente da grafía («*China*: cotesta grafía del nome geografico deriva dal portoghese e fu mantenuta fino all'Ottocento anche in Italia: nella lingua portoghese la corretta pronuncia è, tuttavia, *Scina*»). Na nosa opinión, o xogo de palabras só sería posible se a pronuncia é a que reflicte a grafía en italiano, é dicir, oclusiva velar xorda.

⁹³ Traducimos como «don» o tratamento veneciano de *ser* ou *sier*, reservado aos patricios.

⁹⁴ Clara alusión autorreferencial a *Turandot*.

⁹⁵ Daríanme as costas desprezativamente.

⁹⁶ Heptasílabo no orixinal.

como se me arrincasen o corazón ao saber que vén ao matadoiro, coma un carneiro⁹⁷, un príncipe tan belo, tan bo, tan novo... (*Chora*)

83 ALTOUM – Oh, indíctible infortunio! Ao ceo feitos foron propiciatorios sacrificios para que non lle falte luz dabondo ao mesquiño, que poida resolver da miña filla os bárbaros enigmas? En van espero⁹⁸!

84 PANTALÓN – *Pode estar seguro, maxestade, de que non faltaron sacrificios. Cen becerros foron sacrificados ao ceo, cen cabalos ao sol e cen porcos á lúa*⁹⁹. (*Á parte*) *Eu non sei que se pode esperar desta xenerosa matanza imperial*¹⁰⁰.

85 TARTAGLIA – (*Á parte*) Mellor sería sacrificar o bacoriño¹⁰¹ da princesa. Xa terían rematado todas as desgrazas.

86 ALTOUM – Ben, traede aquí o novo pretendente. (*Parte un garda*)
Procúrese apartalo dos enigmas,
e vós, sabios doutores do Diván,
e vós, fieis ministros, axudádeme
cando a dor a palabra me silencio.

⁹⁷ Traducimos libremente o italiano *becco*, termo que, en realidade, indica o macho da cabra e, figuradamente, o marido traizoado pola muller. Cremos que neste caso a tradución exacta, «cabrón», se cargaría exclusivamente de connotacións negativas para un galego falante, mentres que «carneiro» mantén a posible ambigüidade xocosa do texto italiano.

⁹⁸ Pentasílabo no orixinal.

⁹⁹ O elevado número de animais sacrificados (que lembra o das hecatombes) é manifestación do intenso desexo do soberano de rematar definitivamente coas mortes dos príncipes pretendentes.

¹⁰⁰ A intervención á parte de Pantalón quita toda solemnidade aos sacrificios descritos. De novo, as 'más caras' asumen un rol humorístico mesmo nas situacións de maior tensión.

- 87 PANTALÓN – *Temos experiencia dabondo, maxestade. En van gastaremos o alento e despois correrá a que o degolen coma un pavo.*
- 88 TARTAGLIA – *Escoita, Pantalón. Albisco nel virtude e agudeza, non me falta algo de esperanza.*
- 89 PANTALÓN – *Como? Que poderá resolver as adiviñas desa cadela¹⁰²? É imposible!*

ESCENA III

(Calaf, acompañado por un garda, e devanditos.)

- 90 CALAF – *(Axeónllase levando unha man á fronte.)*
- 91 ALTOUM – *Érguete, rapaz. (Calaf érguese e, tras unha reverencia, colócase con nobreza no medio do Diván, entre os dous tronos, cara ao público. Altoum segue á parte despois de contemplar atentamente a Calaf.) (Que estupenda idea¹⁰³! Compañón moita esperta no meu peito!) Dime, mesquiño, de onde vés? De que príncipe es fillo?*

¹⁰¹ O irrespectuoso comentario de Tartaglia continúa desenvolvendo o humorismo presente na anterior intervención de Pantalón.

¹⁰² A comparación de Calaf e Turandot con animais («carneiro», «pavo»; «bácoro», «cadela») constitúe unha das formas de comicidade recorrentes nas intervencións dos personaxes da comedia da arte.

¹⁰³ Refírese, irónicamente, á idea de Calaf de se someter á proba das adiviñas. Pola contra, Beniscelli (p. 143) indica que *idea* significa *forma*, en referencia ao nobre aspecto de Calaf. O *Vocabolario della lingua italiana di Nicola Zingarelli* (Milano, Zanichelli, 2000², s. v. *idea*) recolle esta acepción, aínda que indica que é *rara*. Se aceptamos a hipótese interpretativa do citado estudoso a tradución debería ser: *Que fermoso aspecto!*

- 92 CALAF – *(Moi sorprendido, despois cunha nobre reverencia)* Maxestade, o nome deixádeme ocultar.
- 93 ALTOUM – Como te atreves a pretender a man da miña filla sen querer revelar a túa estirpe?
- 94 CALAF – *(Con grandeza)* Príncipe son. Se teño que morrer, direivos antes do fatal momento o nome meu, o estado meu, a estirpe, e todos saberán que a esta voda, sen ter sangue real nas miñas veas, non ousaría terme presentado¹⁰⁴.
(Con reverencia) A graza pido de ocultar o nome.
- 95 ALTOUM – *(Á parte)* Que nobreza na fala! Compañón en min esperta. *(Alto)* Mais se solucionas os escuros enigmas e de indigna orixe es, como poderei o edicto...?
- 96 CALAF – *(Interrompéndoo con ousadía)* Só para os príncipes conta o edicto¹⁰⁵.

¹⁰⁴ A separación das clases sociais é un motivo frecuente nas narracións tradicionais e unha idea moi difundida na época. Gozzi, firme defensor de tal concepción, utiliza a voz de Calaf para continuar sostendo activamente este principio. Esta reafirmación ideolóxica adquire unha particular significación neste período en que se producen matrimonios mixtos entre membros da nobreza empobrecida e ricos burgueses. Segundo Hunecke («Essere Nobildonna a Venezia...», *op. cit.*, p. 148), un 10% dos *patrizi* varóns (só os membros desta clase tiñan acceso aos cargos máis importantes, administrativos e políticos, do goberno venecianos) e un 20% das mulleres casaban cun cónxuxe non nobre. As dificultades económicas da República de Venecia no século XVIII foron a causa de que se permitise a compra da condición de *patrizio* nos anos 1704, 1716, 1774... (Zorzi, Alvise, *La Repubblica del Leone. Storia di Venezia*, Milano, Euroclub, 1991, pp. 338 e 346).

¹⁰⁵ É dicir, a lei indica que Altoum deberá conceder a man da súa filla a quen resolva os enigmas só se ten sangue real.

Señor... Quéírao o ceo...¹⁰⁶! Se son eu
de innobre sangue, a miña testa pague
baixo a machada e insepultos queden
estes meus pobres membros como pasto
de feras e animais. En Pekín vive
quen dicir pode todo sobre min.
(*Con reverencia*) A graza pido de ocultar o
nome¹⁰⁷,
á vosa alta clemencia me someto.

97 ALTOUM –

A graza é túa. Eu non podería
á túa voz, ás túas belas formas
nada negar. Así estiveses ti
disposto a conceder ao soberano
unha graza pedida dende o trono.
Desiste, si, desiste desta proba
a que te queres expor. Por ti sinto
unha gran simpatía e ofrecerche
o meu poder desexo. Compañeiro
séme no mando e, cando morrer deba,
recibirás todos os beneficios
que poidas desexar. Facer non queiras
un tirano de min. Xa son o oprobio,
polo meu desatino, dos meus súbditos.
Alma audaz, se a piedade poder ten
sobre ti, non me obrigues o cadáver
teu a chorar. Non fagas que máis medre

¹⁰⁶ Sobreenténdese que Calaf desexa que sexa necesario comprobar que el é de sangue real, porque isto implicaría que resolveu os enigmas e que obtivo a man de Turandot (no caso de non ser quen de os resolver sería decapitado inmediatamente sen que a súa estirpe tivese a máis mínima importancia).

¹⁰⁷ Calaf repite esta afirmación por segunda vez (antes en II, III, 94). A repetición dunha frase de valor expresivo e case que maximalista na conclusión dunha intervención (unha especie de epifonema-*leitmotiv*), recurso que veremos utilizado de novo máis adiante (por exemplo, II, III, 98, 100 e 102; V, 117), contribúe a incrementar a tensión dramática do texto, pois subliña a determinación do personaxe en acadar os seus obxectivos.

pola filla, e por min mesmo, o meu odio
 por ser o xerador dunha perversa,
 orgullosa, cruel, van, obstinada,
 causa da miña angustia, da miña morte¹⁰⁸.
 (*Chora*)

98 CALAF –

Dádevos paz, señor. O ceo sabe
 da piedade que eu sinto. Dun tal pai
 como vós sodes recibir non puido
 formación de tirana a vosa filla¹⁰⁹.
 Máis non busquemos. Culpa única en vós,
 se culpa pode ser, é o moito afecto
 por unha única filla e o ter dado
 ao mundo unha beleza de tal forza
 que tolos fai aos homes. Gratidade
 vos terei sempre polo ofrecemento.
 Mal compañeiro vos sería. O ceo
 coa posesión de Turandot feliz
 me fará ou quererá que esta existencia,
 sen Turandot para min insufrible,
 chegue sen máis atraso á súa fin.
 Morte pretendo ou Turandot por dona¹¹⁰.

¹⁰⁸ A oferta de Altoum é proba dunha xenerosidade inusitada, mais tamén serve para subliñar a nobreza do corazón de Calaf, posuidor de grandes virtudes. Estas virtudes resultan tan evidentes para todos que o mesmo emperador non dúbida, aínda sen o coñecer, en ofrecerlle compartir o trono. A xenerosidade de Altoum maniféstase tamén negativamente en forma de debilidade (que el mesmo recoñece) na relación coa súa filla, Turandot (debilidade atribuída por Calaf, de todos os xeitos, a un exceso de amor paterno: II, III, 98). Estes aspectos contrastantes, presentes nos personaxes principais da obra, enriquecen a súa personalidade, dotando ao texto dunha maior verosimilitude.

¹⁰⁹ Afirmase que Turandot non puido aprender a ser tirana seguindo o exemplo do pai. A ideoloxía subxacente é evidente: se Altoum non é un tirano, é un gobernante xusto. De novo, como en moitas outras ocasións, Gozzi fala por boca de Calaf para expresar a idea de que os poderosos son xustos e, xa que logo, merecen o respecto e o amor dos súbditos. Ao mesmo tempo esta afirmación indica que a obstinación de Turandot ten orixe só nela mesma, o que a converte nunha nova declaración misóxina.

¹¹⁰ A frase será repetida en numerosas ocasións (II, III, 100 e 102; V, 117) por Calaf, coma un epifonema-*leitmotiv* que expresa a forza do seu amor e a determinación da súa decisión.

Pero, amada Alteza, amada vida miña¹¹¹, xa teredes visto sobre a porta da cidade todos aqueles cranios de mortos espetados..., non vos digo máis. Non sei que gusto vos dá vir facervos degolar, con toda a seguridade, coma un carneiro¹¹², para nos facer chorar como desesperados a todos. Sabede que a princesa vos formará unha lea tal con tres adiviñas que non a resolvería o astrólogo Cingarelo¹¹³. Nós, que dende hai moito tempo estamos habituados con estes excelentísimos doutores do Diván a dar sentenza de quen responde ben e quen responde mal, para facer cumprir a lei, prácticos, consumidos sobre os libros, somos incapaces así coma así de chegarmos á agudeza dos enigmas desta princesa cruel, porque non se trata dun sinxelo «Miña nai é tateixa e meu pai cantador»¹¹⁴, nin nada parecido. As adiviñas son novas do trinque as malditas e, se non as entregase enunciadas, explicadas e seladas en tantos papeliños¹¹⁵ a estes

¹¹¹ Esta forma de se dirixir a Calaf (como máis abaixo, «fillo querido») é unha manifestación de afecto dunha persoa de certa idade a alguén máis novo.

¹¹² Traducimos libremente o veneciano *cavron* («cabrón») por «carneiro» polos motivos aducidos na nota a II, II, 82.

¹¹³ «Cingarelo» (*Cingarello* no orixinal): trátase dun nome, quizais invención de Gozzi, xocosamente derivado de cingaro (*zingaro*), probablemente porque ás persoas desta etnia lles era atribuído o dedicárense a realizar adiviñacións. Pola contra, Petronio (p. 264), Bosio (p. 309), Beniscelli (p. 145) e Giovannuzzi (p. 119) consideran que se trata dunha referencia a unha persoa real, un hipotético astrólogo famoso na época en Venecia.

¹¹⁴ Traducimos libremente o orixinal *Panza de ferro, buelle de bombaso* («Bandullo de ferro, tripas de algo-dón»), probablemente unha coñecida adiviña da época, cunha adiviña popular galega: «Miña nai é tateixa / e meu pai cantador / teño un vestido branco / e amarelo o corazón» (a solución é, obviamente, o ovo).

¹¹⁵ Na tradución pérdese a ambigüidade do termo orixinal veneciano *cartoline*, que significa «notas», «papeis», pero tamén «ordes de arresto». De feito, Turandot entregaba os papeis coas adiviñas aos doutores, mais estes papeis tornábanse metaforicamente en ordes de arresto para todos os príncipes que non conseguían resolvelas. Así explica Giuseppe Boerio o significado xudicial do termo: «CARTOLINA, T[ermine] del Foro ex Veneto, ed era il mandato esecutivo, che si otteneva per l'esecuzione forzata reale e personale contro i debitori civili. V[edi] MANDATO REALE E PERSONALE. | *Mandato reale e personale*, dicevasi nei tempi Veneti al decreto giudiziale, con cui si ordinava il pignoramento di mobili o beni del debitore, o il suo arresto personale se la roba non bastasse a saziare il debito.» (Boerio, Giuseppe, *Dizionario del dialetto veneziano. Seconda edizione aumentata e corretta*, Venezia, Giovanni Checchini edit., 1856 (ristampa anastatica, Firenze, Giunti, 1998), s. v. Cartolina e Mandato).

*excelentísimos doutores, quizais nin sequera eles saberían onde teñen a cabeza*¹¹⁶. *Marchade en paz, fillo querido. Parecedes unha flor*¹¹⁷, *dádes-me pena. Polo moito que vos quero: se vos obstinades máis valerá o ravo do chepudo labrego*¹¹⁸ *que a vosa cabeza.*

100 CALAF – Ancían, de nada serven as palabras.
Morte pretendo ou Turandot por dona.

101 TARTAGLIA – Turandot, Turandot... Pero que diaño de obstinación, meu fillo querido! Enténdeo ben. Aquí non se xoga a adiviñar coa aposta dun café cun bolo¹¹⁹ ou medio chocolate con vainilla. Comprende, comprende dunha vez: aquí xógase a cabeza. Non uso outros argumentos para te convencer de que desistas. Isto vai en serio. A cabeza, xogas a cabeza, a cabeza. A súa maxestade rógache, fixo sacrificar cen cabalos ao sol, cen bois ao ceo, cen porcos á lúa, cen vacas ás estrelas¹²⁰ no teu favor, e ti, ingrato, queres seguir adiante para lle dar este pesar. Aínda que non houbese outras mulleres no mundo á parte da prince-

¹¹⁶ É dicir, a pesar da súa sabedoría, os doutores serían incapaces de daren coas respostas.

¹¹⁷ Pode entenderse como un louvor da mocidade e beleza de Calaf ou unha alusión á súa debilidade. Giovannuzzi (p. 119) acepta só a segunda hipótese. Da mesma opinión semella Petronio, aínda que a súa paráfrase do verso é un pouco ambigua («state ritto che sembrate un fiore», p. 265): quere dicir que se mantén en pé coa mesma forza dunha flor ou que é fermoso coma unha flor ergueita no seu talo?

¹¹⁸ Paso de difícil interpretación. Pode facer referencia á postura en que debe traballar o labrego, ou ser unha expresión proverbial, ou mesmo facer referencia a un personaxe coñecido na época en Venecia (para Beniscelli (p. 146) e Bosisio (p. 309) esta última é a interpretación correcta).

¹¹⁹ Traducimos co xenérico «bolo» o termo veneciano *pandolo*, un doce con manteiga e azucre que precisamente se comía habitualmente mollado no café ou no chocolate: «Specie di pasta dolce che si vende da' Confortinai, intrisa con burro e zuccherò, che si mangia inzuppata nel caffè o nel cioccolato.» (*Dizionario del dialetto veneziano...*, *op. cit.*, s. v. Pandòlo).

¹²⁰ Tartaglia aumenta o número de animais sacrificados respecto ao afirmado antes por Pantalón (II, II, 84).

sa Turandot, a túa decisión seguiría sendo unha barbaridade. Perdoa, querido príncipe meu. En conciencia, é o amor que me fai falar con liberdade. Entendes ben o que é perder a cabeza? Parécese imposible.

- 102 CALAF – Demasiado falaches. Van é todo.
Morte pretendo ou Turandot por dona.
- 103 ALTOUM – Satisfaites, cruel: obtén a morte e a desesperación miña. (*Aos gardas*) Que veña para a proba a princesa; que se sacie cunha vítima nova. (*Sae un garda*)
- 104 CALAF – (*Para si ferventemente*) Eternos deuses, dádeme inspiración, que non me atorde o contemplala: debo confesar que a miña mente vacila e que tremen a miña lingua e o meu corazón. (*Á asemblea*) Sacro Diván, doutores e xuíces da vida miña nas miñas palabras, pido perdón pola miña ousadía; sede clementes cun cego de amor que non sabe onde está e se abandona, por misteriosa forza, ao seu destino.

ESCENA IV¹²¹

(Oirase o son dunha marcha acompañada de tamborís. Sairá Truffaldino coa cimitarra sobre o ombreiro, seguirano os seus eunucos. Detrás destes sairán varias escravas nun séquito tocando tamborís. Despois sairán dúas escravas con veos no rostro, unha vestida rica e maxestosamente ao xeito tártaro, que será Adelma, a outra vestida pasablemente¹²² ao xeito chinés, que será Zelima. Esta levará unha pequena bandexa con papeis selados. Truffaldino e os eunucos ao pasaren en fila botaranse co rostro á terra diante de Altoum, despois levantaránse. As escravas axeonllaranse levando a man á fronte. Sairá Turandot cun veo, vestida ricamente ao xeito chinés, con aire grave e arrogante. Os doutores e os ministros botaranse co rostro a terra. Altoum porase en pé. Turandot levará unha man á fronte e fará unha reverencia grave ao seu pai, despois subirá ata o trono e sentará. Zelima porase ao seu lado esquerdo, Adelma ao dereito. Calaf, que se terá axeonllado dende a aparición de Turandot, alzarase e ficará fascinado diante dela. Todos volverán aos seus lugares. Truffaldino, tras realizar algunhas bufas cerimoniais ao seu xeito, tomará a bandexa de Zelima cos papeis selados, distribuíraos entre os doutores e retiraráse despois doutras reverencias e cerimoniais ao xeito chinés. Durante todas estas solemnidades sen palabras, soará a marcha. Coa saída de Truffaldino quedará a gran sala do Diván en silencio.)

¹²¹ Bosisio, p. 109: «L'ampia didascalia descrive minutamente l'ingresso di Turandot e della sua corte, pensato dal Gozzi con una solennità che da un lato contribuisce ad accrescere la tensione emotiva del pubblico e, d'altro lato, risponde all'esigenza di creare un intermezzo coreografico a sé stante (non a caso corrispondente all'intera scena 4). Il gran numero delle comparse, lo splendore di costumi e armi, il sapore esotico dei cerimoniali (a cui si contrappone la comica parodia che ne fornisce Truffaldino con i suoi lazzi) e la musica che, in contrasto con le consuetudini del teatro drammatico dell'epoca, interviene qui e altrove nella fiaba, sono altrettanti elementi di puro spettacolo per i quali il Gozzi dimostra un interesse particolare e non episodico, su una linea che discende dalla tradizione della scena barocca».

¹²² É dicir, con menor riqueza e elegancia.

ESCENA V

(*Altoum, Turandot, Calaf, Zelima, Adelma, Pantalón, Tartaglia, doutores e gardas.*)

- 105 TURANDOT – (*Altivamente*) Quen audazmente pretende
oufanarse
de poder resolver os meus enigmas
tras todo o que pasou, e só desexa
perder a vida de xeito penoso?
- 106 ALTOUM – Filla, aquel é; (*sinala a Calaf, que permanece-
rá atónito en medio do Diván, en pé*) tomalo
por marido
elixir podes e acabar a proba
terrible que lacera o aflixido
peito daquel que quixo darche a vida.
- 107 TURANDOT – (*Despois de contemplar minuciosamente a
Calaf, en baixo a Zelima*) Nunca, Zelima, pre-
tendente algún,
dos que ante o Diván se presentaron,
compaixón espertou en min, mais este
prodúceme piedade¹²³.
- 108 ZELIMA – (*En baixo*) Tres enigmas
sinxelos propoñede e terminade
coa vosa crueldade¹²⁴.

¹²³ Xa dende a primeira aparición en escena, se observan en Turandot contradicións similares ás doutros personaxes. Neste caso a ambigüidade sentimental da princesa non só reforza o carácter poliédrico da personaxe, senón que facilita a verosimilitude do seu cambio ao final da obra.

¹²⁴ Un dos elementos negativos da personalidade de Turandot: a vangloria.

- 109 TURANDOT – (*Sosegadamente en baixo*) E a miña gloria perder? Como te atreves¹²⁵?
- 110 ADELMA – (*Que terá observado atentamente a Calaf, para si*)
Oh! Que vexo?
Mais eu non vin na corte carazana
a este coma servente traballando
cando vivía Queicobad, meu pai?
Logo é un príncipe! Xa mo dicía
o corazón, que é seu¹²⁶!
- 111 TURANDOT – Príncipe, a proba
fatal deixade. O ceo sabe ben
que aqueles que cruel sempre me chaman
menten. A gran repugnancia que sinto
polos do voso sexo fai que tente,
como sei, como podo, vivir lonxe
daqueles que odio. Como é que non podo
dispoñer eu daquela liberdade
de que dispoñer todos deberían¹²⁷?
Quen vos obriga a facerme ser cruel
contra o desexo meu? Se de algo serve
pregar, suplicovos que desistades,

¹²⁵ É dicir: como te atreves sequera a propoñerme?

¹²⁶ Adelma, que aínda que escrava é primeiro princesa, vincula o seu amor por Calaf ao feito de que el sexa príncipe. De feito, na súa afirmación está implícita a idea de que se non fose de sangue azul, aínda que na indixencia nas presentes circunstancias, ela non se tería namorado xamais. Dende este momento comeza a xerarse a intriga do personaxe para conseguir que Calaf fuxa con ela da corte de Altoum.

¹²⁷ A frase pode parecer ambigua dentro do sistema ideolóxico de Gozzi, en que se afirma constantemente a submisión dos fillos ás decisións dos pais, e máis aínda das fillas á elección de marido feita para elas polos seus proxenitores. A liberdade de decisión (neste caso, para casar ou permanecer solteira) que reivindica Turandot, non a reclama só para si, senón que afirma que é un dereito que todos deberían ter. En realidade debe terse en conta que a princesa chinesa é, para Gozzi, un modelo negativo de conduta. As súas palabras son manifestación dunha ideoloxía contraria á do autor e, xa que logo, censurable. De feito, as mortes e a desgraza de Altoum nacen precisamente de permitir a unha muller decidir por si mesma (lémbrense as palabras de Pantalón en II, II, 80).

príncipe, desta proba. Non tentedes
o meu enxeño nunca, pois presumo
só del. O ceo quixo concederme
talento e agudeza. Morrería
se ante o Diván, con pública vergoña,
fose vencida a miña intelixencia.
De propor os enigmas liberádeme
ou choraredes pola vosa morte¹²⁸.

112 CALAF –

Tan bela voz e tan bela presenza,
tan raro espírito e tanta agudeza
nunha muller¹²⁹! Equivócase o home
que ansiando posufla a súa vida
arrisca? De tan rara intelixencia
presume Turandot? E non se decata
que méritos maiores, que maior
aversión súa a ser de alguén esposa,
maior desexo causan¹³⁰? Se mil vidas,
cruel princesa, neste corpo¹³¹ meu
coubesen, todas eu as exportaría
mil veces nun patíbulo por vós.

¹²⁸ Se, por unha banda, Turandot suplica a Calaf que desista, o que atenúa a súa crueldade, por outra, reafirma a súa soberbia, o que acentúa os seus compoñentes negativos.

¹²⁹ A sorpresa de Calaf é manifestación da ideoloxía machista de Gozzi. De todos os xeitos estas afirmacións deben contextualizarse de xeito ben definido: mesmo os expoñentes máis avanzados da Ilustración (e Gozzi era todo o contrario) estaban lonxe de soñar a actual igualdade (polo menos na teoría legal) entre homes e mulleres.

¹³⁰ Nesta interrogación retórica, Calaf indirectamente deixa ver que, a pesar da intelixencia de Turandot, o home ten máis luces que a muller pois é quen de albisar as consecuencias últimas dunha súa actitude ou decisión.

¹³¹ No orixinal italiano *salma*, que habitualmente significa 'cadáver'. Por este motivo, Perrone (p. 169) anota: «... propriam[ente] cadavere, ma nel verso vale piuttosto 'corpo votato alla morte'». En realidade, *salma* pode ser usado como sinónimo de *corpo* en ámbito literario, como recolle o *Vocabolario della lingua italiana di Nicola Zingarelli* (*op. cit.*, s. v. *salma*), citando xa un exemplo dantesco: «... (*poet[ico]*) Corpo umano, rispetto all'anima: 'I Figliuol di Dio / carcar si volse de la nostra s[alma]' (DANTE *Par[adiso]* XXXI, 113-114)». De feito Beniscelli anota simplemente: «corpo» (p. 149). Non cremos necesario lembrar a admiración de Gozzi pola obra de Dante. Petronio anota: «vita» (p. 268).

- 113 ZELIMA – (Baixo a Turandot) Por caridade, fáciles enigmas!
De vós digno será.
- 114 ADELMA – (Á parte) Canta dozura!
Oxalá fose meu! Por que non souben
que este era un príncipe antes que a fortuna
en escrava quixese converterme¹³²?
Oh, canto amor me inflama ao ser sabedora
que de alta liñaxe é¹³³! Ah, que non falta
xamais valor ao amor¹³⁴! (Baixo a Turandot) A
vosa gloria
lembra, Turandot.
- 115 TURANDOT – (Perplexa, para si) Como ser pode
que este só poder teña de espertar
a miña compaixón? (Decidida) Sobreporeime¹³⁵.
(A Calaf impetuosamente)
Temerario, dispoñe para a proba.
- 116 ALTOUM – Príncipe, insistes?
- 117 CALAF – Maxestade, si.
Morte pretendo ou Turandot por dona.

¹³² Nova afirmación da imposibilidade de unión entre membros de diferentes clases sociais.

¹³³ A afirmación, que podería semellar expresión dun amor interesado, en realidade responde á ideoloxía que só ve posibles os matrimonios entre persoas do mesmo estamento social, como xa afirmamos en diversas ocasións.

¹³⁴ O amor fai ser ousada á persoa namorada. A afirmación anticipa a frase seguinte, en que Adelma lembra a Turandot que non pode deixarse vencer. A explicación de tal actitude (oposta á de Zelima, quen suplica á princesa que propoña fáciles adiviñas a Calaf para que o mozo poida superar a proba e obter a man de Turandot) débese a que Adelma, namorada de Calaf, desexa que o príncipe non sexa quen de resolver os enigmas para conseguir posteriormente ou ben fuxiren xuntos ou ben que dalgún xeito lle sexa perdoada a vida para poder casar con el.

¹³⁵ A loita interna de Turandot só se resolverá a prol de Calaf na conclusión da obra. De feito, é esta circunstancia, xunto coas diversas adiviñas que proporán primeiro a princesa e despois o seu pretendente, o eixo central en torno ao cal xira o suspense de toda a obra.

118 ALTOUM – Ao decreto fatal lectura déase publicamente: que o escoite e trema.

(Pantalón extraerá do peito o libro da lei, bicarao, porao sobre o peito, despois sobre a fronte; a continuación presentarallo a Tartaglia quen, tras se botar coa fronte ao chan, o recibirá, e despois lerá en voz alta.)

119 {TARTAGLIA} – A Turandot calquera príncipe pode por esposa pedir, mais da princesa resolver antes tres enigmas debe ante o Diván. Se os pode contestar, a súa dona sexa. Se non pode, sexa entregado nas mans do verdugo que morrer o fará decapitado. Ante o tremendo Confucio, Altoum Kan confirma e xura respectar a lei¹³⁶.

(Terminada a lectura, Tartaglia bicará o libro, levarao ao peito e á fronte e devolverallo a Pantalón, quen, tras recibilo coa fronte no chan, se alzará e llo presentará a Altoum, o cal, tras levantar unha man, lla porá encima.)

120 ALTOUM – *(Suspirando)* Oh, lei! Oh, meu tormento!
Ante Confucio
confirmo e xuro respectar a lei.

(Pantalón meterase de novo o libro no peito. O Diván estará en completo silencio. Turandot porase en pé.)

¹³⁶ Lémbrese que o tatexo é a característica definitoria da 'máscara' de Tartaglia: toda a solemnidade da lectura do decreto na representación ficaría anulada pola comicidade da declamación tatexante.

- 121 TURANDOT – (*En ton académico*) Dime, estranxeiro: que criatura está en todas as cidades e castelos e en toda a parte, e se ve sen perigo entre vencidos e entre vencedores? Moí coñecida é a súa figura, pois é de todos amiga na terra. Quen quixer igualala estará tolo. Coñécela, mais responder non sabes¹³⁷. (*Senta*)
- 122 CALAF – (*Tras ollar o ceo en actitude pensativa e facer unha reverencia coa man na fronte a Turandot*) Feliz eu, pois de máis escuro enigma non me cargaches o peso! Princesa, quen podería ignorar que a criatura de todas as cidades e castelos, que con todos está e se ve segura entre vencidos e entre vencedores, e que non poderá ser igualada, e que –ai de vós!– eu coñezo, é o sol?
- 123 PANTALÓN – (*Alegre*) *Tartaglia, deo no centro da diana*¹³⁸!
- 124 TARTAGLIA – No seu mesmiño centro. (*Todos os Doutores abrirán o primeiro dos papeis selados, despois a coro*)

¹³⁷ No orixinal italiano a adiviña é un *madrigale* formado por oito hendecasilabos con rima consoante disposta do seguinte xeito: ABA BAB CC. No texto francés a adiviña é: «Hé bien, reprint Turandocte: dites-moi *quelle est la créature qui est de tout pays, amie de tout le monde, et qui ne saurait souffrir son semblable*. — Madame, répondit Calaf, c'est le *soleil*.» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebag), *op. cit.*, p. 246).

¹³⁸ As intervencións dos personaxes da *commedia dell'arte* despois de cada resposta de Calaf actúan como elementos atenuantes que rebaixan, a través da comicidade, a tensión provocada polo enunciado das adiviñas e a incerteza ante a resposta do príncipe. Ademais, por contraste, reforzan o dramatismo das intervencións das 'máscaras' tras o último enigma e o xesto de Turandot de se arrincar o veo que lle cobre a faciana, o que provoca un estado de confusión tal en Calaf que non é quen de responder inicialmente, o que dá lugar lugar a frases de desesperación por parte de Pantalón e Tartaglia (II, v, 147 e 148).

- 125 DOUTORES — Perfecto! Trátase do sol, do sol.
- 126 ALTOUM — (*Alegre*) Aos ceos, fillo, te encomendo, segue.
- 127 ZELIMA — (*Á parte*) Axuda, oh deuses!
- 128 ADELMA — (*Inqueda, á parte*) Impídeo, ceo;
que da princesa sexa esposo, impide.
Síntome falecer!
- 129 TURANDOT — (*Desdeñosa, para sí*) Que vencer poida!
Que o meu enxeño supere! Non, nunca!
(*Alto*) Escolita, tolo: explica o que direi.
(*Ponse en pé e segue con ton académico*)
A árbore en que a vida
os mortais todos perden,
de vellez infinita,
mais sempre nova e verde,
que ten brancas as follas,
por unha parte, e ledas;
cando o branco se perde
son polo revés negras.
Dime, entón, estranxeiro,
de que árbore discorro¹³⁹? (*Senta*)

¹³⁹ No orixinal italiano os heptasílabos riman en consoante segundo o esquema abab cdcd ee, que pode corresponder a unha estrofa de *canzonetta melica*. No texto francés, en realidade, esta é a terceira adiviña (obviamente Gozzi debe eliminar unha das da fonte para poder introducir a súa sobre Venecia con que se conclúe a tríade —*vid.* II, v, 142). Vexamos a segunda e a terceira no texto de Pétis: «*Quelle est la mère, reprit la princesse, qui, après avoir mis au monde ses enfants, les dévore tous quand ils sont devenus grands? —C'est la mer, répondit le prince des Nogaïs, parce que les fleuves qui vont se décharger dans la mer tirent d'elle leur source*». Tourandocte voyant que le jeune prince répondait juste à ses questions, en fut si piquée, qu'elle résolut de ne rien épargner pour le perdre. «*Quel est l'arbre, lui dit-elle, dont toutes les feuilles sont blanches d'un côté et noires de l'autre?*» Elle ne se contenta pas de proposer cette question; la maligne princesse, pour éblouir Calaf et l'étourdir, leva son voile en même temps, et laissa voir à l'assemblée toute la beauté de son visage [...] «—Je vous ai demandé, dit Tourandocte, *quel est l'arbre dont toutes les feuilles sont blanches d'un côté et noires de l'autre?* —Cet arbre, répondit Calaf, représente l'année, qui est composée de jours et de nuits.» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebag), *op. cit.*, pp. 246-247).

- 130 CALAF – *(Tras un momento de recollemento e despois de facer a reverencia habitual)* Que eu resolva os
enigmas, fachendosa
dama, non vos enfade. Esta planta
antiquísima e nova en que se perde
a vida dos mortais e ten as follas
brancas por riba e no revés negras,
cos seus días e noites ha ser o ano.
- 131 PANTALÓN – *(Alegre)* Tartaglia amigo, acertou ata o fondo!
- 132 TARTAGLIA – Recoñezámolo, xusto no centro.
(Todos os Doutores a coro tras abriren o segundo papel selado)
- 133 DOUTORES – Optimamente! O ano é, o ano é.
- 134 ALTOUM – *(Alegre)* Canta ledicia! Oh, deuses, que á fin
chegue!
- 135 ZELIMA – *(Á parte)* Oxalá fose a derradeira¹⁴⁰.
- 136 ADELMA – *(Nerviosa, á parte)* Pérdoo!
(Baixo a Turandot) Señora, os vosos triunfos
nun momento
ante o Diván perdedes. Venceravos¹⁴¹.
- 137 TURANDOT – *(Desdeñosa, baixo)* Cala! Afúndase primeiro o
mundo

¹⁴⁰ Sobreentendido: adiviña.

¹⁴¹ Adelma continúa enardecendo a Turandot contra Calaf no desenvolvemento da súa táctica de namorada. Dende esta perspectiva, a escrava encarna á muller intrigante capaz de calquera cousa para obter os seus obxectivos.

- e todas as persoas morran¹⁴². Necio,
eu aborrézote máis canto máis
esperas superarme. Do Diván
fuxe, evita a última adiviña, sálvate!
- 138 CALAF – Adorada princesa, só lamento
o voso odio. Cortádeme a cabeza
se da vos a piedade non é digna.
- 139 ALTOUM – Desiste, fillo; e, se non, miña filla,
desiste ti de propor máis enigmas.
Este o merece: sexa o teu esposo.
- 140 TURANDOT – (*Colérica*) O meu esposo! Que eu desista! A lei
cumprírase!
- 141 CALAF – Señor, non vos cansedes.
Morte pretendo ou Turandot por dona.
- 142 TURANDOT – (*Con forte desprezo*) Ti só coa morte has casar.
Halo ver.
(*Ponse en pé e segue co ton académico*)
Dime cal é aquela terrible fera,
cuadrúpede e alada, que piadosa
ama aos amigos mais... ai dos rivais!¹⁴³,
que tremer fixo o mundo e que orgullosa
vive e aínda triunfa e as ancas
sobre o mar inestable firmes pouxa,
mentres co peito e coa feroz gadoupa

¹⁴² O egoísmo e soberbia de Turandot aparecen aquí presentados de xeito hiperbólico: a princesa prefire que desapareza o mundo antes que se ver publicamente superada (o que ela interpreta coma unha humillación).

¹⁴³ Segundo Petronio (p. 272) o verso italiano é unha paráfrase do de Virxilio: *parcere subiectis et debellare superbos* (*Eneida*, VI, 853).

abrange inmensas terras¹⁴⁴. De dar sombra
feliz na terra e no mar nunca cansan
as fortes ás desta nova ave fénix¹⁴⁵. (*Tras reci-
tar o enigma, Turandot, furiosa, arrinca o veo
do rostro para sorprenden a Calaf*)
Mírame o rostro e non tremas. Se podes,
di o nome desta fera ou corre á morte.

- 143 CALAF – (*Confuso*) Que esplendor! Que beleza!
(*Queda atónito botando as mans aos ollos*)
- 144 ALTOUM – (*Preocupado*) Ai de
min, pérdese!
Fillo, non te conturbes; reacciona!
- 145 ZELIMA – (*Á parte, ansiosa*) Fáltame o aire.
- 146 ADELMA – (*Á parte*) Estranxeiro,
xa es meu.
Amor será o meu guía para obterte.
- 147 PANTALÓN – (*Impaciente*) *Vamos, vamos, fillo. Oh, se pui-
de-se axudalo! Fágomo por min só con pensar que
se poida perder*¹⁴⁶.

¹⁴⁴ En realidade, no 1762, ano da estrea de *Turandot*, a República de Venecia, a que fai referencia a adiviña, perdera moitos dos seus dominios da época de maior esplendor (*vid.* a última nota a II, v, 150).

¹⁴⁵ No orixinal os versos riman seguindo o seguinte esquema: ABA BCB CDC D. É dicir, trátase de tres tercetos e un verso de cerramento que rima co segundo do derradeiro deles para evitar que fique branco (é o esquema habitual dos tercetos encadeados xa dende a súa invención por Dante na *Divina Comedia*).

¹⁴⁶ *Me trema le tavernelle che el se perda*. Perrone (p. 169) traduce ao italiano: *Mi tremano le gambe che si perda* («Trémanme as pernas [co medo] de que se perda»). Da mesma opinión son Petronio (p. 273) e Bosio (p. 310). A tradución é correcta dende un punto de vista exclusivamente semántico («Tremare le tavernelle a qualcuno: per indicare uno stato di forte apprensione, di paura»: Battaglia, Salvatore, *Grande dizionario della lingua italiana*, Torino, UTET, 1961-2004, 26 vols., s. v. Tavernella), mais se temos en conta que *tavernella* é un sinónimo de *culata*, remendo de tamaño considerable posto na parte do pantalón que corresponde ás nádegas («Dicesi ad una grossa toppa messa a' calzoni nella parte deretana. Termine de' sarti.»), Nicolò Tommaseo – Bernardo Bellini, *Dizionario della lingua italiana*, Milano, Rizzoli, 1983, 20 vols., s. v. 'culata'), podemos concluír que moi probablemente neste contexto o termo *tavernella* indica metonimicamente o traseiro, polo que cremos que a expresión *tremare le tavernelle* posúe un valor expresivo coloquial, máis forte que o dunha simple manifestación de medo, próximo sen dúbida a 'facelo por un', 'cagarse por un co medo'.

- 148 TARTAGLIA – Se non fose polo respecto ao lugar, iría coller o frasquiño do vinagre na cociña¹⁴⁷.
- 149 TURANDOT – Mísero, morto estás. Da túa sorte quéixate a ti mesmo.
- 150 CALAF – (*Reaccionando*) Princesa miña,
foi a vosa beleza inesperada
que me atordou. Vencido eu non estou.
(*Volvéndose ao público*) Ti, cuadrúpede fera,
fera alada,
terror do mundo que triunfas e vives
sobre a terra e o mar, sombra ofrecendo
grata e feliz coas túas grandes ás
ao elemento inestable¹⁴⁸ e á terra,
aos teus ilustres fillos e aos teus súbditos,
nova, en verdade, ave fénix feliz,
es, si, do Adria o león feroz e xusto¹⁴⁹.

¹⁴⁷ Para facer volver á realidade a Calaf. Como en moitas outras ocasións, as intervencións dos personaxes da comedia da arte incorporan ao texto un contrapunto cómico e realista mesmo nas situacións máis dramáticas (se Calaf non consegue sobrepoñerse e dar a resposta, morrerá).

¹⁴⁸ O mar.

¹⁴⁹ Nome antigo do mar Adriático, quizais derivado da denominación da cidade homónima. O león do Adria é a República de Venecia (independente ata 1797), habitualmente representada coma un león (figuración omnipresente en Venecia) cuxa orixe está no símbolo que no tetramorfos corresponde ao evanxalista S. Marcos, patrón da cidade. O símbolo representa un león alado que sostén coa gadoupa dianteira dereita un libro aberto, o evanxeo, en que se pode ler en latín: «Pax tibi, Marce, evangelista meus» (a paz sexa contigo, Marcos, evanxalista meu). En período de guerra o símbolo cambiaba: o libro aparecía cerrado e o león sostíña unha espada na gadoupa. Segundo unha lenda, S. Marcos recibira o encargo de S. Pedro de fundar o patriarcado de Aquileia (na zona nororiental da península italiana). Tras cumprir o mandado, mentres volvía a Roma en barco, unha tempestade levou a súa nave a unha das illas sobre as que despois se asentaría Venecia. En soños aparecéuselle un anxo que o saudou coa devandita frase latina e lle comunicou que no futuro os seus restos repousarían nunha cidade maravillosa ergueita polo pobo crente que habitaría aquelas illas. O corpo do evanxalista foi transportado no ano 828 da cidade de Alexandría a Venecia por Buono e Rustico da Torcello aos que lles fora entregado polos sacerdotes que o custodiaban, na igrexa de S. Marco da cidade expicia, por medo a que o califa destruíse o templo. Os dous venecianos terían superado o control dos gardas sarracenos cubrindo o corpo do santo con herbas e peles de porco.

Con esta última adiviña Gozzi tenta claramente glorificar a República de Venecia e, xa que logo, contentar as súas autoridades e o público veneciano do teatro (tamén constitúe un xeito non demasiado sutil de *captatio benevolentiae*). Podemos imaxinar que no momento climático en que Calaf consegue superar as probas e salvar a vida —liberando a tensión acumulada entre os espectadores—, esta alu-

- 151 PANTALÓN – *(Con entusiasmo) Oh, sexas ti sempre bendito! Non me podo conter máis. (Corre a abrazalo)*
- 152 TARTAGLIA – *(A Altoum) Maxestade, aledádevos.*
(Os Doutores abren o terceiro papel selado, despois a coro)
- 153 DOUTORES – É o león do Adria, é verdade, é verdade.
(Escóitanse vitores alegres do pobo e un gran estrépito de instrumentos. Turandot cae desmaiada no trono. Zelima e Adelma asístena.)
- 154 ZELIMA – Dádevos paz, princesa. Conseguiuno.
- 155 ADELMA – *(Á parte) Perdido amor meu!... Non, non te perdín.*
(Altoum, alegre, descende do trono axudado por Pantalón e Tartaglia. Os doutores retíranse en fila ao fondo do escenario.)
- 156 ALTOUM – Filla, a miña tirana máis non sexas cos teus caprichos. Príncipe querido, ven aos meus brazos. *(Abraza a Calaf. Turandot, recuperada, guíndase colérica do trono)*
- 157 TURANDOT – *(Colérica)* Alto! Non espere este ser o meu home. Novamente propoñer quero tres novos enigmas

sión patrioteira (no 1762 a República estaba sumida nun proceso de decadencia irreversible, pois o poder económico e militar que fixera dela unha potencia europea de primeira liña era xa só unha lembranza), combinada co feito de que neste momento o actor declama volto ao público, incrementaría notablemente a excitación e o entusiasmo do auditorio.

- co novo¹⁵⁰ día. Para as probas tempo dabondo non me foi dado. Non puiden, canto eu quería, reflectir. Detede...¹⁵¹
- 158 ALTOUM – (*Interrompéndoa*) Indiscreta, cruel! Non hai máis tempo. Máis non te hei axudar. A dura lei xa toda se cumpriu, e aos meus ministros a sentenza confío.
- 159 PANTALÓN – *Perdoe. Non hai necesidade de máis adiviñas nin de cortar máis cabezas coma se fosen cabazas*¹⁵². *Este rapaz adiviñou, a lei xa foi cumprida e a voda ten que se celebrar*¹⁵³. (*A Tartaglia*) *Que dicides vós, chanceler?*
- 160 TARTAGLIA – Cumpridísima. Non hai necesidade de interpretacións. Que din os excelentísimos señores doutores?
- 161 DOUTORES – Cumprida foi, cumprida foi, abonda.
- 162 ALTOUM – Ao templo vamos xa¹⁵⁴. O descoñecido déase a coñecer e os sacerdotes...

¹⁵⁰ O políptoto está presente xa no orixinal.

¹⁵¹ A proposta de Turandot, incapaz de asumir o seu compromiso, materializa un novo elemento misóxino no texto, posto que implicitamente se afirma que as mulleres non son quen de manteren a súa palabra.

¹⁵² Traducimos co xenérico «cabazas» a máis precisa indicación do tipo de cabaza presente na intervención de Pantalón, *zucche baruche*: «ZUCA BARÛCA O ZUCA DE SCORZO DURO O DA INVERNO, *Zucca susi o gialla* o *Zucca popone*, Frutto notissimo, del genere delle Cucurbite detta da' Sistematici *Cucurbita melopepo carne crocea*, Dicesi anche *Zucca frataia*.» (Boerio, *Dizionario del dialetto veneziano...*, op. cit., s. v. Zuca).

¹⁵³ Traducimos *avemo da magnar sti confetti* (literalmente: «temos que comer estas améndoas confeitadas») —o *confetto* é un doce de azucre de forma oval en cuxo interior hai unha améndoa ou un piñón— por «a voda ten que se celebrar» porque este é o significado da frase proverbial en veneciano: «Quando se magna sti confeti? *Quando mangiamo o si mangiano i confetti?* Maniera nostra di domandare, che vuol dire *Quando si fanno le nozze?*» (Boerio, *Dizionario del dialetto veneziano...*, op. cit., s. v. Confetto). En realidade, a expresión non se usa só en veneciano, senón tamén en italiano.

¹⁵⁴ Para celebrar o matrimonio.

- 163 TURANDOT – (*Desesperada*) Ai, padre meu, por piedade,
suspéndase...
- 164 ALTOUM – (*Desdeñoso*) Non se suspenda: eu resolto estou.
- 165 TURANDOT – (*Caendo de xeonllos*) Meu pai, por todo o amor,
por todo canto
a vida amades, cando chegue o día
fáganse novas probas. Non soporto
esta vergoña. Morrerei eu antes
de someterme á soberbia deste home,
antes de esposa ser. Ai, só este nome
de consorte dun home, só o pensar
de subxugarme a el faimo morrer¹⁵⁵. (*Chora*)
- 166 ALTOUM – (*Colérico*) Obstinada, fanática, brutal,
máis non te escoito. Vamos xa, ministros.
- 167 CALAF – Érguete, miña fermosa tirana.
Señor, ai, por piedade, suspendede
as vosas ordes. Non serei feliz
se me aborrece ela. Este meu amor
non podería soportar ser causa
do seu tormento. Para que o afecto
se só o seu odio merecer consegue?
Tigresa miña, se eu non amolezo
a túa cruel alma, está tranquila,
o teu esposo non serei. Se ver
puideses este corazón ferido,
sentirías piedade! A miña morte
ambicionas? Señor, que lle concedan
novos enigmas: a vida desprezo¹⁵⁶.

¹⁵⁵ Para o público da época, especialmente despois da pintura que ata o momento se fixo de Calaf, esta actitude de Turandot sería incomprensible e antinatural.

¹⁵⁶ Nova manifestación da xenerosidade e o amor do virtuoso Calaf.

- 168 ALTOUM – Non, decidido estou. Vamos ao templo;
non se concedan máis probas... incauto...
- 169 TURANDOT – (*Impetuosa*) Vamos ao templo, mais sobre o
altar
morrerá a vosa filla.
- 170 CALAF – Morrerá!
Señor, princesa miña, concedédeme
unha graza. Co novo día, aquí,
no Diván, eu proporei o seguinte
enigma ao seu indomeable espírito:
quen é o pai daquel príncipe e cal nome
o mesmo príncipe leva, forzado
a mendigar o pan, a cargar pesos
a prezo vil para manter a vida,
o cal, tras alcanzar felicidade,
é moito máis desventurado que antes?
Mañá, aquí, no Diván, alma cruel,
do pai o nome e o nome do doente
adiviñade. Se non sodes quen,
liberade da angustia a un infeliz:
non me neguedes esa man amada,
ceda ese corazón. Se adiviñades,
coa miña morte e o meu sangue saciada
sexa esa alma feroz insuperable.
- 171 TURANDOT – Os vosos pactos acepto, estranxeiro¹⁵⁷.
- 172 ZELIMA – (*Á parte*) Novo risco correr.

¹⁵⁷ No retrato de Turandot que aos poucos se vai deseñando, esta actitude, en que a soberbia vence ao sentimento amoroso declarado anteriormente, constitúe outra peza da ideoloxía misóxina do autor: a muller é incapaz de dominar os seus baixos instintos mesmo cando posúe virtudes que a poderían axudar a contelos.

- 173 ADELMA – (Á parte) Nova esperanza.
- 174 ALTOUM – Eu non o acepto. Nada vos concedo.
Execútese a lei.
- 175 CALAF – (Axeonllándose) Alto señor,
se algo merezo, se piedade tedes,
a filla contentade e contentádeme.
Aí, non por min quede ela insatisfeita.
Desabafádea. Se ten enxeño,
o que propuxen no Diván explique.
- 176 TURANDOT – (Á parte) Morro coa indignación. Rise de min.
- 177 ALTOUM – Imprudente, que pides! Ti non sabes
canto enxeño ela ten... Enigma novo
eu vos concedo. Liberada quede
de ser a vosa esposa se adiviña;
mais non concedo xa novas traxedias:
aínda que acerte, salvo marcharás.
Non chore máis Altoum dores alleas.
(Baixo a Calaf) Sígueme... incauto, non sabes
que fas!
(Comeza de novo un son de marcha. Altoum cos
gardas, os doutores, Pantalón e Tartaglia, con
solemnidade, entrará pola porta por que saíu.
Turandot, Adelma, Zelima Truffaldino, os
eunucos e as escravas con tamborís entrarán
pola outra porta.)

ACTO TERCEIRO

(Estancia do serrallo.)

ESCENA I

(Adelma e unha escrava tártara confidente súa.)

178 ADELMA – *(Con brusquidade)* Máis xa non che permito
que me fales.
Os teus consellos máis xa non aturo.
No corazón outras voces escoito:
o amor que polo príncipe me abrasa,
o odio que sinto contra Turandot,
da escravitude a dor. Sufrín abondo.
Levo máis de cinco anos agachando
no meu peito o veneno; manifesto
resignación e amor por esta moza
que é a responsable da miña miseria¹⁵⁸.
Por estas veas sangue real corre,
Turandot superior a min non é.
Canto tempo calquera do meu rango
con infames cadeas coma escrava
debe servir? Os esforzos extremos
que eu fago por finxir xa me enfermaron;
día tras día voume desfacendo
coma neve co sol. Dime, coñeces

¹⁵⁸ De todo o que falan Calaf e Barach nas primeiras escenas do acto inicial da obra, vense a saber que Adelma é escrava de Turandot porque seu pai, o rei dos carazanos Queicobad, foi derrotado na guerra que el mesmo iniciara contra Altoum. O motivo da guerra foi que o fillo de Queicobad, e xa que logo irmán de Adelma, morrera de «extraño xeito» en Pekín (I, 1, 21): é dicir, decapitado por ter concurrido á proba das adiviñas de Turandot. Por toda esta concatenación de circunstancias, Adelma afirma que Turandot é a primeira culpable da súa desgraza.

aínda en min a Adelma? Decidida
estou a usar toda a miña arte. Quero,
polo vieiro do amor, a escravitude
ou a vida deixar¹⁵⁹.

179 ESCRAVA –

Non, non, señora...

Inda non é o momento...

180 ADELMA –

(*Con impeto*) Non me tentes
para que sufra máis. Non me molestes
cunha soa palabra nin sequera. (*A escrava,
tras facer unha inclinación cunha man na fron-
te, temerosa sairá*)

Olla a miña inimiga coa alma ardendo
de rabia, de vergoña, enlouquecida,
fóra de si. Este é o momento preciso
para tentalo ou morrer. Escoitemos¹⁶⁰.
(*Escóndese*)

¹⁵⁹ Adelma, seguindo antigos tópicos misóxinos, é presentada polo autor coma modelo da muller falsa, hipócrita e traizoeira, capaz de agachar durante anos rancor e odio; porén, na conclusión da obra, Adelma cambia de actitude ao descubrir a xenerosidade de Altoum, Calaf e Turandot (V, II, 476). De feito, merece ser subliñado que as personaxes femininas presentes en *Turandot*, aínda que en diferente grao, experimentan cambios e evolucionan ao longo do texto, como xa se indicou máis arriba.

¹⁶⁰ Neste acto, Adelma asume momentaneamente o protagonismo da obra, logrando dirixir, coa súa astucia, os movementos de todos os personaxes. É importante subliñar o feito de que as protagonistas de obra sexan dúas mulleres levadas por sentimentos negativos case ata a conclusión do texto (aínda que Calaf constitúe un rol importante na obra, a súa pasividade psicolóxica, cunha case que inexistente evolución, fan del unha especie de personaxe-símbolo, unha encarnación das virtudes estereotipadamente masculinas). A potencialidade ideolóxica do 'conto teatral' vese reforzada deste xeito, pois non se lle presenta ao público pasivamente unha descrición da muller, senón que é este o que vai deducindo das accións das protagonistas a súa 'maldade', presente por extensión (e por contraste cos personaxes masculinos, todos positivos coa excepción de Truffaldino, que non pode ser considerado totalmente varón porque é un eunuco) en todo o xénero feminino.

ESCENA II

(*Turandot, Zelima, despois Adelma.*)

- 181 TURANDOT – Zelima, máis non podo. Só pensando
nesta vergonza miña sinto un lume
que a alma me abraza.
- 182 ZELIMA – Como pode ser
que un home tan amable, tan fermoso,
tan xeneroso, e namorado tanto
no voso peito esperte só desdén¹⁶¹?
- 183 TURANDOT – Non me atormentes... sabe... que vergoña
dicilo...! El espertou dentro de min
descoñecidas emocións opostas...
Non, verdade non é. Eu ódoo a morte.
El foi causante da miña vergonza
ante o Diván¹⁶². En todo o reino, e fóra,
saberase que fun vencida e todos
rirán da miña ignorancia. Se o sabes¹⁶³,
axúdame Zelima, pois mañá,
co amencer, meu pai quere que se xunten
os doutores e, se eu non dou resolto
o escuro enigma que me foi proposto,
que se celebre no momento a voda.
«Quen é o pai daquel príncipe e cal nome
o mesmo príncipe leva, forzado
a mendigar o pan, a cargar pesos

¹⁶¹ Zelima encarna a muller sinxela, inxenua, virtuosa, dócil e manexable: o ideal feminino proposto por Gozzi.

¹⁶² De novo a vangloria, a soberbia, logran vencer o sentimento amoroso en Turandot.

¹⁶³ Se sabes a resposta á adiviña de Calaf.

a prezo vil para manter a vida,
o cal, tras alcanzar felicidade,
é moito máis desventurado que antes?»¹⁶⁴
Decátome que aquel descoñecido
o príncipe é, mais alguén poderá
o nome adiviñar do pai e o seu,
se non se sabe quen é, se o gran kan
lle concedeu a graza de ocultarse
ata da proba a fin? Eu acepteino
para evitar casar. Ah, que é imposible
que eu o adiviñe! Dime, que hei facer?

184 ZELIMA – Aquí en Pekín algúns a máxica arte
ben coñecen; tamén hai quen a cábala¹⁶⁵
vos pode ler: podeades acudir
a un destes¹⁶⁶.

185 TURANDOT – Non estou, Zelima, tola
coma ti. Estes farsantes para o vulgo
son, pois é a ignorancia un campo fértil
para os enganos destes raposeiros.
Outra idea non tes?

186 ZELIMA – Debo lembrarvos
as verbas, os suspiros e a dor moita
daquel heroe, como se prostrou

¹⁶⁴ Son as palabras de Calaf en II, v, 170.

¹⁶⁵ Sistema esotérico hebreo de interpretación mística das sagradas escrituras. Por extensión, indica un sistema de adiviñación de carácter popular en que se interpretan letras, números, debuxos ou soños.

¹⁶⁶ Como no caso de Adelma e Turandot (e tamén, aínda que en menor grao, Schirina), o retrato de Zelima é rico e contrastante: se antes foi debuxada como unha muller virtuosa e sinxela, agora preséntase como unha persoa supersticiosa e pouco intelixente. É importante subliñar que neste punto (e en moitos outros), aínda que partindo de presupostos ben diferentes, Gozzi chega a conclusións similares ás dos ilustrados.

aos pés do voso pai para pedir
graza por vós¹⁶⁷?

187 TURANDOT –

Non sigas a falar!

Este meu corazón... Non, non é certo!
A morte eu ódioo. Ben sei que malvados
os homes son, falsarios mentireiros
incapaces de amar. Finxen amor
para enganar rapazas, mais en canto
as posúen, non só máis non as aman,
senón que desprezando o nó da voda,
de muller en muller van, sen vergoña
de dar o corazón ás máis rastreiras
mulleriñas do vulgo e ás máis sucias
escravas, ás pendangas¹⁶⁸. Non, Zelima,
del non me fales. Se mañá vencesse,
máis que a morte o odiarei. Imaxinar-me
muller ao home suxeita, imaxinar-me

¹⁶⁷ De novo a Zelima razoable, a muller que asume que o destino natural dunha rapaza é casar (ou entrar nun mosteiro, posibilidade obviamente impensable na *Turandot*).

¹⁶⁸ Nesta intervención Turandot fai o retrato do libertino, figura frecuente no século XVIII en Venecia. Neste caso a princesa expresa a crítica moral e o desprezo que lle merecen tales persoas ao autor. Como se pode constatar nesta e noutras ocasións, Turandot é un personaxe ambivalente que simultaneamente encarna a muller irracional e rebelde e, xa que logo, merecente de crítica e reprobação por parte do autor e do público, mais tamén nalgunhas circunstancias a rapaza intelixente que sabe recoñecer os perigos dunha sociedade corrupta e inmoral (tal e como en moitos aspectos vía Gozzi o mundo da súa época). Ao respecto, pode resultar moi interesante ler un fragmento dun longo poema de Gozzi, *Al simulacro di Niobe*, contra a corrupción moral da súa época (na nosa opinión un dos textos máis interesantes do autor, a pesar de que hoxe estea case totalmente esquecido), en que unha voz narrativa reprocha ironicamente a Anfión que fose fiel á súa dona e non frecuentase prostitutas: «Come un'uom qual tu fosti, e di sì rare | virtudi adorno inusitate, e belle, | sì imbecil spiro poi chiusa nel seno | d'amar la sposa, e di voler gl'amplessi | tutti dare alla sposa, e far la sposa | per sette volte, ed altrettante incinta | di sette maschi, e d'altrettante figlie, | onde una debil fantasia donnesca | lieta di tal fecondità, nel mezzo | a sì fiorita, e numerosa prole | si levasse in superbia, e ciecamente, | con sprezzante atto, baldanzosa, e fiera | gridasse poi nel giubilo di madre: | Cedi Latona, io più di te m'estimo? | Perchè, Anfion, nella più fresca etade | la robustezza tua snervata, e fiacca | non render sì, pria di passare al nodo | coniugale con lei, che tanta forza | ti rimanesse da poter due figli | debili, e infermi procreare appena? | Mancavano a' tuoi di leggiadre, e belle | verginette in palese, ed in secreto | Veneri impure? Non aveano forse | danzatrici i Teatri, e gorgheggianti | gole di vaghe languidette e accorte | finte Didoni, e Berenici, e Argene?» (Gozzi, Carlo, *Al simulacro di Niobe. Sermone di Carlo Gozzi, in Nuova raccolta di operette italiane in prosa ed in verso inedite o rare*, s. n. t. (mais Treviso, Giulio Trento, 1795), vol. X, pp. 5-20, vv. 33-58).

por el vencida, tal furor me causa
que creo tolear¹⁶⁹.

188 ZELIMA –

Señora miña,
é a vosa idade nova que arrogancia
vos esperta no peito! Chegará
un triste tempo no que os pretendentes
han faltar e en van vos lamentaredes.
Que perdedes? Que honor? Que tola gloria...?

189 ADELMA –

*(Que, aos poucos, terá avanzado mentres escoli-
taba, interrompéndoa con seriedade)*
Quen é de baixa orixe ter non pode
ideas diferentes a Zelima.
Perdón, Zelima, mais dunha princesa
que, ante o Diván con pública vergonza,
tras unha vida de gloria e trofeos,
sexa vencida, mal coñecer podes
a humillación e a inevitable dor.
Con estes ollos vin eu a fachenda
de homes cen e un burlarse malicioso,
como se fosen necios, dos enigmas
propostos, e só puiden desprezalos,
pois de verdade eu quéroa¹⁷⁰. Que dis
da súa situación? Vese forzada,
contra a súa vontade e inclinación,
a deber aceptar o matrimonio.

¹⁶⁹ De novo a irracionalidade se impón en Turandot. A mensaxe autorial é clara: a pesar da intelixencia, dos momentos de lucidez, a muller non é quen de se valer axeitadamente por si mesma, polo que debe asumir como imprescindible o sometemento aos ditados do pai ou do marido (de feito, o detonante da terrible situación que se presenta na obra é a inversión deste principio, pois neste caso é o pai, Altoum, o que se suxeita ás decisións, ao capricho da filla ao aceptar as súas condicións para casar).

¹⁷⁰ Adelma afirma que desprezou os homes que se burlaron fachendosos dos enigmas pensando que serían necias adiviñas, pois aprecia sinceramente a Turandot: téñase en conta que todas as palabras e accións de Adelma están encamiñadas a obter para si a Calaf, polo que non dubida en utilizar a mentira e calquera outro medio que lle poida ser útil. O novo matiz que o autor engade deste xeito ao seu retrato da muller é o da hipocrisía (que se manifesta amplamente nas súas seguintes intervencións).

- 190 TURANDOT – (*Impetuosa*) Máis non me acendas!
- 191 ZELIMA – Mais que desventura
é ser consorte?
- 192 ADELMA – Ai! Cala, por favor.
Non tes por que entender o sufrimento
dun nobre corazón neste accidente.
Non son aduadora. A ti péceche
pouco o seu xeneroso compromiso
de adiviñar os nomes intervindo
ante o Diván mañá diante do vulgo?
Que ha suceder, se falando ante o pobo
responde neciamente ou recoñece
que o compromiso seu foi tolaría?
Paréceme mil burlas e risadas
do público escoitar coma se fose
unha infeliz actriz que en erro caia
mentres actúa.
- 193 TURANDOT – (*Furiosa*) Ten en conta, Adelma,
que se non dou cos nomes, decidido
teño afondar un coitelo no peito
no mesmo templo.
- 194 ADELMA – Non, princesa miña:
ou con ciencia ou engano saberemos
a resposta ao enigma.
- 195 ZELIMA – Ben, se Adelma
a ama tanto e coñece máis ca min,
déalle a súa axuda.

196 TURANDOT –

Cara Adelma,
socórreme, do pai o nome e o seu
como podo saber sen coñecelo,
se non sei de onde vén?

197 ADELMA –

El no Diván
dixo que había xente aquí en Pekín
que o coñece. Pescúdense sen pausa,
gástense xemas e ouro en cantidade.
Débese poder todo.

198 TURANDOT –

De ouro e xemas
dispón canto desexes. Un tesouro
non importa, se eu sei.

199 ZELIMA –

E onde gastalo?
A quen buscar? Con cales subterfuxios,
aínda investigando, tal traizón
ocultar e facer que non se saiba
que con enganos e non por enxeño
ela os seus nomes descubriu?

200 ADELMA –

Zelima
será quizais traidora revelándoo¹⁷¹?

201 ZELIMA –

(*Con ira*) Oféndesme de máis. Princesa miña,
aforrade o tesouro. Desexaba
aplacar a alma vosa e convencervos
esperaba de dar a vosa man
a un namorado que me entenreceu.
Sexa eu parcial, pois debo obedecer

¹⁷¹ No seu afán por levar adiante o seu plano, Adelma non dubida en apartar, ofendéndoa con mentiras, a única persoa do círculo de Turandot que desexa axudala e aconsellala dende a virtude.

a quen obedecer debo¹⁷². Schirina,
 a miña nai, veu visitarme alegre
 pola resolución das adiviñas;
 non sabendo da proba de mañá,
 confesoume que o príncipe estranxeiro
 na súa casa se aloxou, que Assán,
 meu padraστο, o coñece e moito o quere.
 Pregunteille o seu nome, mais respondeume
 que Assán non llo dixera e que se nega
 a revelarllo. Facer prometeume
 o que puidese todo. Do amor meu
 por Turandot dubida, se o merezo. (*Entra
 desdeñosa*)

202 TURANDOT – Ven, Zelima, aos meus brazos. Por que marchas?

203 ADELMA – Zelima, Turandot, un bo camiño
 vos descubriu, mais é curta de mente.
 É estúpido esperar que voluntario,
 sen usarmos astucia, o seu padraστο,
 cando saiba da proba, diga os nomes.
 Non se perda máis tempo. En reservado
 lugar executar un meu consello
 debes, se en min tedes fe.

204 TURANDOT – Si, amiga,
 todo farei por vencer o estranxeiro. (*Entra*)

¹⁷² A decisión de Zelima posúe un evidente valor negativo, posto que implica a súa aceptación do plano de Adelma, a pesar de que non entende o rexeitamento de Turandot a casar con Calaf (é dicir, manifesta a súa simpleza ao caer na trama de Adelma e a súa debilidade ao preferir actuar mal antes que ser considerada traidora á súa ama). No entanto, esta actitude tamén indica o alto valor que Adelma outorga á virtude da fidelidade. Deste xeito, atopámonos de novo cun personaxe, feminino, poliédrico.

205 ADELMA – Amor, socórreme, préstame axuda
nos meus desexos e poida saír
desta escravitude. Ábrame a soberbia
desta miña inimiga¹⁷³ o meu camiño. (*Entra*)

ESCENA III

(*Sala dos apousentos reais.*)

(*Calaf e Barach.*)

206 CALAF – Mais se o meu nome e mais o de meu pai
son coñecidos só nesta cidade
por ti; se o noso reino é moi distante
desta rexión e nos foi usurpado
hai ben xa máis de oito anos. Agachados
sempre vivimos e a fama espallou
a voz da nosa morte. Ah, que se perde
facilmente a lembranza de quen cae
en miseria, Barach!

207 BARACH – Non, imprudencia
foi, señor, perdoade. Os desgrazados
mesmo dos imposibles temer deben
sempre. Os muros, as árbores, as cousas
inanimadas ata voz adquiren
para falar contra os infortunados.
Eu non logro ter paz. Vós conseguides
unha muller tan famosa, tan bela,
xunto cun reino, poñendo en perigo

¹⁷³ Turandot, rival, primeiro na guerra e agora en amor, da princesa tártara.

a vosa vida, e despois, nun momento,
perdeuse todo por debilidade¹⁷⁴.

208 CALAF – Non calcules, Barach, polo interese
a intensidade do amor meu. Non viches,
amigo, da princesa, vida miña,
o furor, a ira, a desesperación
contra min no Diván.

209 BARACH – Debía un fillo,
non no furor de Turandot, vencida,
mais pensar na miseria en que ficaron
os seus coitados pais un día en Berlas¹⁷⁵.

210 CALAF – Quixen satisfacela. Non me rifes.
Pretendo amolecer o seu espírito.
A miña acción quizais non a desgusta.
Algo de gratitude quizais sente.

211 BARACH – Quen? Turandot? Non vos ilusionedes!

212 CALAF – Eu non podo perdela. Barach, dime:
ti non me descubriches, non si? Nada
á túa dona contaches, verdade?

213 BARACH – Nada dixen, señor. As vosas ordes
sabe cumprir Barach, mais tremo todo
por un presentimento que me espanta¹⁷⁶.

¹⁷⁴ Refírese á nova oportunidade que Calaf lle dá a Turandot ao proporlle os novos enigmas, entenrecido ante a desesperación da princesa pola súa derrota.

¹⁷⁵ O reproche de Barach é perfectamente coherente no esquema ideolóxico de Gozzi.

¹⁷⁶ A frase de Barach adianta ao público que, a pesar do que pode parecer, os acontecementos cambiarán o seu rumbo e que a previsible conclusión feliz da obra (*Turandot* é un «conto traxicómico») aínda tardará en chegar. Deste xeito conséguese manter a tensión na representación nun punto de certa inflexión climática.

ESCENA IV

(Pantalón, Tartaglia, Brighella, soldados e devanditos.)

- 214 PANTALÓN – *(Saíndo afanoso) Oh, aquí está, aquí está, recoiro!*
- 215 TARTAGLIA – *(A Calaf) Alteza, quen é este?*
- 216 PANTALÓN – *Pero onde se mete? Con quen fala?*
- 217 BARACH – *(Á parte) Ai de min! Que será!*
- 218 CALAF – *Non o coñezo.
Aquí atopeino por casualidade.
Preguntáballe cousas da cidade*
- 219 TARTAGLIA – *Perdoádeme, vós sodes un rapaz coa cabeza chea de paxaros e tedes un espírito xentil dabondo: xa me dera conta no Diván. Por que demo fixestes aquela estupidez?*
- 220 PANTALÓN – *Oh, basta xa, o que está feito, feito está! Alteza, vostede¹⁷⁷ non se dá conta de que ten a auga ao pescozo e se nós non botamos un ollo ao que fai, deixarase marear coma un parvo. (A Barach) Prezado don bigotes, este non é lugar para vós. {(A Calaf)} Vostede, alteza, faga o favor de retirarse ao seu apartamento. {(A Brighella)} Brighella, xa se deu a orde para que se poñan de garda dous mil soldados armados, e vós custodiaredes cos vosos paxes ata mañá as portas da súa habitación para que non entre ninguén.*

¹⁷⁷ Nos tratamentos de respecto utilízanse «vós» e «vostede» (o segundo indica unha maior deferencia).

*Levádeo escoltado polos homes armados e cumpri-
 pride co voso deber. {(A Calaf)} Esta é unha
 orde do emperador, sabe? El apréciao de cora-
 zón, sen dúbida ningunha, treme só con pensar
 que poda pasar algo. Se vostede non se converte
 no seu xenro mañá á mañá, penso que ese pobre
 ancián morrerá co desgusto. Pero, perdóeme, o
 desta mañá foi unha grandísima rapazada!
 (Baixo a Calaf) Por caridade, que non se lle
 escape da boca o nome; aínda que, se llo quixe-
 se dicir a este honrado velliño, tomaríao coma
 unha gran cortesía. Farialle este regalo?*

- 221 CALAF – Obedecedes mal ao señor voso.
- 222 PANTALÓN – *Moi ben dito! Todo voso, don Brighella.*
- 223 BRIGHELLA – *Acabe xa coas chácharas e déixenme a min os feitos.*
- 224 TARTAGLIA – Señor Brighella, poñede atención, que están en xogo as nosas cabezas.
- 225 BRIGHELLA – *Ben sei canto vale a miña cabeza, non necesito que mo lembren.*
- 226 TARTAGLIA – *(Baixo a Calaf) Sinto unha curiosidade que morro por saber o voso nome. Ai, se me fixédes a graza de mo dicir, sabería gardalo ben gardadiño eu!*
- 227 CALAF – Téntasme en van, xa o saberás mañá.
- 228 TARTAGLIA – Moi ben, si señor!

- 229 PANTALÓN – *Alteza, ao voso servizo*¹⁷⁸. (A Barach) *E vós, querido don bigotes, fariades mellor indo a fumar unha pipa na praza que ficando neste pazo. Aconséllivos que vos ocupedes dos vosos asuntos, faredes mellor. (Entra)*
- 230 TARTAGLIA – Si, moito mellor! Tesme un fociño de lampantín que non che me gusta nadiña. (Entra)
- 231 BRIGHELLA – *Permitame obedecer a quen pode mandar. Fágame o favor de entrar decontado no seu apartamento.*
- 232 CALAF – Contigo vou. (A Barach) Amigo, ata despois. Xa nos veremos en mellor momento.
- 233 BARACH – Señor, ás súas ordes.
- 234 BRIGHELLA – *Allons, allons*¹⁷⁹, *abonda xa de cumpridos. (Ordena aos soldados escoltar a Calaf e entran)*

ESCENA V

(Barach, despois Timur.)

(Timur será un vello tremente con vestiduras que indiquen unha extrema miseria.)

¹⁷⁸ É unha fórmula de despedida.

¹⁷⁹ En francés no orixinal, con valor cómico-actualizante. Segundo Giovannuzzi (p. 140), trátase dun galicismo frecuente no veneciano da época.

- 235 BARACH – *(Cara a Calaf, que marcha rodeado de homes armados)* Pobre príncipe,
gárdete o ceo. Pola miña parte
a boca pecharei.
- 236 TIMUR – *(Vendo marchar o fillo rodeado de homes armados, axitado, para si)*
Ai de min! Fillo!
Entre soldados! De Carizmo o cruel
sultán, do reino noso usurpador,
ata en Pekín conseguiu alcanzalo!
Con el eu morrerei. *(Desesperado disposto a seguilo)* Calaf, Calaf...
- 237 BARACH – *(Sorprendido, desenvaiñando a cimitarra e suxeitándoo por un brazo)*
Vello, detente, cala, cala ou mátote!
Quen es ti? De onde vés? Como é que sabes dese rapaz o nome?
- 238 TIMUR – *(Observándoo)* Deus! Barach!
Ti aquí en Pekín! Rebelde ti tamén!
Na man coa espada contra o teu monarca
en desgraza caído, e contra o fillo?
- 239 BARACH – *(Sumamente sorprendido)*
Ti es Timur!
- 240 TIMUR – Si, traidor, fíreme, fire!
Os meus días remata. Canso estou
desta vida e non quero seguir vivo
se os ministros máis fieis traidores vexo
por interese, e o meu fillo contemplo
ao bárbaro furor sacrificado
do sultán inhumano de Carizmo. *(Chora)*

- 241 BARACH – Señor! Pobre de min! Este é o meu príncipe!
Si, recoñezoo, si. (*Axeónllase*) Meu soberano,
suplicovos perdón! O meu furor
foi polo voso amor! Por canto amades
o voso fillo, nunca pronunciades
nin o seu nome nin o de Timur.
Aquí eu chámome Assán e non Barach.
(*Alzándose e mirando ao redor preocupado*)
Ai! Que, se cadra, o oíron! Decídeme:
en Pekín está Elmaze, a vosa dona?
- 242 TIMUR – (*Sempre chorando*) Non me lembres a miña
amada esposa.
Nun mesquiño asilo, Barach, en Berlas
entre a angustia pasada e a presente,
cedendo ao duro destino, co nome
do amado fillo nos labios, e a fronte
pousando neste meu peito afluxido,
entre estes brazos coitados e cansos,
mentres me consolaba, faleceu.
- 243 BARACH – (*Chorando*) Pobre princesa!
- 244 TIMUR – Eu, xa desesperado,
do meu querido fillo na procura,
e á procura da morte a Pekín chego,
e en canto chego o mísero fillo
vexo entre armas levado ao seu destino.
- 245 BARACH – Marchemos, señor. Non vos preocupedes.
Quizais mañá será feliz, e vós
tamén con el, con tal que non vos saia
dos labios o seu nome nin o voso.
Aquí eu non son Barach, senón Assán.

- 246 TIMUR – Mais que misterio...?
- 247 BARACH – Lonxe destes muros
desvelareivos todos os segredos.
Vamos, vamos, señor. (*Olla ao redor cheo de
sospeitas*) Pero que vexo!
Pobre de min! Do serrallo Schirina
saíndo! De onde vés?

ESCENA VI

(*Schirina e devanditos.*)

- 248 SCHIRINA – A gran ledicia
pola vitoria do descoñecido
hóspede noso, fíxome curiosa
por saber como esa fera salvaxe
aceptaba o nó do matrimonio,
e así vin ao serrallo con Zelima
a festexalo.
- 249 BARACH – (*Con desdén*) Imprudente muller¹⁸⁰...
Lingoreteira, ti todo non sabes,
mais corriches ao harén. Ben te busquei
para prohibirche o que vés de facer,
mais a imbecilidade feminina
é máis solícita que o pensamento

¹⁸⁰ A pintura inicial dunha Schirina esposa fiel e virtuosa (I, IV, 65) vese agora ensombrecida polo seu carácter lingoreteiro e necio. Como xa se subliñou anteriormente en varias ocasións, os retratos das mulleres na obra non son nunca unidimensionais. Este feito fai de *Turandot* unha galería das tipoloxías femininas segundo a ideoloxía de Carlo Gozzi.

sabio do home, que sempre chega tarde¹⁸¹.
De que falastes? Paréceme oírte
dicir con necio contento: «Zelima,
hóspede noso é ese descoñecido,
o meu home coñéceo e adórao.»

250 SCHIRINA – (*Mortificada*) E logo fixen mal se iso lle dixen?

251 BARACH – Non, podes confesalo. A ver, dixéchesllo?

252 SCHIRINA – Díxenllo. Pretendía tamén ela
o seu nome saber e eu prometinlle...

253 BARACH – (*Impetuoso*) Pobre de min! Estou perdido!
Estúpida!
Fuxamos.

254 TIMUR – Dime: que misterio é este?

255 BARACH – (*Moi nervioso*) Fuxamos de Pekín, deste lugar
fuxamos xa. (*Olla dentro*) Ai de min! Xa non
hai tempo...
Ai, da cruel Turandot os eunucos!
(*A Schirina*) Ingrata... ingrata... tola... Eu xa
non podoo
fuxir. Escapa ti, e este miserable
agacha e salva contigo.

256 TIMUR – Mais, dime...

257 BARACH – (*Baixo a Timur*) Selade os labios. Nunca o
voso nome
vos escape da boca. Ti, Schirina, (*Con présa*)

¹⁸¹ A afirmación non precisa comentario.

se gratitude dos teus beneficios...,¹⁸²
 se algún remedio ao gran mal que fixeches
 queres opor, non na túa vivenda,
 mais noutra casa agáchate, e este vello
 contigo agacha ata que xa a metade
 do día de mañá pase.

258 SCHIRINA –

Marido...

259 TIMUR –

Ven connosco. Por que...?

260 BARACH –

Non repliquesdes.
 Búscanme. Fun descuberto. Marchade.
 Eu teño que ficar. Non te demores.
 (*Olla dentro*) Ídevos agachar... Obedecede.

261 TIMUR –

Pero, por que non podes...?

262 BARACH –

(*Inquedo*) Deus! Que pena!
 (*Olla dentro*)

263 SCHIRINA –

Dime: o meu erro cal foi?

264 BARACH –

Ai de min!
 (*Empurrándoos*) Ide. Ocultade o voso nome.
 (*Olla dentro*) En van
 perdo tempo e consello... Ingrata esposa...!
 Pobre ancián! Desafortunado ancián!
 Fuxamos todos pois. Ai, que é xa tarde.
 (*Todos en actitude de fuxiren*)

¹⁸² Segundo Beniscelli (p. 172) é unha antífrase irónica, pois, como di no verso seguinte, a muller causou un gran mal. Aínda que nos parece unha hipótese sostible, cremos que tamén pode facer referencia aos beneficios que Barach obtivo ao casar con ela («...Aquí dos seus bens vivo», I, I, 8).

ESCENA VII

(Truffaldino, eunucos armados e devanditos.)

*(Truffaldino deteraos apuntándolles as armas ao peito.
Mandaré bloquear todas as vías de fuxida.)*

- 265 BARACH – Sei que se busca a Assán: aquí me tes.
- 266 TRUFFALDINO – [*Que non organice leas; que veu para facerlle un gran favor.*]
- 267 BARACH – Si, ao serrallo levarme queres. Vamos.
- 268 TRUFFALDINO – [*Esaxera sobre a gran sorte de Assán. Que, se unha mosca entra no serrallo, mírase se é macho ou femia, e, se é macho, empálase etc. Pregunta quen é o vello.*]
- 269 BARACH – É un pobre que eu non coñezo. Marchemos.
- 270 TRUFFALDINO – [*Que decidiu facerlle tamén un gran favor a aquel pobre vello. Que quen é aquela muller.*]
- 271 BARACH – Sei que a túa señora a min me busca.
Deixa ese miserable. Esa muller
eu nunca vin nin sei quen pode ser.
- 272 TRUFFALDINO – [*Colérico, bérralle a Barach pola mentira que dixo. Que el sabe que é a súa dona e a nai de Zelima, que a ten vista no serrallo. Ordena maxestosamente aos seus eunucos que oculten as tres persoas e, co amparo da escuridade da noite, que as leven ao serrallo.*]

- 273 TIMUR – Di, que será de min?
- 274 SCHIRINA – Eu nada entendo.
- 275 BARACH – Que ha ser de ti, vello? Que ha ser de min?
Eu todo sufrirei: ti aguanta aínda.
O que che dixer non esquezas. Paga
serás agora, muller.
- 276 SCHIRINA – Nada entendo.
- 277 TRUFFALDINO – [*Ameazante, fai que os tres sexan cubertos, e entran.*]

ACTO CUARTO

(Noite.)

(Atrio con columnas. Unha mesa cunha grandísima bandexa chea de moedas de ouro)

ESCENA I

(Turandot, Barach, Timur, Schirina, Zelima, eunucos.)

(Os eunucos atarán a dúas columnas, separados, a Barach e Timur, que estarán en camisa ata a cintura. Zelima e Schirina estarán nun lado chorando, Turandot ao outro en actitude feroz.)

278 TURANDOT – Tempo tendes aínda de salvarvos.
Prégovolo. Aquel monte de ouro é voso,
mais se do pai e do príncipe os nomes
seguides ocultando, flaxelados
polos robustos brazos dos meus servos
sen compaixón ningunha morreredes¹⁸³.
Meus servidores, listos ao meu xesto.

(Os eunucos, tras faceren unha profunda reverencia, ármanse de bastóns)

279 BARACH – Estás contenta, Schirina? Xa ves
o efecto do teu erro. (Con forza) Turandot,
saciádevos a gusto. Non desexo

¹⁸³ Neste acto Gozzi continúa profundando na pintura da crueldade de Turandot.

suspender os tormentos: prefiro antes morrer. Cruéis serventes, golpeádeme, veña! Do príncipe descoñecido sei quen é o pai, e de ambos os seus nomes, mais o suplicio, a morte sufrir quero antes que revelalos¹⁸⁴. Os tesouros menos que a lama aprecio. Ti, consorte, non te aflixas por min. As túas bágoas, se un peito bárbaro poden amolecer, por aquel pobre vello só derrama. Quede o mísero a salvo¹⁸⁵. (*Chorando*) A súa culpa é só ser meu amigo.

- 280 SCHIRINA – (*Suplicando*) Ai, piedade...!
- 281 TIMUR – Ninguén sufra, ninguén se preocupe dun que ben sabe que só a morte pode libralo da desgraza. {(A Barach)} Amigo, quero salvarte a ti e morrer eu¹⁸⁶. {(A Turandot)} Cruel, sabe...
- 282 BARACH– (*Impetuoso*) Non saia o nome do descoñecido da vosa boca ou está condenado.
- 283 TURANDOT – (*Sorprendida*) Vello, sábelo entón?

¹⁸⁴ Neste momento asistimos á apoteose da principal virtude de Barach (e que debería ser o principal ornamento do carácter de todo súbdito cara ao seu soberano para Gozzi): unha lealdade capaz de afrontar calquera sacrificio.

¹⁸⁵ Coherentemente coa súa absoluta lealdade, Barach non suplica graza para el, senón para o seu señor, Timur.

¹⁸⁶ A lealdade de Barach obtén o premio do ofrecemento de Timur. A lectura do paso, conservadora e paternalista, é clara: a fidelidade de súbdito verase sempre amplamente recompensada polo seu soberano, que 'coidará' del ata as últimas consecuencias.

- 284 TIMUR – Se o sei? Cruel!
(Dirixíndose a Barach) Dime, amigo: este misterio, por que revelalo non podo?
- 285 BARACH – Porque é a morte segura do infeliz, porque perdidos todos estamos.
- 286 TURANDOT – Vello, máis non temas. Este quere asustarte. Servidores, golpeade o audaz. *(Os eunucos apréstanse a golpealo)*
- 287 SCHIRINA – Ai, que gran pena! Marido meu... marido meu... Detédevos...
- 288 TIMUR – Onde me vexo...! Que sufro...! Princesa, xúrame pola túa alma que a vida deste salva será e que será salva a do descoñecido. Sobre a miña caia todo o martirio. Non me importa nada salvala. Prométoche todo revelarte.
- 289 TURANDOT – Ante Confucio solemne xuramento pola alma miña fago que salva a vida do descoñecido será, e tamén as vosas. *(Leva a man á fronte¹⁸⁷)*

¹⁸⁷ En realidade Timur pídelle a Turandot que xure pola súa cabeza e ela responde cun xuramento pola súa fronte, o que xustifica plenamente o xesto de levar a man a esta parte da súa testa. Preferimos traducir libremente cun xuramento pola alma: cremos que non afecta ao xesto da didascalía, que se pode interpretar como un xeito de dar solemnidade ao voto.

- 290 BARACH – (Con audacia) Mentireira¹⁸⁸!
Vello, detente; tal xurar agacha
veleno. Turandot, tamén xurade
que, tras saber os dous nomes, habedes
casar co príncipe, como debedes
–sabédelo moi ben– e que el non morre
de anguria, rexeitado, ou que se mata.
E xurade tamén que as nosas vidas,
unha vez que saibades os dous nomes,
se verán libres dunha cruel morte
ou de verse pechadas en perpetuo
cárcere, e así evitar que se coñeza
a vosa aborrecible e gran traizón.
Se isto xurades, primeiro serei
en revelarvos os ansiados nomes.
- 291 TIMUR – (Abraiado) Que misterios son estes! Ceo,
líbrame
desta miseria!
- 292 TURANDOT – (Desdeñosa) Cansa estou de tantos
teimudos. Servos, facede que morran
os dous¹⁸⁹. (*Os eunucos apréstanse para golpealos*)
- 293 SCHIRINA – Piedade, señora, piedade...
Suplícovos piedade.

¹⁸⁸ A acusación e as seguintes peticións de Barach débense a dous motivos: Turandot xura respectar a vida do descoñecido, mais en canto saiba o seu nome, deixará de ser descoñecido, polo que xa non estará a salvo da ira da princesa; ademais, non xura casar con el. A isto debe engadirse que, aínda que se compromete a non executar a Barach e Timur, tampouco indica que non os fará meter na cadea ou someter a outras vexacións.

¹⁸⁹ Neste momento alcánzase a manifestación máis intensa da crueldade de Turandot. A partir deste intre climático, aínda que moi lentamente e con sentimentos alternantes (*vid.* IV, 1, 300), a tensión irase relaxando ata chegar á ‘transformación’ final da princesa con que conclúe a obra.

- 294 BARACH – Vello, xa ves
a súa crueldade.
- 295 TIMUR – Entrego a vida
polo teu amor, fillo. Seguirei
na morte a túa nai. (*Chora*)
- 296 TURANDOT – (*Sorprendida*) Fillo...! Detédevos!
Ti soberano, do descoñecido
proxenitor ti?
- 297 TIMUR – Si, tirana, eu son
rei... pai... desesperado.
- 298 BARACH – Que fixestes¹⁹⁰!
- 299 SCHIRINA – Que oio! Un rei en tales circunstancias?
- 300 TURANDOT – (*Conmovida, para si*) Nesta desgraza un rei!
Proxenitor
do príncipe! Meu Deus! A conmoción
embárgame... Pai é daquel que quero
desprezar e non podo... neste peito...
(*Axitándose*) Pero que digo! Este é pai do cau-
sante
da miña humillación, de quen a gloria
miña destrúe. Veloz pasa o tempo.
(*Alto*) Vello, segue a falar. Máis non aturo.
- 301 TIMUR – Amigo, que facer debo?

¹⁹⁰ O escándalo de Barach e a sorpresa de Turandot e Schirina subliñan o respecto absoluto cara ao poder establecido, propio do pensamento gózziano.

302 BARACH – (*Con ímpeto*) Sufrir.
Este é rei, Turandot. Cun acto indigno
de vós, vós mesma non vos ofendades¹⁹¹.
Por eses venerables membros tede
respecto. Liberade en min a vosa
inhumana fereza. Todo é van:
non saberedes máis.

303 TURANDOT – (*Colérica*) Si, respectado
será este vello, porque a miña cólera
vai toda contra ti. Ti o convenciches
de non satisfacerme: paga a pena.

*(Fai un xesto aos eunucos, que se achegan todos
a Barach para o flaxelaren)*

304 SCHIRINA – Ai de min! Meu marido, meu marido!

ESCENA II

(Adelma e devanditos.)

305 ADELMA – Detédevos! Señora, canto basta
aquí agachada oín. Estes teimudos
sexan pechados inmediatamente
nos subterráneos do harén. Altoum
vén das súas estancias cara a aquí.

¹⁹¹ Barach lembra a Turandot o carácter exemplar que deben ter as accións dos soberanos. A concepción de Gozzi de respecto absoluto ao poder establecido baséase nunha visión moral e relixiosa segundo a cal a persoa que exerce o poder fáino por vontade divina e, xa que logo, debe actuar sempre de modo eticamente axeitado ao cargo que ocupa. Esta postura xustifica que posteriormente se presente como un feito de xustiza a rebelión dos carazanos contra o «cruel» sultán de Carizmo, quen ademais usurpara ilexítimamente aquel trono.

Dádeme o ouro todo e a Schirina.
 Corruptos son os gardas que as estancias
 do príncipe custodian¹⁹². Fareino eu.
 Pódese entrar na estancia onde repousa,
 falar con el, e se dos meus consellos
 todos farán un bo uso, Turandot
 verase libre¹⁹³, feliz, vencedora.
 Schirina, se che importa o teu consorte,
 se á túa nai lle queres ben, Zelima,
 o que eu diga faredes. Será rico
 aquel que gañará todo o que eu penso¹⁹⁴.
 Non perdamos máis tempo. En breve espero
 alegrarvos.

306 TURANDOT –

Amiga, en ti confío.
 Do tesouro dispón. Contigo vaian
 ambas as dúas. A miña esperanza
 vai con Adelma, Zelima, Schirina.

307 ADELMA –

Seguídeme Schirina, e vós, Zelima.
 O tesouro comigo. (*Á parte*) Quizais poida
 saber os nomes e lograr que o príncipe,
 vencido e rexeitado, ser meu queira.
 Se cadra teño tanta habilidade
 que o convenzo a fuxir e a abandonar
 este reino comigo.
 (*Adelma, Zelima, Schirina e un eunuco entran
 co tesouro*)

¹⁹² *Vid.* IV, v, 336.

¹⁹³ Libre da obriga de casar con Calaf.

¹⁹⁴ A frase de Adelma ten un dobre senso: todos saen gañando se se descubre o enigma de Calaf, mais quen maior beneficio obterá será ela mesma, que pensa poder conseguir o amor do príncipe, como reitera máis abaixo.

308 BARACH –

Muller, filla,
non me falledes, non obedezades
a estas almas do averno. Alguén saber
pode o que ha suceder?

309 TURANDOT –

Meus leais, rápido,
nos subterráneos do harén ocultos
pechade a estes.

310 TIMUR –

Princesa, utiliza
contra min o que queiras, mais do fillo
ten piedade.

311 BARACH –

Buscar piedade nela!
Traizoado o teu fillo xa está, e nós
verémonos pechados para sempre.
Pola túa alma ingrata, abominable
e salvaxe, cruel, treme ante os ceos.
Dá por seguro o castigo divino¹⁹⁵.
(*Os eunucos levan fóra a Timur e Barach*)

ESCENA III

(*Turandot.*)

312 TURANDOT –

Que fará Adelma? Se alcanzo a vitoria
nesta empresa, quen máis fama terá
que Turandot? Quen será tan babilo

¹⁹⁵ Na liña ético-relixiosa de Gozzi, a xustiza entre poderosos e súbditos só se materializará no outro mundo, pois non corresponde ao pobo vulgar os seus soberanos (ben diverso é o caso do sultán de Carizmo, que se opón á vontade divina, coma unha especie de demo, usurpando un trono que non lle fora concedido). De feito, en toda esta secuencia, non se produce un só aceno, por parte de Barach, de loitar contra Turandot, senón que este acepta con resignación os designios da cruel princesa.

que se arrisque a vencer a súa mente?
 Canto hei gozar lanzándolle na cara
 os nomes no Diván ante os doutores
 e expulsándoo! (*Confusa*) Non obstante, pa-
 réceme
 que sufrirei... Imaxínoo aflixido,
 chorando, e non sei moi ben por que,
 mais dóeme pensalo... Turandot...
 alma débil, que pensas, que razoas!
 Sentiu algún desgusto el no Diván
 cando as súas respostas te humillaron?
 Oh ceo, axuda a Adelma, fai que eu poida
 avergonzalo, expulsalo, e reter
 a miña liberdade; quero poder,
 sen ataduras, desprezar un sexo
 que nos quere submisas e ignorantes¹⁹⁶.

ESCENA IV

(*Altoum, Pantalón, Tartaglia, gardas e Turandot.*)

313 ALTOUM – (Para si pensativo) O sultán, de Carizmo usur-
 pador,
 debía rematar así¹⁹⁷. Calaf,
 de Timur fillo, tiña que chegar
 e por estrañas vías ser feliz.

¹⁹⁶ Nesta intervención de Turandot parece intuírse a voz do propio Gozzi. Aínda que poida parecer o contrario, o autor non se contradí na súa ideoloxía misóxina. O conde veneciano defende a superioridade dos homes e o deber de submisión da muller ao pai ou ao marido. De todos os xeitos, Gozzi esixe un comportamento exemplarmente ético ao varón e de aí que defenda á muller fronte a posibles abusos (como xa se viu, por exemplo, en III, II, 187). Pódese establecer un paralelo entre a actitude irreprouchablemente axustada á ética que Gozzi esixe ao home fronte á muller e aos soberanos cara aos seus súbditos.

¹⁹⁷ Máis adiante (V, IV, 479) saberase que o pobo depuxo ao cruel sultán que usurpara un trono que non lle correspondía.

Oh xusto ceo, quen pode os misterios
teus entender? E quen non respectalos?

314 PANTALÓN – (*Baixo a Tartaglia*) *Que demo lle pasa ao emperador que vai rosmando?*

315 TARTAGLIA – (*Baixo*) Recibiu un mensaxeiro secreto: algún demo hai.

316 ALTOUM –
Filla, achégase o día e ti deliras
polo serrallo esperta, pois desexas
o imposible saber. Eu, sen buscalo,
sei o que anhelas e ti, que o procuras,
búscalo en van. (*Saca un papel*) Neste papel
escritos

están os nomes e destas persoas
as descricións. Hai pouco un mensaxeiro
secretamente de rexións distantes
ata min veu, faloume e, despois diso,
pechar mandeino con atenta garda
ata que pase o novo día; neste
papel os nomes deume e outras moitas
ledas e graves novas. De rei fillo
o descoñecido é. Non é posible
que ti saibas quen son: os nomes seus
son demasiado remotos. Por iso
veño, porque me causas moita pena¹⁹⁸.
Ante o Diván, de todo o pobo en medio,
que pracer obterás ao ser vencida
outra vez? A subíós con ouveos
da vil plebe terás, moi satisfeita

¹⁹⁸ Toda esta escena constitúe unha apoteose do amor paterno de Altoum.

de que reciba castigo a soberbia
odiada pola súa crueldade.

Non é posible pór freo ao furor
dun pobo entolecido. (*Fai un xesto sosegado a
Pantalón, a Tartaglia e aos gardas para que
saian. Todos con rapidez, tras facer a reverencia
habitual coa fronte no chan, saen. Altoum
segue*)

Eu podoo, filla,
o teu honor protexer.

317 TURANDOT –

(*Moi confusa*)

Que gran honra!

Grazas vos dou, mais a min non me importan
axuda ou protección. Eu, por min mesma,
saberei ante o Diván defenderme.

318 ALTOUM –

Non, miña filla, non podes saber
o que pretendes. Vexo nos teus ollos,
no teu rostro confuso, que deliras,
que estás desesperada. Son teu pai,
ámote, sós estamos: dime, filla,
se os dous nomes coñeces.

319 TURANDOT –

No Diván

saberase se os sei.

320 ALTOUM –

Non, Turandot,
non os podes saber. Mira se te amo:
se os sabes, dimo, pídoche esta graza,
e eu a ese pobre coitado direille
que descuberto foi e déixoo libre
de marchar. Logo a voz fago correr
que o derrotaches, mais que por piedade
aforrácheslle a pública vergonza.
Líbraste así do moito odio dos súbditos,

que detestan a túa crueldade.
A un pai amante que tan pouco pide
á súa única filla, negaráslo?

321 TURANDOT – Os nomes sei... Ou non... Se el no Diván
non se apurou pola miña vergonza,
xusto é que ante os doutores tamén el
sufra canto eu sufrín. Se sei os nomes,
verase no Diván.

322 ALTOUM – (*Á parte con xesto de impaciencia; despois esforzándose por se mostrar doce*) Foi por amor,
e pola vida, que te avergonzou¹⁹⁹.
Turandot, teimosía, furor, ira
esquece un pouco: quero que comprendas
canto te ama o teu pai. Aposto a testa,
miña filla, que os nomes descoñeces.
Eu seinos: nesta folla os teño escritos
e querochos dicir. En canto sexa
día quero que o Diván se reúna
e que o descoñecido sufra en público
que ti o derrotes, que pase vergonza,
que chore e que padeza gran anguria,
que desexe morrer por ter perdido
quen a súa vida é. Só che suplico
que, tras o seu tormento, a túa man
para a voda lle ofrezas. Xura, filla,
que o farás. Sós estamos. Entre os dous
ficará este segredo. Coa vitoria
obtés satisfacción; tamén dos súbditos
anoxados o amor; tes por consorte

¹⁹⁹ É dicir: deixoute en vergonza resolvendo as adiviñas porque te ama e só así podía casar contigo, e tamén para salvar a súa vida.

o home máis digno de selo que viva
e, tras as moitas dores que lle deches,
consolas o teu pai na vellez súa.

323 TURANDOT – *(Turbada e titubeante, á parte)*
Que persuasivo é o pai...! Que farei...?
Debo fiarme de Adelma e esperar
á proba, ou debo pedirlle ao meu pai
os dous nomes xurando ser consorte
no aborrecido enlace...? Turandot,
réndete ao fin: será menor vergonza
confiar en meu pai... Aínda que a amiga
prometeume sabelos... E se os sabe...?
E se eu covardemente o xuramento...?

324 ALTOUM – Que pensas, filla miña? Que delirios
te teñen confundida? E queres que eu
crea, véndote así, que estás segura
de adiviñar os nomes? Cede, cede!

325 TURANDOT – *(Sempre á parte, titubeante)*
Non, fiareime da amiga. Meu pai
moito insiste: sinal claro que podo
conseguir coñecer todo o que el teme.
Ama o descoñecido e del obtivo
os nomes en segredo: están de acordo
os dous e téntanme²⁰⁰.

326 ALTOUM – Decide, vamos;
calma o teu ánimo indómito, deixa
de te atormentar.

²⁰⁰ A soberbia e a teimosía de Turandot cégana ata o punto de ver estrañas maquinacións inexistentes.

- 327 TURANDOT – (*Recuperándose*) Decidido está.
No Diván xúntense co novo día
os doutores.
- 328 ALTOUM – Desexas, xa que logo,
quedar avergonzada e consentir,
non polo pai, mais pola forza.
- 329 TURANDOT – Quero
que a proba se celebre.
- 330 ALTOUM – (*Iracundo*) Necia! Estúpida!
Máis ignorante que as demais²⁰¹! Seguro
estou que avergonzar te fas en público,
que posible non é que ti adiviñes.
Sabe: o Diván estará preparado
e será, en canto fores derrotada,
templo e altar²⁰². Dispostos estarán
os sacerdotes e en medio do pobo,
entre risadas e desprezos, quero
que, ao teu pesar, nese mesmo intre cases.
Ben hei lembrar que mesmo poucas horas
de angustia non quixeches a teu pai
aforrar. Tola, tola, soa fica. (*Entra colérico*)
- 331 TURANDOT – Adelma, miña amiga, que ben me amas,
enfadouse meu pai..., abandonada
só en ti confío... a solución da proba
só polo teu afecto podoo obter²⁰³. (*Entra*)

²⁰¹ Sobrentendido «mulleres». Outro elemento da misoxinia gozziana: as mulleres son ignorantes por definición. De todos os xeitos, non se debe entender esta «ignorancia» en sentido estrito como falta de formación cultural, senón como incapacidade para o correcto raciocinio.

²⁰² Para a celebración da voda.

²⁰³ A pesar da súa tan proclamada intelixencia, Turandot é incapaz de albiscar os verdadeiros obxectivos de Adelma. A través desta situación o autor ironiza sobre a agudeza mental da princesa (e da muller en xeral), pois o público pode vulgar tal situación ao ser coñecedor dos verdadeiros motivos da escrava (III, 1, 178).

ESCENA V

(Cámbiase a escena nunha magnífica sala con varias portas. No medio verase un sofá oriental para servir de leito a Calaf. É noite fonda.)

(Brighella cun facho e Calaf.)

- 332 BRIGHELLA — *Alteza, xa soaron as nove²⁰⁴. A estancia xa a paseou trescentas dezaseis veces exactamente. Se lle digo a verdade, estou desfeitoño. Non quere-ría repousar un pouco? Aquí está seguro.*
- 333 CALAF — *(Circumspecto) Si, quedas escusado. O meu espírito inquedo non me dá repouso. Marcha.*
- 334 BRIGHELLA — *Amada alteza, suplicolle unha graza. Se por casualidade aparecer algún fantasma, sexa prudente.*
- 335 CALAF — *Que fantasmas? Aquí fantasmas? Como?*
- 336 BRIGHELLA — *Oh, ceos! Nós temos orde, baixo pena de morte, de non deixarmos entrar ninguén nestas estan-*

²⁰⁴ Na República de Venecia (lémbrese que a República desaparece en 1797 debido á presión das tropas napoleónicas) o día dividíase en vinte e catro horas e dábase por rematado co solpor (as vinte e catro), mentres que a primeira hora da noite era a unha do día seguinte. Isto facía que, debido á diferenza de horas de luz nas distintas estacións do ano, as diversas horas do día non coincidisen sempre no mesmo momento absoluto. Como media, pódese obter a equivalencia á hora actual (independentemente dos cambios de hora legal vixentes hoxe en día) restando unhas cinco horas á do século XVIII (deste xeito, Brighella afirma que son, aproximadamente, as catro da madrugada, o que coincide perfectamente coa didascalia temporal «É noite fonda»): «... fino alla caduta della Repubblica, il giorno si divideva in 24 ore che si computavano dalla prima ora di notte, la quale corrispondeva alle nostre 16.45 il 17 dicembre e alle nostre 21.15 il 17 giugno; le variazioni intermedie erano stabilite dalla legge. L'ora di terza, che segnava l'inizio del lavoro, era stabilita convenzionalmente alle 12 in giugno (le nostre 8,15) e alle 17 in dicembre (le nostre 9)» (Tassini, Giuseppe, *Curiosità veneziane ovvero Origini delle denominazioni stradali di Venezia* (introduzione, revisione e note di Lino Moretti, prefazione di Elio Zorzi), Venezia, Filippi Editore, 1990^o (1863), p. 768).

cias en que está vostede, mais... pobres ministros! O emperador é o emperador; a princesa é, pódese dicir, a emperatriz, e vostede sabe xa como é o seu corazón... Pobres ministros! É difícil navegar entre dúas augas... Se vostede souberse... temos a vida entre o martelo e a zafra... non queredamos levarlle a contraria a ningún... non sei se me entende... Pero, pobriños de nós, tamén queredamos aforrar un pouco para a vellez... pero, aí de nós, miserables, temos unha difícil condición...

337 CALAF – (Sorpresa) Dime, criado, a miña vida logo nestas estancias non está segura?

338 BRIGHELLA – *Non digo iso; mais ben coñece a curiosidade que hai por saber quen é vostede. Pode entrar... por exemplo... polo burato da chave algún trasno, algunha fada con tentacións... Abonda, estea atento e teña prudencia. Expliqueime...? Pobres ministros...! Pobres miserables!*

339 CALAF – Marcha. Non teñas medo. Serei cauto.

340 BRIGHELLA – *Moi ben! Non me descubra, por caridade. Quedo nas súas mans. (Á parte) É posible rexeitar unha bolsa de cequí²⁰⁵? Eu fixen todo o que puiden, mais non fun quen. É coma as cóxegas: algúns téñenas e outros non. (Entra)*

341 CALAF – Encheume de sospeitas a cabeza.
Quen pode entrar aquí? Defendereime,

²⁰⁵ Cequí (it. «zecchino»): antiga moeda de ouro veneciana. («Moneta d'oro del peso Veneto di carati 17 danari tre e grani quattro, del valore di lire ventidue venete agli ultimi tempi della Repubblica, che fu poi accresciuto l'agiotaggio sino a lire 12 e centesimi 75 italiani, cioè venete 25:10». Boerio, *Dizionario del dialetto veneziano...*, op. cit., s. v. Zechin).

inda que veña o demo. Demasiado ansío a Turandot. Xa pouco tempo me queda por penar, pois chega o día. O seu peito, serame sempre hostil? Tentemos, se se pode, algún repouso.
(*Dispónse a deitarse*)

ESCENA VI

(*Schirina, disfrazada de soldado chinés, e Calaf*)

- 342 SCHIRINA – Fillo... (*Mira ao seu redor*) Señor... (*Mira ao seu redor*)
O meu corazón treme.
- 343 CALAF – Quen es? Que queres? Que buscas?
- 344 SCHIRINA – Schirina
eu son, muller de Assán, do podre Assán.
Aquí, cun uniforme militar
semellante ao da vosa garda en todo,
introducínme e esperei o momento
de chegar ata vós. Moitas desgrazas
debo contarvos, mais temor... sospeita...
pranto e dor déixanme, aí de min, sen forza...
- 345 CALAF – Que desexas dicirme?
- 346 SCHIRINA – O miserable
meu home está agachado. A Turandot
dixéronlle que el xa vos coñecera
e, para que revele o voso nome,

quere levalo en segredo ao serrallo²⁰⁶.
Periga a súa vida. A mil tormentos
verase sometido se o descubren:
antes que tal suceda morrer quere.

347 CALAF – Ai, servo amado...! Ai, Turandot cruel!

348 SCHIRINA – Debo narrarvos máis. O voso pai
na miña casa está, triste viúvo
da vosa nai...

349 CALAF – (*Con pesar*) Que contas! Ai de min!

350 SCHIRINA – Direivos máis. Que Assán se busca el sabe,
que entre armas vós estades. Ten mil dúbidas,
mil temores, desesperado chora.
Acudir quere á corte e descubrirse:
«Co fillo meu», berra, «eu quero morrer».
Esforceime en contelo describíndolle
a vosa situación: cre que se trata
só de mentiras. Consegúin retelo
co compromiso de levarlle un folio
por vós escrito e polo propio fillo
asinado no que o console e diga
que está ben, que non tema. Tantos riscos
afrontei para obter ese papel,
para sacar de angustia a un pobre vello.

²⁰⁶ Comezan aquí as intrigas urdidas por Adelma (IV, vi, 358) para tentar que Calaf revele os dous nomes. Do mesmo xeito que tres foron as adiviñas que Turandot propuxo ao príncipe tártaro, tres veces se verá asaltado Calaf polas insidias de Adelma, que lle enviará primeiro a Schirina e despois a Zelima, para finalmente tentar obter as respostas ela en persoa. O intermedio de Truffaldino (IV, viii) presenta unha función cómica tendente a aliviar momentaneamente a tensión de toda a secuencia, para lograr deste xeito tamén un salto cualitativo entre a importancia das intervencións de Schirina e Zelima e a de Adelma, nun claro *crescendo* dramático.

- 351 CALAF – O meu pai en Pekín! Miña nai morta!
Engánasme, Schirina.
- 352 SCHIRINA – Se vos minto,
quéímeme Berxingucín²⁰⁷.
- 353 CALAF – Pobre nai!
Desventurado pai meu! (*Chora*)
- 354 SCHIRINA – Non tardedes!
Máis terribles desgrazas xurdirán
se escribir non quixerdes. Se vos falta
tinta, papel ou pluma, eu, dilixente,
de todo trouxen. (*Saca o necesario para escribir*)
O aflixido ancián
unhas poucas liñas do fillo teña
en que ler que está ben, se non, na corte
presentarase, e todo o feito estraga.
- 355 CALAF – Si, dáme eses papeis... (*En actitude de escribir,
despois deténdose*) Pero, que fago?
(*Pensa abondo e despois deita o papel*)
Schirina, corre onda o meu pai. Diraslle,
da miña parte, que vaia onda Altoum;
que en audiencia secreta lle declare
canto anhela e pregunte o que desexa
para acadar a calma no seu peito.

²⁰⁷ Adaptación da forma *Berxiguzin*, que se alterna no orixinal con *Berxiguzino* (fenómeno frecuente na métrica italiana, que admite a utilización de numerosos recursos para incrementar ou reducir o número de sílabas dunha palabra: así, por exemplo, o nome da protagonista aparece como *Turandot* ou *Turandotte*). Tamén na tradución alternamos por motivos métricos *Berxigucino* (I, IV, 65 e V, II, 446) e *Berxiguncín* (IV, VI, 352).

356 SCHIRINA – (*Confusa*) Mais non queredes...? Cunha nota
abonda...

357 CALAF – Non, non escribo, Schirina. O meu nome
saberase mañá só. Marabíllame
que a traizón miña a dona de Assán tente.

358 SCHIRINA – (*Máis confusa*) Como dicides? Traizoarvos? Eu?
(*Á parte*) De Adelma os outros planos que
non fallen!
(*Alto*) Ao voso pai direille o que mandastes.
Tras tantos riscos merecer non cría
o ser por vós chamada traizoeira.
(*Á parte*) Adelma é lista, mais este non dor-
me. (*Entra*)

359 CALAF – Xa me dixo o ministro que virían
fantasmas, mais Schirina confirmoume
con sacro xuramento que meu pai
está en Pekín e morta miña nai.
Será verdade, pois as desventuras
sobre min choven... (*Mira para outra porta da
estancia*) Vén outro fantasma.
A ver que quere.

ESCENA VII

(*Zelima e Calaf.*)

360 ZELIMA – Escrava son eu, príncipe,
de Turandot, chegada a estas estancias
a través dos camiños que as princesas

sempre teñen abertos: boas novas
vos traio.

361 CALAF –

Quéirao o Ceo! Esperanza,
escrava, non me queda: abondo bárbaro
é o corazón desa princesa túa.

362 ZELIMA –

Certo é, non sei negalo; mais, señor,
vós sodes o primeiro en espertar
certos afectos no seu peito. Incrible
semellará, e sei que as miñas verbas
falsidades credes. Ela insiste
en dicir que vos odia, mais eu noto
que ela vos ama. Trágueme este chan
se non vos ama.

363 CALAF –

Ben está. Creereite.
Son boas novas. Queres máis contar?

364 ZELIMA –

Debo dicirvos que ela desespera
por ambición só, que ela reconece
que aceptou imposible desafío
e que mortal vergonza experimenta
por ter que presentarse sen resposta
mañá, tras tantas e tantas vitorias,
para verse humillada polo pobo.
Ábrase o abismo e devore esta escrava,
se mentira vos dixen.

365 CALAF –

Non atraiais,
muller, tan gran desgraza²⁰⁸. Creo en ti.

²⁰⁸ Calaf manifesta a superstición popular segundo a cal nomear algunha desgraza atráica sobre quen fala.

A Turandot dirás que eu podo a proba
suspender. Mellor fama acadará
que cos misterios seus, o corazón
cambiando e demostrándose capaz
de piedade, e que está resolta a dar-me
na voda a súa amada man dereita
e consolar un aflixido amante,
un pai, un reino. O teu feliz anuncio,
escrava, este é?

366 ZELIMA –

Non, meu señor, non é.

Non pensamos así. A debilidade
escusar débese en nós²⁰⁹. A princesa
pídevos unha graza. Ela só quere
a vaidade súa protexer
e ante o Diván poder dicir os nomes.
Despois, piadosa, baixará do trono
e, xenerosa, ofreceravos a man.
Estamos sós aquí. Pouco vos custa.
Conquistádea. Tan fermosa esposa
obtede con tenrura e non á forza.

367 CALAF –

(*Cun sorriso*) Ao rematar estas últimas frases,
as habituais palabras esquechiches.

368 ZELIMA –

Que palabras, señor?

369 CALAF –

Ábrase o chan
e tráguese esta escrava, se mentira
vos dixen.

²⁰⁹ O pronome «nós» fai referencia non só a Zelima e Turandot, senón a todas as mulleres en xeral, pois na visión de Gozzi, unha das características femininas era a fraqueza física e caracterial.

- 370 ZELIMA – Dubidades da verdade
do que vos conto?
- 371 CALAF – Si, tanto dubido
que rexeito, na túa petición,
compracerte. Onda Turandot vai; dille
que me queira e que eu eses nomes nego
por exceso de amor, non por ofensa²¹⁰.
- 372 ZELIMA – (*Con audacia*) Imprudente, non sabes canto
pode
custarche a obstinación.
- 373 CALAF – Cústeme a vida!
- 374 ZELIMA – (*Iracunda*) Pois ben, pago serás. (*A parte*)
Todo foi van.
(*Entra desprezativa*)
- 375 CALAF – Marchade, inútiles sombras. As verbas
de Schirina consúmenme! Desexo
que a miña infeliz nai... o padre meu...
Alma, resiste. Poucas horas faltan
para me ver xa libre desta angustia.
Tentemos repousar. (*Senta no sofá*) A miña
mente
por descansar devece e vir semella
algo de sono e repouso a estes membros.
(*Queda durmido*)

²¹⁰ A afirmación de Calaf pode parecer absurda, mais non o é. O príncipe négase a dar os nomes a Turandot porque a ama tanto que desexa que poida corrixir a súa soberbia a través da humildade e, deste xeito, mellorar como persoa reducindo os seus defectos e incrementando as súas virtudes. Outra posibilidade interpretativa construírías sobre o feito de que Calaf intuía que, unha vez sabidos os nomes, Turandot podería de novo incumplir a súa palabra: se for así, negarlle os nomes a Zelima convértese no único xeito de poder casar con Turandot, posto que, ao non ser quen de dar coas respostas do enigma de Calaf, ficaría sen opcións para continuar negándose a facelo.

ESCENA VIII²¹¹

(Truffaldino e Calaf, que durme.)

376 TRUFFALDINO – [*Entra amodo e di en voz baixa que pode obter dúas bolsas de ouro se for quen de arrincarlle os dous nomes ao descoñecido, quen oportunamente dorme. Que el comprou por un soldo²¹² a Fulano²¹³, un charlatán da rúa, a marabillosa raíz da mandrágora²¹⁴, que, posta baixo a cabeza de quen dorme, o fai falar en soños e responder ao que se quere. Narra algúns estupendos casos sucedidos deste xeito, provocados polas virtudes desta raíz, que lle foron contados polo charlatán Fulano etc. Achégase a Calaf paseniño, mételle a raíz debaixo da cabeza, retrárase un pouco, queda a escoitar, fai xestos²¹⁵ ridículos.*]

377 CALAF – (*Non fala, fai algúns movementos coas pernas e cos brazos.*)

²¹¹ Esta escena de Truffaldino, carente de vínculos reais co desenvolvemento da acción, presenta unha función cómica tendente a aliviar momentaneamente a tensión de toda a secuencia, mentres permite o lucimento do gran actor que encarnaba a Truffaldino: Antonio Sacchi.

²¹² Moeda de escaso valor equivalente a un vinteavo da lira, o que indicaría ao público a necesidade de Truffaldino ao crer que por tan reducido prezo podía adquirir un produto tan fóra do común.

²¹³ Traducimos con «Fulano» a abreviatura que aparece no orixinal «N. N.» (*nescio nomen* ou *non noto*) que se utilizaba para indicar un nome que non se quería dicir ou que se ignoraba. Neste caso Gozzi utilízaa para indicar que en cada cidade onde se representase a obra, o nome do charlatán debería ser aquel do máis famoso do lugar. Non sería absurdo pensar que na estrea en Venecia o nome utilizado fose o de Cigolotti, famoso contacontos e poeta de ocasión que o autor introducira xa como personaxe no conto teatral anterior á Turandot, *Il re cervo*: «La fiaba del *Re cervo* cominciava, come si vedrà, colla disinvoltura d'un prologo assai ridicolo. Questo era d'un vecchio, appellato Cigolotti, notissimo in Venezia, d'una grottesca figura, solito a formare de' rigoletti nella piazza di S. Marco, e a narrare degli antichi romanzi, e de' negromanti, con una voce molto grossa, una goffa gravità, e un miscuglio di spropositi infiniti, nel suo linguaggio, ch'egli affettava toscano.» (*Prefazione a Il re cervo*, Beniscelli, p. 42).

²¹⁴ Á raíz da mandrágora tradicionalmente eran atribuídas calidades máxicas e medicinais (cremos que dificilmente se pode ver nesta alusión unha referencia á homónima comedia de Machiavelli).

²¹⁵ A tradución do italiano *lazzi* coa forma galega 'xestos' non é exacta, pois o *lazzo* era un chiste de carácter verbal ou xestual; porén, o contexto fai pensar máis nunhas grazas xestuais que verbais.

378 TRUFFALDINO – [*Imaxina que aqueles movementos sexan unha forma de falar debida ao efecto da mandrágora. Matina que cada movemento indica unha letra do alfabeto. Dos movementos de Calaf deduce letras e forma e combina un nome estraño e ridículo ao seu xeito; despois, alegre, esperando ter obtido o que desexaba, entra.*]

ESCENA IX

(*Adelma, coa faciana cuberta por un veo, cunha candeia, e Calaf, que dorme.*)

379 ADELMA – (*Para si*) Non fallarán todas as miñas tramas. Se foi en van querer obter os nomes, quizais en van non tentarei sacalo de entre estes muros para meu facelo²¹⁶. Anhelado momento! Amor, que forza me deches ata agora, e ti, Fortuna, que me mostraches xeito de poder vencer tantos obstáculos, socorre²¹⁷ esta cativa amante e fai que poida concretar os audaces meus proxectos. Amor, conténtame! Fortuna, líbrame da vil cadea desta escravitude²¹⁸! (*Alumea a Calaf e óllao*)

²¹⁶ Lémbrese que anteriormente (II, IV, 110, 114...) Adelma declarara estar namorada de Calaf (de feito o príncipe xa indicara que lle parecera percibir que Adelma sentía algo por el cando fora servo na corte do seu pai Queicobad (I, I, 11)) e a súa intención de axudar a Turandot para tentar que, derrotado, o príncipe acepte o seu amor.

²¹⁷ Aínda que xa no orixinal o verbo aparece en singular, o suxeito desta oración e das outras coordinadas é «Amor e Fortuna».

²¹⁸ A invocación de Adelma enténdese tendo en conta o contexto. A moza pretende obter o amor de Calaf e fuxir con el de Pekín: deste xeito veríase contentada no amor e liberada de ser escrava de Turandot.

Durme, meu ben. Acouga, corazón,
deixa as palpitacións. Amados ollos,
canto me doe amolarvos! Non perda
xa máis tempo. (*Pousa a candea, despois en
voz alta*) Descoñecido, esperta.

380 CALAF – (*Espertando e erguéndose estarrecido*)
Quen me esperta? Quen es ti? Que desexas,
falaz fantasma²¹⁹? Nunca terei paz?

381 ADELMA – De que tes medo? En min só debes ver
unha infeliz muller que non desexa
coñecer o teu nome²²⁰, mais se queres
saber quen son eu, senta logo e escoita.

382 CALAF – Que fas nestas estancias? Traizoarme
tentas en van.

383 ADELMA – (*Con dozura*) Eu traizoarte, ingrato?
Ai, cóntame, estranxeiro: veu Schirina
tentarte cun papel?

384 CALAF – Tentarme veu.

385 ADELMA – (*Atropeladamente*) Déchesllo?

386 CALAF – Non llo dei, que
tan estúpido
inda non son.

²¹⁹ As experiencias precedentes con Schirina e Zelima provocan que Calaf cualifique de mentireira a Adelma mesmo antes de que ela poida falar.

²²⁰ A declaración de Adelma, que o público sabe falsa, subliña o valor da afirmación anterior de Calaf («falaz fantasma»).

- 387 ADELMA – Louvado sexa o ceo!
Estivo aquí unha escrava con enganos
para saber quen es?
- 388 CALAF – Si, mais marchou
sen conseguilo, como farás ti.
- 389 ADELMA – Mal sospeitas, señor, mal me coñeces.
Senta, escoita, e despois traidora chámame,
se podes. (*Senta no sofá*)
- 390 CALAF – (*Sentando ao seu carón*) Sexa así. Cóntame, logo;
dime, que queres de min?
- 391 ADELMA – Antes quero
que ben me mires e que me confeses
quen cres que eu son.
- 392 CALAF – (*Examinándoa*) Rapaza, se eu me fixo
no teu aire orgulloso, no teu porte,
observo maxestade; mais a humilde
roupa dime que escrava es. No Diván
xa te vín, se non erro, e compadézote.
- 393 ADELMA – Compadecinte eu tamén hai cinco anos,
véndote traballar como vil servo,
e hoxe cando estabas no Diván.
O corazón dicíame que servo
non foras nado. Sei tamén que fixen
por socorrerte cando o meu estado
o permitía. Sei que cos meus ollos,
no permitido a unha real doncela,

no corazón che falaba. (*Quita o veo*²²¹) Este
rosto
non viras antes?

394 CALAF – (*Sorprendido*) Que é o que vexo! Adelma,
dos carazanos a princesa dada
por morta! Adelma!

395 ADELMA – Do rei Queicobad
dos carazanos, mira a filla Adelma
á vil escravitude reducida,
nacida para o trono e feita serva,
miserable doncela atribulada. (*Chora*)

396 CALAF – Fuches chorada como morta. Pobre!
A filla do gran Queicobad! Raíña!
Entre cadeas! Serva!

397 ADELMA – Entre cadeas!
Non te sorprendas. Deixa que relate
a amarga causa das miserias miñas.
Un irmán tiven cegado de amor,
como o estás ti, por Turandot, altiva.
As probas²²² afrontou. (*Chorando*) Entre as
caveiras
chantadas sobre a porta terás visto,
cruel espectáculo, a cabeza amada
de meu irmán, por quen aínda choro. (*Chora
a rego*)

²²¹ Esta escena é paralela, aínda que con diferente significado dramático, á de Turandot cando se arrinca o veo do rostro (II, v, 142). Este tipo de construción reforza a xa sinalada antes dos tres enigmas de Turandot e as tres tentativas de obter, primeiro a través doutras persoas, os dous nomes por parte de Adelma.

²²² A resolución das tres adiviñas.

398 CALAF –

Mísera! O caso xa oíra narrar²²³.
Crino un conto. Xa vexo que marraba.

399 ADELMA –

O meu pai, Queicobad, home valente,
doente pola atroz morte do fillo,
co seu exército, a coraxe tivo,
para vingar o fillo, de atacar
os estados de Altoum. A inicua sorte
foille contraria: foi vencido e morto.
De Altoum un dos visires, sen piedade,
exterminar quixo da nosa estirpe,
por política, todos os herdeiros.
Tres irmáns meus asasinados foron;
eu e as miñas irmás, xunto coa nai,
fomos botadas nun rápido río
para morrer. Chegou nese intre á beira
o piadoso Altoum²²⁴, quen, iracundo
contra o visir, mandou salvar das augas
as nosas pobres vidas. Miña nai
e as irmás xa morreran. Eu sufrín
a desgraza de ser salvada viva,
verme reanimada, e como obsequio
á cruel Turandot²²⁵ ser entregada
polo pai. Príncipe descoñecido,
se humanos sentimentos non che faltan,
ten compaixón de min. Pensa a que custo,
con canta dor me esforzo como escrava

²²³ I, 1, 21.

²²⁴ Obsérvese como, a través dun adxectivo, Gozzi fai que Adelma recoñeza a virtude do soberano que, en realidade, é o causante indirecto e directo da desgraza da súa familia. Trátase dunha nova manifestación da ideoloxía política do autor.

²²⁵ A construción «cruel Turandot» contrasta polo paralelismo co precedente «piadoso Altoum». Deste xeito refórzase a concepción misóxina que o autor transmite na súa obra: muller = defecto / home = virtude.

servindo a Turandot, causa primeira da miña adversidade, aborrecible obxecto dos meus males. (*Chora*)

400 CALAF – (*Conmovid*) Si, piedade espertan os teus casos; mais a causa primeira deles foi o teu irmán, logo a imprudencia do teu pai²²⁶. Que pode, non obstante, facer un desgrazado coma min no teu prol? Se o meu desexo alcanzo²²⁷, conta, dun humano peito, con liberdade e protección. Agora, a narración das túas moitas penas non fai máis que aumentar a miña dor.

401 ADELMA – Ao descubrir o rostro, descubrinme. Sabes da miña estirpe e xa coñeces as miñas desventuras. Querería que o ser filla de rei facer puidese que creses o que che direi movida por compaixón, xa que dicir non debo por amor. Queira o ceo, inda que eu son quen son, que o corazón teu namorado, por Turandot cegado e entolecido, crea nas miñas verbas verdadeiras contra a princesa e non as menosprece²²⁸.

²²⁶ A lección moralizante de Calaf parece fóra de lugar neste contexto. En realidade, o autor tenta manter deste xeito incólume a imaxe do gobernante xusto e xeneroso encarnada por Altoum.

²²⁷ É dicir: se obteño a man de Turandot.

²²⁸ Adelma expresa as súas dúbidas de que Calaf crea nas súas palabras, a pesar de que ao ser unha princesa é inconcibible que poida mentir, pois o seu corazón está engaiolado polo amor de Turandot. Obsérvese a sutileza con que o autor aproveita a escena para, a través das palabras de Adelma, subliñar outra virtude dos príncipes e gobernantes, a sinceridade, que non perden nin sequera nas máis duras das situacións. Gozzi sostén, deste xeito, a superioridade intrínseca, e xa que logo invariable e non debida a circunstancias externas, de quen ostenta o poder político. Outro exemplo moi significativo áchase en *O rei cervo* (*Il re cervo*): cando Tartaglia, utilizando un meigallo, transmite o seu espí-

- 402 CALAF – Adelma, dime, que queres contarme?
- 403 ADELMA – Narrarche quero... mais dirás que eu vin a traizoarte e, entre as nacidas viles, para serventes, has considerarme²²⁹. (*Chora*)
- 404 CALAF – Prégiocho, Adelma, acaba este sufrir: do corazón meu²³⁰, que queres contarme?
- 405 ADELMA – (*Á parte*) Ceo, a miña mentira oxalá crea!
(*A Calaf con convicción*) A cruel Turandot, señor, irada, a inicua e depravada Turandot, de darche morte co novo albor ordes oportunas xa deus. Obras son estas do teu tan amoroso corazón²³¹!
- 406 CALAF – (*Sorprendido, erguéndose con furia*)
De darme morte!
- 407 ADELMA – (*Erguéndose vigorosamente*) Si, de darche morte!

rito para ocupar o corpo do rei, continúa a tatexar. Neste caso a situación afirma a mesma premisa dende a perspectiva oposta: un espírito innobre, aínda que se apropie do corpo dun rei, non adquire a nobreza e a dignidade reais. É diferente, pola contra, a figura de Tartaglión de *O paxariño verde-bonito* (*Laugellino belverde*), mais neste caso o retrato da vella raíña apártese de tal modo da realidade que resulta imposible interpretalo como unha crítica ao poder establecido (de todos os xeitos, o retrato do seu fillo, Tartaglia, é ben diferente).

²²⁹ Volvendo sobre o argumento xa utilizado anteriormente, Adelma insiste no feito de que Calaf non crerá as súas palabras, poñéndoas deste xeito ao mesmo nivel que os plebeos (os nacidos para servir), pois nunha princesa é imposible a mentira. No sistema ideolóxico gozziano esta afirmación é máis válida que calquera xuramento e, de feito, Calaf, príncipe el tamén, dará creto a canto lle conta Adelma (a diferenza de canto sucedera nos casos de Schirina e Zelima, dúas plebeas).

²³⁰ É dicir: de Turandot. Traducimos libremente a voz italiana *viscere* que significaría literalmente «entrañas, vísceras», mais neste contexto ten o mesmo significado metafórico que o «corazón meu» do galego. Petronio afirma que «*viscere* era significativa espressione di tenerezza, corrente nel dialetto veneziano.» (p. 316).

²³¹ Enténdase, outra vez: de Turandot. É evidente o sarcasmo de Adelma na repetición da expresión afectuosa utilizada por Calaf para referirse á princesa chinesa.

En canto saías á mañá da estancia
moitos agudos ferros no teu peito
serán chantados ata verte morto.

408 CALAF – (*Impaciente*) Advertirei á garda. (*Dispóndose a saír*)

409 ADELMA – (*Reténdoo*) Non, que fas?
Señor, se esperas dar aviso aos gardas
e así poder salvar a vida... Inxenuo,
non sabes onde estás..., canto se estende
da cruel o poder..., onde os manexos,
as tramas, as traizóns poden chegar!

410 CALAF – (*Nun cego e desesperado desvarío*)
Oh, mísero Calaf...! Timur, meu pai,
mira o pobre socorro que che traio²³²!
(*Fica fóra de si, traspasado pola dor, coas mans na fronte*)

411 ADELMA – (*Sorprendida, á parte*)
Calaf, de Timur fillo! Oh afortunada
mentira miña! Dobremente podes
esta infeliz favorecer. Axúdame
nos meus ditos, Amor, e, se non cede,

²³² A verosimilitude da inconsciente revelación dos nomes por parte de Calaf reside precisamente neste intre de cega desesperación, que debe ser interpretado, máis que en calquera outra situación na obra, por un actor de talento. Por outra banda, é importante destacar que o feito de que Adelma chegue a saber os dous nomes permite resolver a trama de modo axeitado, mais sen facer caer a Calaf en ningún dos enganos da escrava, o que danaría a súa concepción de persoa intelixente, de home. Este modo de resolver a situación non é orixinal de Gozzi, pois na *Histoire du prince Calaf..* exclama o príncipe: «—Ô pincesse inhumaine! perfide Tourandoctel! s'écria le prince des Nogais, est-ce ainsi que vous vous préparez à couronner la tendresse du malheureux fils de Timurtasch [Timur na versión de Gozzi]? Calaf vous a donc paru bien horrible, puisque vous aimez mieux vous en défaire par un crime qui va vous déshonorer, que de joindre votre destinée à la sienne! Grand Dieu! que ma vie est composée d'aventures bizarres! Tantôt je parais jouir d'un bonheur digne d'envie, et tantôt je suis plongé dans un abîme de maux!» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebagn), *op. cit.*, p. 258).

de ser de Turandot o seu desexo
sei como apagar.

412 CALAF –

(*Segue desesperado*) Que che fica aínda,
depravada Fortuna, por facer
cos teus golpes tras tantas desventuras
contra un desesperado pobre príncipe
todo amor, todo fe, todo inocencia²³³?
E de tanto será capaz, de tanto,
Turandot...! Ai non, non pode existir
tal corazón tras tan bela faciana! (*Con desdén*
{*a Adelma*})
Engánasme, princesa.

413 ADELMA –

Non me manca
a ofensa que me fas. Xa ben sabía
que habías dubidar. Descoñecido²³⁴,
sabe que, polo enigma teu, furiosa
está no harén Turandot. Dáse conta
de que é imposible achar a solución.
(*Esaxerando*) Tola pasea e, coma unha cadela,
ladra, abanea, rabúñase e berra²³⁵.
Verde ten a faciana, de cor sangue
os ollos ten inchados, moi avesos.
Pareceríache aterrecedora²³⁶,
non a que viches no Diván. Tentei
de embelecer as túas suaves formas

²³³ O autoeloxio de Calaf constitúe a verbalización da imaxe que del ten o público, e non unha afirmación autocompracente.

²³⁴ Obviamente, tentando levar adiante o seu plano de apartar a Calaf de Turandot e seducilo, Adelma finxe no ter oído a involuntaria revelación de Calaf, de que nin el mesmo é consciente.

²³⁵ Non é a primeira vez, como xa se indicou, que Turandot é comparada cun animal. Segundo Giovannuzzi (p. 167), en nota ao orixinal *si difforma*: «... si diforma in volto. Trasparente il ricordo del cerbero dantesco (cfr. *Inferno* VI, 12-18).»

²³⁶ Adelma ataca a beleza de Turandot por ser este o atributo que inflamou o amor de Calaf (lémbrese a visión do seu retrato —I, III, 49— e a escena en que queda abraiado ao contemplar o rostro da princesa —II, V, 143—) e o que o induce a dubidar da súa perfidia.

para calmar a súa rabia e fixen
mil cousas por lograr que te aceptase.
Todo esforzo foi van. Algunhas trampas
ela argallou: xa o sabes²³⁷. Se fallaban,
aos seus eunucos cruelmente mandou
que a traizón, sen piedade, te matasen.
Máis amplas son as súas ordes. Alma
peor xamais naceu e ti lle pagas
co teu amor a morte que che envía.
Se non me cres, a ofensa que me fas
dóeme menos que o mal que te axexa. (*Chora*)

414 CALAF –

En medio dos soldados do monarca
non me librarei logo da traizón!
Ai, ben mo dixo aquel ministro infame²³⁸:
o temor vence ao máis leal dos homes!
Vida, xa non me importas. Non se pode
fuxir da dura estrela²³⁹ que nos segue.
Bárbara Turandot, desta maneira
págaslle a un namorado, por ti tolo,
que se humilla, se esforza e o imposible
en si domina por satisfacerte?
(*Furioso*) Vida, xa non me importas²⁴⁰. Non
se pode
fuxir da dura estrela que nos segue.

415 ADELMA –

Descoñecido, de fuxir da estrela
túa ofréceche Adelma xeito. Sabe

²³⁷ Adelma, hipocritamente, culpa a Turandot das súas maquinacións (en realidade a princesa chinesa foi a súa instigadora, mais non a ideadora da trama).

²³⁸ Brighella (IV, v, 336).

²³⁹ Do cruel destino.

²⁴⁰ Calaf repite a expresión que utilizara pouco antes. Xa anteriormente se observara o uso da repetición de frases como recurso intensificador das situacións climáticas da obra (II; III e v, 98, 100, 102 e 117; IV, VII, 362 e 364).

que un tesouro, por xusta compaixón,
 gastei en corromper os gardas. Tento
 salvarnos: ti da morte, eu das cadeas.
 No meu reino, en lugar ben agachado,
 outro inmenso tesouro está escondido.
 Lazos de sangue e de amizade teño
 con Alinguer, emperador de Berlas²⁴¹.
 Algúns dos gardas están preparados
 para escoltarme e tamén hai cabalos.
 Fuxamos destas horribles murallas
 odiadas polos deuses. Forzas, armas
 e a axuda de Alinguer terei. O reino
 recuperar poderei. Teu será,
 e a miña man tamén, se a gratitude
 a min te empuxa, mais se non me queres,
 princesas entre os tártaros non faltan
 que en beleza superan esta fera²⁴²,
 afectuosas, dignas do amor teu:
 eu súbdita serei²⁴³. Se ficas libre
 da morte, se consigo liberarme
 da escravitude, saberei vencer
 o lume deste amor que con vergoña
 agora che confeso. Conservar
 a vida só te preocupe e odia
 a miña man canto queiras. O día
 está a chegar... Estranxeiro, fuxamos!

²⁴¹ O mesmo personaxe que, agradecido, axuda a Calaf e a seus país (I, I, 13).

²⁴² Turandot.

²⁴³ Adelman conseguiu subornar algúns dos soldados da garda para que a escolten ata o seu reino, onde ten unha gran cantidade de cartos agachados e onde espera poder contar coa axuda militar de Alinguer, emperador de Berlas, parente e amigo seu, para recuperar o trono. Ademais, con inusitada xenerosidade, ofrécelle a coroa mesmo se prefire casar con outra princesa e non con ela. O feito de que Calaf rexeite esta oferta reforza a súa caracterización como heroe positivo que acepta afrontar a morte movido só polo amor, non pola cobiza.

- 416 CALAF – Adelma xenerosa! Canta dor
sinto por non poder levarte a Berlas
e liberarte! Que diría Altoum
da fuga? Chamaríame traidor,
pois por raptarte non tería escrúpulos
en violar a sagrada lei que rexe
a hospitalidade²⁴⁴.
- 417 ADELMA – Tamén a filla
de Altoum o fai.
- 418 CALAF – Eu dono xa non son
de min. Adelma, morrerei gozoso
obedecendo a cruel que eu adoro.
Ti fuxir podes. Eu xa decidín
morrer por ela. Que vale a existencia?
Sen Turandot eu moito máis que morto
xa estou no mundo. Satisfeita quede.
- 419 ADELMA – Tan cego estás de amor que así me falas?
- 420 CALAF – Só no amor e na morte pensar podó.
- 421 ADELMA – Estranxeiro, sabía que a tirana
me supera en beleza. Só esperaba
que houbese un pouco de agradecemento
para o meu corazón. Eu non padezo
polo desprezo; só me preocupa
a túa vida. Estranxeiro, fuxamos:
sálvate, polos deuses eu suplícocho.

²⁴⁴ Os escrúpulos de Calaf en romper a lei da hospitalidade, mesmo cando cre que será asasinado ao pouco tempo, continúan o seu retrato de home extremadamente virtuoso e valoroso.

- 422 CALAF – Quero morrer. Estou xa decidido.
- 423 ADELMA – Ingrato! Queda logo. Entón
tampouco eu fuxirei. Serei escrava,
mais só polo de agora. Se os ceos
non me axudan, veremos quen dos dous
mellor despreza a súa propia vida²⁴⁵.
(*Á parte*) A constancia o amor premia a miúdo.
Calaf, de Timur fillo? (*Alto*) Con deus queda.
(*Entra*)
- 424 CALAF – Quen pasou nunca noite máis atroz?
Ferido o espírito por un amor
ardente que me abrasa, desgrazado,
odiado pola amada, rodeado
de insidias, coa cabeza perturbada
polas funestas noticias da nai,
do pai, do servo... e cando á fin espero
poder chegar a porto e estar a salvo,
enchido de ledicia, asasinado
quere verme quen é a miña existencia,
Turandot sen piedade! Xa mo dixo
a túa escrava, a quen os nosos nomes
non quixen desvelar²⁴⁶, que a obstinación
habería pagar a grande prezo.
O sol xa sae. (*Empeza a clarexar*) Ten chega-
do o tempo
de que o meu sangue sacie a cruel serpe
que o desexa. Saíamos desta angustia.

²⁴⁵ Adelma está adiantando a súa intención de se suicidar se perde a Calaf (V, II, 465).

²⁴⁶ Calaf non é consciente de ter dito o seu nome e mais o do pai en voz alta ante Adelma nun momento de desesperación (IV, IX, 409).

ESCENA X

(Brighella, gardas e Calaf)

- 425 BRIGHELLA – *Alteza, esta é a hora da gran proba.*
- 426 CALAF – *(Inquedo)* Ministro, es ti aquel...? Vaíamos,
cúmpranse
as ordes que che deron. Cruel²⁴⁷, remata
dunha vez cos meus días, non os quero.
- 427 BRIGHELLA – *(Atónito)* *Que ordes? Eu non teño máis ordes
que as de levalo cara ao Diván, porque o emperador xa peiteou a barba para facer o mesmo*²⁴⁸.
- 428 CALAF – *(Con entusiasmo)* Vaíamos ao Diván, aínda
que sei
que alí non chegarei. Xa ves se, intrépido,
sei ir á morte. *(Tira coa espada)* Non quero
defensa.
Que así saiba a cruel que espido expuxen
voluntario o meu peito aos seus desexos.
(Entra furioso)
- 429 BRIGHELLA – *(Pampo)* *Pero que demo di este? Malditas
mulleres! Non o deixaron durmir e toleou. {(Aos
gardas)} Veña, presentade armas. Acompañá-
deo. Estade atentos. (Entra. Óese un son de
tambores e outros instrumentos)*

²⁴⁷ O apóstrofe debe entenderse dirixido a Turandot.

²⁴⁸ A referencia ao peiteado da barba do emperador é un novo elemento cómico introducido nunha escena de fondo contido tráxico para o protagonista, convencido de que será asasinado ao saír da estancia. Como é habitual nestes casos, a frase procede dunha das 'máscaras' da *commedia dell'arte*.

ACTO QUINTO

(O teatro representa o Diván, como no segundo acto. Ao fondo haberá un altar cunha deidade chinesa e dous sacerdotes, mais todo detrás dunha gran cortina. Ao abrirse a escena, Altoum estará no seu trono; os doutores nos seus lugares; Pantalón e Tartaglia aos lados de Altoum; os gardas dispostos como no segundo acto²⁴⁹.)

ESCENA I

(Altoum, Pantalón, Tartaglia, doutores, gardas, despois Calaf.)

(Calaf sairá axitado, mirando ao redor receoso. Cando chegar á metade do escenario fará unha reverencia a Altoum, despois á parte.)

430 CALAF – Como? Todo o camiño sen problemas fixen, e inda que diante sempre tiña da morte a imaxe ninguén me feriu! Ou me enganou Adelma, ou Turandot soubo os nomes, a orde suspendeu da miña morte, e eu perdo o meu ben. Mellor sería a morte se verdade é a miña dúbida. *(Fica pensativo)*

431 ALTOUM – Fillo, ti estás, ben se nota, axitado. Quero verte sorrir, xa nada máis debes temer. Hoxe rematan as túas desgrazas. Sei segredos de xúbilo e de paz. A miña filla é xa a túa consorte.

²⁴⁹ En realidade como na escena segunda do segundo acto.

Mandoume tres mensaxes. Varias súplicas me dirixiu pedindo que a escusase de presentarse ante o Diván dos sabios e mais da voda. Podes ver que debes estar tranquilo e intrépido esperala.

432 PANTALÓN – *Certo, Alteza. Eu mesmo en persoa recibín dúas veces as ordes da princesa na porta do serrallo. Vestinme ás prásas e corrín. Había un airiño fresco²⁵⁰ que me treme aínda a barba, pero, en fin, nada. Confeso que me divertiu dabondo vela desesperada e pensar na ledicia que imos ter.*

433 TARTAGLIA – Eu estiven alí ás trece horas²⁵¹. Precisamente comezaba a romper o día. Retívome media hora cos seus rogos. Entre o frío e a rabia, creo que lle dixen algunha burrada. (*Á parte*) Daríalle unhas chaparretas²⁵².

434 ALTOUM – Non ves como se atrasa? Xa mandei ordes tallantes. Quero que ela veña como sexa ao Diván. Se se negase, mandei que á forza aquí fose traída. Motivos sóbranme para o enfado. Aquí vén. Véxoa aparecer ben triste. Sufra a vergonza que evitarlle quixen. Alegre, fillo!

²⁵⁰ A referencia á climatoloxía, especialmente nestas circunstancias e na forma en que se presenta co uso do diminutivo (*agerin*), forma parte das habituais grazas presentes nas intervencións dos personaxes da *commedia dell'arte*.

²⁵¹ Aproximadamente as oito da mañá (*vid.* nota a IV, v, 332).

²⁵² A expresión do anción Tartaglia é a propia de quen, dende a perspectiva dos anos, non ve en Turandot á súa princesa, senón a unha mocíña consentida. Esta perspectiva (xunto coa forma lingüística utilizada, *sculacciare*, no orixinal) ademais da compoñente cómica que engade á escena, contribúe ao retrato, en gran medida misóxino (como xa vimos), que fai o autor da protagonista da obra.

435 CALAF –

Señor, perdoade.
 Grazas vos dou, mais sospeitas atroces
 me fan sufrir e sufro por ser causa
 de que ela deba padecer violencia
 e vergoña. Mellor preferiría...
 Non son quen de dicilo! Se ela
 miña non for, non poderei vivir!
 Con tempo e con afecto poderei
 o seu odio vencer. Todo o meu peito
 será para ela. Desexarei sempre
 só o que ela quixer. Grazas e favores
 quen de min busque, non precisará
 de adultores nin de parasitos
 nin dos oficios de alleas mulleres,
 pois só da miña dona atenderei
 os rogos transmitidos. Fiel, constante
 sempre serei no seu amor. Xamais
 sospeitas lle darei. Non moito tempo
 transcorrerá quizais sen que me adore
 e se arrepiña do odio superado²⁵³.

436 ALTOUM –

Vamos, ministros meus, máis non se tarde.
 Que o templo sexa este Diván en que ela
 descubra que querer sei o que dixen²⁵⁴.
 A entrada sexa aberta a todo o pobo.

²⁵³ A declaración de Calaf correspóndese coa que faría o modelo gozziano de marido honesto, capaz de gañar o amor da súa dona. Lémbrese que na época os matrimonios entre os membros da nobreza ou os das clases adifneiradas eran vodas de conveniencia entre as familias. Tendo isto en conta, as palabras de Calaf éñchense dun novo significado. Na obra trátase da declaración dun namorado, mais a lección ideolóxica que Gozzi tenta transmitir a través delas é moito máis sutil: aos mozos cómprelles aceptar os matrimonios concertados polas familias, pois con perseveranza e respecto o amor acaba sempre por triunfar, como de feito sucederá na conclusión da obra (sobre os matrimonios concertados e a lenta mais crecente oposición a eles por parte dos mozos na segunda metade do século XVIII *vid.* Hunecke, «Essere Nobildonna nella Venezia del Sei de del Settecento», *op. cit.*).

²⁵⁴ É dicir: que Turandot vexa que son capaz de manter as miñas palabras (de que habería casar con Calaf mesmo á forza), aínda que a vexa sufrir.

Chegou o tempo de que a filla ingrata
un pouco pague todas as angustias
que sufriu o seu pai. Todos se alegren²⁵⁵!
Despois, a voda! Listo estea o altar!

*(Ábrese a cortina do fondo e vese o altar cos
sacerdotes chineses.)*

437 PANTALÓN – *Chanceler, xa vén, xa vén! Paréceme que chora.*

438 TARTAGLIA – O cortexo é certamente melancólico. Isto
máis que un matrimonio semella un funeral.

ESCENA II

*(Turandot, Adelma, Zelima, Truffaldino,
eunucos, escravas e devanditos.)*

*(Ao son dunha marcha lúgubre sae Turandot precedida polo cortexo
habitual. Todo o seu séquito levará algún sinal de loito. Realizaranse
todas as cerimoniais como no segundo acto. Turandot, tras subir ao
trono, manifestará sorpresa ao ver o altar e os sacerdotes. Todos estarán
nos seus lugares habituais como no segundo acto. Calaf permanecerá en
pé no medio.)*

439 TURANDOT – Descoñecido, estes lúgubres signos
e dos meus servos a tristura sei
que te contentan. Eu xa vexo o altar
disposto para a voda e me entristezo.
Cantos medios usar puíden usei

²⁵⁵ Ao ver que Turandot non foi quen de resolver o enigma de Calaf.

para vingarme da vergonza que onte
me provocaches²⁵⁶, mais á fin convenme
ceder ao meu destino.

440 CALAF –

Querería
poder mostrarvos o meu interior,
como a ledicia se enche de amargura
polo voso pesar. Non vos desguste
facer feliz aquel que vos adora;
sexa esta unión con recíproco amor!
Suplícovos perdón se, por amar,
perdón se debe pedir.

441 ALTOUM –

Non merece
ela, fillo, submisas verbas. Tempo
é xa da súa humillación. Resoen
alegres instrumentos, chegue a voda!

442 TURANDOT –

Non é o momento aínda. Máis vinganza
non podo ter que facerche pensar
que xa podes estar tranquilo e ledo,
para despois lanzarte, por sorpresa,
dende a ledicia á angustia. (*Ponse en pé*) Oíde
todos:

Calaf, de Timur fillo, do Diván
sae. Estes son os nomes que me constan.
Busca outra dona. Agora xa coñeces
todo o que Turandot chega a saber.

443 CALAF –

(*Pampo e apesarado*)
Pobre de min! Oh, deuses!

²⁵⁶ Ao resolver as tres adiviñas.

- 444 ALTOUM – (*Sorprendido*) Ai, que escoito!
- 445 PANTALÓN – *Recoiro! Amolounos de vez, chanceler!*
- 446 TARTAGLIA – Oh, por Berxingucino! Todo isto dóeme na alma.
- 447 CALAF – (*Desesperado*) Perdino todo. Quen me ha socorrer?
Ninguén pode axudarme! Eu de min mesmo fun o asasino e perdo o meu amor por exceso de amor. Mellor sería ter fallado onte²⁵⁷: agora esta cabeza xacería cortada e unha tal dor, peor que a mesma morte, estes meus membros non sentirían. E ti, Altoum piadoso, por que non esquecer a lei, deixando que eu morrese se os nomes Turandot chegaba a descubrir, que máis feliz²⁵⁸ sería agora? (*Chora*)
- 448 ALTOUM – Príncipe Calaf,
a ansia oprime a vellez... O impensable suceso é un cravo no peito.
- 449 TURANDOT – (*Baixo a Zelima*) Zelima,
sinto piedade. Defender non podo o meu corazón del.
- 450 ZELIMA – (*Baixo*) Vamos, cedede!
O pobo está que ferve.

²⁵⁷ Non ter resolto as adiviñas de Turandot.

²⁵⁸ O texto italiano non deixa lugar ás dúbidas sobre a quen se refire o adxectivo: en opinión do príncipe, o feito de velo morto faría aínda máis feliz (*allegra*) a Turandot.

- 451 ADELMA – (*Para sí*) Este é momento
de vida ou morte.
- 452 CALAF – (*Delirando*) Un soño isto paréceme...
Non dubides. (*Furioso*) Tirana, dime logo:
non ver a morte de quen tanto te ama
desgústate quizais? Quero que gañes
tamén a miña vida. (*Furibundo achégase ao
trono de Turandot*) Mira ante ti,
ante os teus pés, vítima infortunada,
este Calaf que coñeces e que odias,
e que o ceo e o destino tamén odian,
que en desesperación, fóra de si
expira ante os teus ollos. (*Saca un puñal; está
a punto de se ferir; Turandot descende precipi-
tadamente do trono e impídello*)
- 453 TURANDOT – (*Tenramente*) Mais, que fas?
- 454 ALTOUM – Que vexo!
- 455 CALAF – (*Sorprendido*) Impides, Turandot, a morte
que tanto anhelas? Es capaz dun acto
piadoso! Ai, non, bárbara, ti queres
que eu sen ti viva, que en medio de angustias
e infinitos tormentos siga vivo.
Desapiadada non sexas, permíteme
saír desta miseria; e se es capaz
dun pouco de piedade, en Pekín sei
que está Timur, meu pai, sen reino, pobre
e perseguido. Inutilmente quixen
este infeliz desgrazado axudar.
Para el reserva a túa compaixón;

déixame a min morrer. (*Quere matarse; Turandot impidello*)

456 TURANDOT – Non, non, Calaf.
Ti vivir debes para min. Vencíchesme²⁵⁹.
Vai onda os prisioneiros, vai, Zelima,
consola o pobre ancián e o seu ministro
fiel, a túa boa nai consola²⁶⁰.

457 ZELIMA – Con mil amores! (*Entra*)

458 ADELMA – (*Con entusiasmo, para si*) É tempo de morte;
esperanza non hai.

459 TURANDOT – Eu vencinte
só por un desvarío. Revelaches
á miña escrava Adelma, nun delirio,
esta noite, os dous nomes propostos
e eu sóbenos. O mundo todo saiba
que non son capaz eu dunha inxustiza,
e sabe que a beleza dos teus membros,

²⁵⁹ As virtudes de Calaf conseguen finalmente facer que en Turandot triunfen as súas calidades sobre os seus sentimentos negativos. A mensaxe xenérica do texto semella evidente: a persoa virtuosa sempre se ve recompensada, mais debe someterse ao destino que lle depare Deus e non rebelarse ante os acontecementos, por moi inxustos que estes lle parezan (como máis adiante se declara explicitamente: V, II, 480), pois escapan á comprensión humana. A mesma idea, como xa se sinalou, é aplicable ás relacións entre súbditos e soberanos (I, I, 21). A conclusión no texto fonte é moito máis rápida. A prolongación dos feitos introducida por Gozzi serve para subliñar o carácter inestable e caprichoso da princesa. Na fonte, tras a resolución do enigma do nome de Calaf por parte de Turandot, a situación resólvese do seguinte xeito: «Belle princesse, lui [Calaf] dit-il, vous êtes dans l'erreur, si vous croyez avoir bien répondu à ma question; le fils de Timurtasch [Timur; Calaf refírese a si mesmo] n'est point comblé de joie et de gloire; il est plutôt couvert de honte et accablé de douleur. —Je conviens, dit la princesse [Tourandocte], que vous n'êtes point comblé de joie et de gloire en ce moment; mais vous l'étiez quand vous m'avez proposé votre question: ainsi, prince, au lieu d'avoir recours à de vaines subtilités, avouez de bonne foi que vous avez perdu les droits que vous aviez sur Tourandocte. Je puis donc vous refuser ma main, et vous abandonner au regret de l'avoir manquée: cependant, je veux bien vous l'apprendre, et le déclarer ici publiquement, je suis dans une autre disposition à votre égard; l'amitié que le roi mon père a conçue pour vous et votre mérite particulier me déterminent à vous prendre pour époux.» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebag), *op. cit.*, p. 262).

²⁶⁰ Respectivamente: Timur, Barach e Schirina.

o teu xentil aspecto penetraron
 neste peito, abrandaron o meu seo.
 Vive e presume, pois a túa esposa
 é Turandot.

- 460 ADELMA – *(Para si, con dor)* Oh, sufrimento extremo!
- 461 CALAF – *(Botando ao chan o puñal)* Vivir permíteme,
 ledicia extrema!
- 462 ALTOUM – *(Descendo do trono)* Miña filla querida, toda a
 dor
 che perdoo. Con esta decisión
 todas as túas ofensas compensas.
- 463 PANTALÓN – *Voda, voda! Señores doutores, deixen sitio.*
- 464 TARTAGLIA – Retírense á parte traseira²⁶¹ do Diván.
(Os doutores retíranse para atrás)
- 465 ADELMA – *(Adiántase furibunda)* Si, si, vive, cruel, alegre
 vive
 coa que é a miña inimiga. E ti, princesa,
 sabe que eu te odio e que os manexos meus
 foron só por casar con quen, hai anos,
 na miña corte xa adorei. Tentaba,
 esta noite, axudarte simulando,
 fuxir con el, e pinteite malvada:
 todo foi van. Dos seus labios saíron
 só por casualidade eses dous nomes.

²⁶¹ O adxectivo «traseira» tenta traducir o xogo de palabras xocoso implícito no italiano *diretana*, forma feminina de *diretano*, é dicir, 'traseiro, cu', adxectivo e/ou substantivo de uso coloquial (*vid.* a última nota a II, v, 119).

Cando chos descubrín, tiña a esperanza
 que o botarías e así poder inda,
 para fuxirmos xuntos, convencelo.
 Para o meu mal, ámate demasiado.
 Todo foi van; non fica xa esperanza.
 Só me queda un camiño e seguireino.
 Nacín de sangue real. Avergónome
 de vivir ata agora na cadea
 da escravitude. Es persoa cruel
 que aborrezo. Ti quitáchesme o pai,
 os irmáns, a nai, as irmás, o reino,
 tamén o meu amor. Saia de tantos
 sufrimentos Adelma! Toma o resto
 da miña estirpe: que o meu sangue lave
 a humillación sufrida! (*Recolle o puñal de
 Calaf. Despois, furibunda*) Este é o ferro
 que lle evitaches ao peito do esposo
 para que eu me matase. O pobo vexa
 se sei da escravitude liberarme!
 (*Con ademán de se ferir. Calaf impidello*)²⁶²

466 CALAF –

Detente, Adelma!

467 ADELMA –

Déixame, tirano... (*Con
 voz chorosa*)Déixame, ingrato... eu quero morrer. (*Revól-
 vese para se matar. Calaf quitalle o puñal*)

²⁶² Na *Histoire du prince Calaf..* Adelma (Adelmulk) consegue suicidarse. Gozzi evita a situación para impedir que un feito tan truculento (e contra a doutrina cristiana) teña lugar ante o público e que quede afectada a conclusión feliz da obra: «En achevant ces mots, elle [Adelmulk] tira de dessous sa robe un *cangiar*, et se le plongea dans le sein. [...] Toute l'assemblée frémit à cetta action. Altoun-Kan en fut saisi d'horreur, Calaf sentit diminuer sa joie, et Tourandocté, en jetant un grand cri, descendit de son trône pour aller secourir la princesse esclave, et l'empêcher de périr, s'il était possible [...] En achevant ces mots, elle [Adelmulk] fit un profond soupir et expira.» (Pétis de La Croix, François, *Les mille et un jours. Contes persans* (texte établi... par Paul Sebagn, *op. cit.*, pp. 264-265).

468 CALAF –

Non.

Ti es a fonte de todos os meus bens.
 Útil foi a traizón. Desesperoume
 tanto que o corazón amolecín
 de quen me odiaba e faime feliz hoxe.
 Perdóame este amor que non son quen
 de domear. Non me chames ingrato:
 se outra dona puidese amar, serías
 ti, xúrocho.

469 ADELMA –

(*Botándose a chorar*) Non, digna xa non son
 da túa man.

470 TURANDOT –

Adelma, que paixón
 te encheu!

471 ADELMA –

Ti ben coñeces as desgrazas
 que sufrín. Sabe agora que me quitas,
 co namorado, tamén a esperanza.
 Traidora son por el, e el non me deixa
 maneira de vingarme. A liberdade
 devólveme. Permíteme fuxir,
 errante, de Pekín. Non me castigues
 coa crueldade última de ver nos brazos
 do meu Calaf a Turandot. Recórdoche
 que un corazón celoso todo pode,
 todo intenta: segura non estás
 onde se atopa Adelma. (*Chora*)

472 ALTOUM –

(*Á parte*) Compadézote,
 malpocada princesa.

473 CALAF –

Adelma, deixa
 de chorar. Podes ver que en situación

agora estou de compensar en parte
o que obtiven por ti. Esposa, Altoum,
que a esta infeliz princesa se lle dea
agora a liberdade vos suplico.

474 TURANDOT – Pídovolo eu tamén, pai. Doume conta
que son para ela un obxecto cruel
que soportar non pode. A confianza
depositada nela foi en van.
O odio tiña agachado. Turandot
non podería serlle nunca amiga,
ela non o crería, só señora.
Libre sexa, e se máis favores pode
obter, pai, a Calaf, o meu esposo,
e a min, a vosa filla, outorgádellelos.

475 ALTOUM – En día tan feliz as miñas grazas
non quero limitar. Tamén desexo
dela a miña ledicia. A liberdade
non baste: teña reino e mais esposo
que con ela governe²⁶³ con prudencia
e non con cega e mal fundada audacia.

476 ADELMA – Señor... confusa estou polos remorsos...
polo amor oprimida... os beneficios
non son quen de medir. Quizais o tempo
despexe a miña mente... Capaz son
só de pranto, non podo máis contelo.

²⁶³ Na mesma situación que Turandot, é dicir, sendo herdeira dun trono, Adelma deberá casar cun home que exerza a autoridade. Como xa se viu antes, a visión misóxina de Gozzi (non infrecuente en absoluto na época, aínda que a Ilustración comezou a modificar o rol da muller na sociedade) impídelle aceptar que unha muller poida asumir por si soa unha responsabilidade de importancia.

- 477 CALAF – Pai, en Pekín estás? Onde é que podo atoparte, abrazarte, e de alegría encherche o peito?
- 478 TURANDOT – Está o teu pai comigo, e cheo de alegría. Non me obrigues a desvelar os meus turbios manexos ante todos: de min mesma comigo me avergoño²⁶⁴. Máis tarde contareicho.
- 479 ALTOUM – Timur, contigo! Calaf, alédate! Este imperio xa é teu. Timur se alegre. O seu reino xa é libre. Saber debes que o cruel sultán de Carizmo²⁶⁵, un tirano insoportable, foi, polos teus súbditos, asasinado²⁶⁶. Un fiel ministro teu custodia o cetro e aos monarcas manda secretamente a túa descrición e a do teu pai, chamando para o trono a quen dos dous viva²⁶⁷. Neste papel a conclusión podes ler das desgrazas. (*Dálle un papel*)

²⁶⁴ O orixinal italiano *di me medesma meco arrossisco* é unha imitación do famoso verso de Petrarca *di me medesmo meco mi vergogno* (*Canzoniere*, I, v. 11). Este tipo de citas, como xa se puido comprobar noutras ocasións, non son raras en Gozzi, ardente defensor da tradición dos clásicos italianos fronte ás novidades literarias importadas dende Gran Bretaña ou, fundamentalmente, Francia.

²⁶⁵ O usurpador do trono de Timur e causante da fuxida de toda a súa familia.

²⁶⁶ Gozzi era un conservador, un defensor convencido dos poderes establecidos. Na súa mentalidade, de todos os xeitos, os gobernantes eran, por natureza, xustos e bos, polo que ante a aberración dun cruel tirano (por outra banda, usurpador dun trono que non lle correspondía —ao respecto véxanse as notas seguintes—) podía aceptar unha revolta popular (en realidade motivada tamén pola fidelidade ao lexítimo monarca), especialmente se tiña lugar nun reino ucrónico, pagán, exótico e moi, moi afastado.

²⁶⁷ A actitude do ministro é a única aceptable para Gozzi, pois só pode ocupar o trono a persoa lexítimamente designada pola vontade divina.

480 CALAF –

(Despois de observar o papel)

Deuses dos ceos, pode isto ser certo?
Turandot... oh, señor... Mais, entusiasta
por que son cos mortais? Este entusiasmo
sexa para vós, deuses; a vós alzo
as mans en bendición. Máis desventuras
e máis amargas das sufridas, pídovos.
A vós, que contra todo pensamento
todo podeades cambiar, perdón pido
polos lamentos meus, e se o sufrir
fixo que algunha vez desesperase
da omnipotente man da providencia,
a vós pido perdón e choro o erro²⁶⁸.

(Todos os presentes estarán conmovidos e chorarán)

481 TURANDOT –

Ninguén amargue máis a miña voda.

(En actitude reflexiva) Calaf, por min, a súa
vida arrisca.

Un ministro fiel afronta a morte
polo señor seu. Preserva outro o trono,
podendo ser rei, para o seu monarca.

Un vello polo fillo vin á morte
disposto, e unha muller, que ao meu carón
tiña máis como amiga que criada,
maquinar contra min unha traizón.

²⁶⁸ A mensaxe de Calaf, aínda que pagán, constitúe unha evidente declaración da ideoloxía de Gozzi e unha clara mensaxe para o público (nunha das moitas intervencións aleccionadoras presentes nas súas obras): cómpre resignarse ante a vontade de Deus, aínda que sexa incompreensible, porque sempre ten unha motivación e, en todo caso, non está nas mans dos homes oporse aos seus desígnios. Divulgando esta premisa, Gozzi afirma a máis conservadora das ideoloxías, pois sostén a ilexitimidade de calquera movemento tendente a modificar a orde social e política, reflexo directo da vontade divina.

Ceos, polo odio contumaz que tiven
 polos varóns, polo miña crueldade
 ata este día, pídovos perdón²⁶⁹.

(*Adiantándose*) Saiba esta amable grupo de
 varóns
 que eu quero a todos. O arrepentimento
 meu de perdón algún sinal mereza²⁷⁰.

²⁶⁹ Turandot, «en actitude reflexiva» (o particular é de importancia), pecha a obra cun resumo dos valores sostidos polo autor (coraxe, familia, fidelidade e aceptación do estamento social e político a que se pertence), mais reafirmando tamén a misoxinia gozziana ao lembrar a traizón de Adelma e ao pedir perdón pola súa irracional obstinación ao rexecitar o matrimonio. «Turandot fa il bilancio della sua storia, osservando che, mentre una donna, che credeva amica, l'ha tradita, tutti gli uomini invece le hanno dato prove varie di amore, disinteresse, fedeltà; si riconcilia così col sesso maschile, di cui riconosce i meriti.» (Petronio, p. 333).

²⁷⁰ A actriz que encarna a Turandot, conclúe a obra coa solicitude, frecuente nas obras de Gozzi e no teatro da época en xeral, do aplauso do público.

Volume Primeiro

INTRODUCCIÓN

O teatro italiano no século XVIII e a reforma goldoniana

Carlo Gozzi: a persoa, o polemista, o escritor

A ‘contrarreforma’ teatral de Carlo Gozzi: os ‘contos teatrais’

A *fiaba* de Turandot

A tradición textual e os materiais do Fondo Gozzi

As fontes

Mulleres, homes e un eunuco: a creación do mito

A estrea: o teatro, a compañía, os actores, a acollida do público

Bibliografía esencial sobre *Turandot* (bibliografías, edicións, traducións e estudos)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

APÉNDICE

Primeiras versións da *Prefazione a Turandot* no Fondo Gozzi

As adiviñas inéditas do Fondo Gozzi

O prólogo

ÍNDICE

Volume Segundo

NOTA AOS TEXTOS	7
A versión galega	9
Cuestións xerais	9
A versificación	11
Instrumentos lexicográficos e ortográficos.....	13
O texto italiano	14
Cuestións xerais	14
O aparato crítico.....	18
<i>TURANDOT</i> , de Carlo Gozzi (texto crítico italiano)	25
<i>TURANDOT</i> , de Carlo Gozzi (tradución galega)	173

ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO DE LUGAMI
EN BETANZOS O 5 DE
NOVEMBRO DE 2007



LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA (Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR (Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE (Edición de Emilio Xosé Ínsua López) –Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero) –Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA (Edición bilingüe de Fernando González Muñoz) –Esgotado–
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (TRES TEXTOS DRAMÁTICOS) (Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO (Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO (Edição de M^a Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. Goretta Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA* e *MARÍA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO (Edição de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretta Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edição de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edição de Eisenhower Moreno)
23. Joan Guasp: O VENDEDOR DE AMENDOÍNS (Ed. bilingüe de Xesús González Gómez)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO *CANCIONEIRO GERAL* DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL
28. Francisco Gomes de Amorim: FIGADOS DE TIGRE (Edição de Carme Fernández Pérez-Sanjulián)
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES (Edición de Xoán Carlos Lagares)
30. Manuel María: EDIPO (Edición de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA (Edición bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: INSOMNES
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontañá)
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL
35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TREATRO BREVE
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO S. XX
37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE
38. Xesús Písón: NOITE INVADIDA
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÊS: ESTRUCTURA E TRANSVERSALIDADE
40. Afonso Becerra de Becerred: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO)
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924) (Edición de Silvana Castro García)
42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS (1997-2005)
43. Marica Campo: CONFUSIÓN DE MARÍA BALTEIRA (Edición de María Pilar García Negro)
44. Manuel Lugo Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA (Edición de Teresa López)
45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI (Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez)
46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO (Edición de Xoán López Viñas)
47. Manjula Padmanabhan: LUCES FÓRA! (Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (TEATRO REUNIDO)
49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ (Edição de Evelina Verdelho)
50. Aristóteles: POÉTICA (Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz)
51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)